

ACTA NÚM. 2 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA TRINTA DE XANEIRO DE 2015.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas** do día **trinta de xaneiro de 2015**, reúnese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, **Alcalde-Presidente**.

CONCELLEIROS/AS:

Grupo Municipal PP:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Don Luís Meijide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Dona Marta González Vázquez.
Don Ramón Quiroga Limia.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona María José Corral López.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.

Grupo Municipal PSdeG-PSOE:

Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.

Don Álvaro González Álvarez, *toma posesión do cargo de concelleiro no punto núm. 4 desta sesión.*

Grupo Municipal BNG:

Don Rubén Cela Díaz.

Dona Elvira Cienfuegos López.

Don Rafael Xesús Vilar González.

Don Vicente Calvo del Castillo, **Interventor do Concello.**

Juan Manuel Salguero del Valle, **Secretario do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria urxente do día 19 de decembro de 2014 (núm. 18/14).
2. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 26 de decembro de 2014 (núm. 19/14).
3. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria urxente do día 5 de xaneiro de 2015 (núm. 1/15).
4. Toma de posesión do concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don Álvaro González Álvarez.
5. Aprobación definitiva do plan especial de protección e acondicionamento do parque arqueolóxico da Rocha (PE-7R).
6. Aprobación provisional da modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) relativa ao incremento de densidade dos solos urbanizables non delimitados (SUND).
7. Aprobación definitiva da declaración de necesaria ocupación de bens para a execución do proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre.

8. Aprobación de Protocolo entre a USC e o Concello de Santiago de Compostela que fixe as condicións de modificación da ordenanza OE-5, a redactar polo concello en base ás propostas acordadas coa USC para xestionar o alleamento de parcela de titularidade universitaria coñecida como Hospital Provincial.

9. Ratificación do catálogo de condicións que rexerán na xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago.

10. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre o cumprimento dos requisitos marcados pola Lei de Transparencia.

11. Dar conta de acordo da Xunta de Goberno, relativo á delegación de competencias.

12. Dar conta de resolucións da Alcaldía de delegacións.

13. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

14. Rogos e preguntas.

15. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Cumpríméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2014 (NÚM. 18/14).

Aberto o acto, **o Sr.alcalde-presidente**, en cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e o artigo 63 do Regulamento Orgánico do Pleno da Cidade de Santiago de Compostela, pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión extraordinaria e urxente do día 19 de decembro de 2014**.

Non presentándose ningunha observación e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros presentes aprobar a acta núm. 18/14, correspondente á **sesión extraordinaria e urxente do 19 de decembro de 2014**.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2014 (NÚM. 19/14).

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e o artigo 63 do Regulamento Orgánico do Pleno da Cidade de Santiago de Compostela, pregunta aos/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta núm. 19/14, correspondente á **sesión ordinaria do día 26 de decembro de 2014**.

O **Sr. alcalde-presidente** pregunta se queren presentar algunha observación á acta que se presenta a aprobación.

Polo **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, faise constar que na páxina nº 13, na oitava liña do segundo parágrafo:

Onde di: “deses oito aparcadoiros somentes existen tres, **levados a cabo en xullo de 2011**”.

Debe dicir: “deses oito aparcadoiros somentes existen tres, **levados a cabo antes de xullo de 2011**”.

Non presentándose ningunha observación máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros presentes aprobar a acta núm. 19/14, correspondente á **sesión ordinaria do 26 de decembro de 2014**.

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE DO DÍA 5 DE XANEIRO DE 2015 (NÚM. 1/15).

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e o artigo 63 do Regulamento Orgánico do Pleno da Cidade de Compostela, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta aos/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación á acta correspondente á **sesión extraordinaria e urgente do día 5 de xaneiro de 2015**.

Non presentándose ningunha observación, e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade aprobar a acta

núm. 1/15, correspondente á **sesión extraordinaria e urxente do 5 de xaneiro de 2015**.

4. TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, DON ÁLVARO GONZÁLEZ ÁLVAREZ.

Preséntase ao pleno a credencial de concelleiro de don Álvaro González Álvarez, en substitución de dona Mercedes Rosón Ferreiro e previa renuncia anticipada de Dona Beatriz Acuña Álvarez, expedida pola Xunta Electoral Central.

Polo **Sr. secretario** afírmase que queda acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación electoral, en canto á presentación das credenciais, así como as declaracións de bens e intereses. Sinalase que o artigo 108 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral establece que no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas leis e regulamentos específicos.

Acto seguido indicase que tomara posesión o **Sr. D. Álvaro González Álvarez** designado ao abeiro do disposto no artigo 182.1 da LOREG., e segundo credencial expedida con data 13 de xaneiro de 2015 por D. Carlos Granados Pérez, Presidente da Xunta Electoral Central.

O **Sr. González Álvarez** promete cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia.

5. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PARQUE ARQUEOLÓXICO DA ROCHA (PE-7R).

* O informe-proposta do 19 de xaneiro de 2015 que emitiu a xefa de sección de xestión urbanística que leva o visto e prace do director técnico da área de desenvolvemento urbano e sostible, e ao que deu a súa conformidade a concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible é o que a seguir se transcribe:

“I. Obxecto e contido do Plan especial

O Plan especial de referencia fórmase polo Consorcio de Santiago de Compostela, a través dun equipo técnico contratado a tal fin (rvr arquitectos), en desenvolvemento

das determinacións sinaladas polos artigos 81 e 90 do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), este último –o 90– co contido que de seguido se transcribe:

Artigo 90. PE-7R. Plan especial de protección e acondicionamento do parque arqueolóxico da Rocha

- 1. No ámbito delimitado nos planos de ordenación correspondente ao castelo da Rocha e o seu contorno desenvolverase un Plan especial de protección e acondicionamento.*
- 2. O obxectivo deste Plan especial é a recuperación e posta en valor dos restos arqueolóxicos do castelo da Rocha e dos elementos territoriais a el asociados, creándose un parque arqueolóxico no que se permita a observación, análise e estudo dos citados bens culturais.*
- 3. O programa a desenvolver por este Plan incluírá a organización de accesos, as áreas de recepción e a organización e integración de áreas estanciais. Neste sentido na área cualificada como dotacional permítese a edificación nunha ocupación igual ao 10% da súa superficie e unha altura máxima debaixo e unha planta, respectando o sistema de muros perimetrais actualmente existentes.*
- 4. En tanto non se aprobe o correspondente Plan especial, os terreos terán a clasificación de solo rústico de protección do patrimonio cultural coas limitacións que dimanen da LOUG.*

O Plan especial 7R participa da dobre natureza de Plan especial de protección dunha área de singular interese cultural e paisaxístico, así como da inherente aos Plans especiais de infraestruturas e dotacións regulados polo artigo 71 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), tal e como resulta do propio teor literal do artigo 81.1 da normativa do Plan xeral.

O contido e nivel de determinacións dos Plans especiais de protección serán os que resulten axeitados á súa natureza e finalidade, de acordo coas previsións do Plan xeral e co sinalado polo artigo 68.3 da LOUG. Por outra banda, corresponde aos Plans especiais de infraestruturas e dotacións a delimitación dos espazos reservados a tal fin, coa definición do seu concreto destino urbanístico, así como o establecemento das medidas que resulten precisas para garantir a súa funcionalidade, accesibilidade e integración no territorio.

O documento presentado contén memoria de información e de ordenación, normas urbanísticas para o seu desenvolvemento, e avaliación económica das actuacións propostas, incluído o custo de adquisición dos bens e dereitos afectados.

O Plan especial contén, no epígrafe 5.2. da súa memoria de ordenación os obxectivos e criterios xerais da ordenación proxectada, propoñéndose a ampliación do ámbito delimitado polo PXOM, como de seguido se describe:

- Incorporáanse os terreos situados na marxe norte do regato do Vilar, no tramo comprendido entre a vía férrea e a desembocadura no río Sar, co obxecto de salvar o noiro existente e crear unha senda paralela ao regato, sen afectar aos restos da canle do muíño, ás terrazas nin ao arborado existente.

- Incorporáanse os terreos situados na marxe leste do río Sar, co obxecto de recuperar o trazado do antigo camiño de Escorredía, que se estima máis idóneo que o proposto polo Plan xeral para garantir a accesibilidade peonil ao parque e a súa conexión co Camiño Portugués e co castriño de Conxo, acollendo así o criterio manifestado polo órgano ambiental na súa Decisión do 6 de outubro de 2011.

Os axustes propostos atópanse xustificados na memoria do Plan especial, así como no informe técnico asinado pola arquitecta municipal de Planeamento, e teñen o seu abeiro legal na propia capacidade de ordenación atribuída aos Plans especiais de protección e de dotacións polos artigos 69 e 71 da LOUG. En concreto, o apartado 2 do artigo 69 habilita aos Plans especiais de protección para afectar a calquera clase de solo e para establecer as medidas precisas a fin de garantir a conservación e recuperación dos valores que se deben protexer, impondo as limitacións que resulten necesarias, mesmo con prohibición absoluta de construír. Pola súa banda, o artigo 71 confía aos Plans especiais de infraestruturas e dotacións o establecemento das medidas necesarias para garantir a súa axeitada integración no territorio, e o seu enlace coa rede viaria e demais dotacións urbanísticas, existentes ou previstas.

O Plan especial zonifica o seu ámbito nas seguintes áreas de ordenación:

- Área de protección arqueolóxica do Castelo (APA), que comprende as ruínas do castelo e o seu contorno inmediato, no que se autorizarán as actuacións de recuperación, restauración, consolidación e mantemento do xacemento arqueolóxico, así como, de ser o caso, os traballos de musealización dos restos e de mellora da accesibilidade e seguridade dos visitantes.

- Área de posta en valor do contorno da zona arqueolóxica (PVPA), na que só se permiten as actuacións tendentes á posta en valor, protección e adecuación para visita pública do xacemento arqueolóxico, incluíndo ás construcións precisas para o peche do ámbito e a creación dun punto de observación elevado.

- Zona de agras e cultivos (ZAC), integrada polas zonas de cultivo situadas no contorno do xacemento e da súa área de posta en valor, nas que se prohíbe calquera alteración das condicións naturais do terreo ou da topografía.

- Zona de equipamentos ou dotacional (ZEQ), situada na esquina suroeste do ámbito, fronte á rúa do Churruchao, destinada a aparcadoiro e construción de edificacións dotacionais vinculadas ao parque arqueolóxico. A edificación que se constrúa nesta zona, ademais de respectar as condicións de edificación sinaladas pola LOUG para o solo rústico, non poderá ocupar máis do 10% da superficie cualificada como ZEQ, nin superar a altura máxima de baixo e unha planta.

- Terreos da ribeira do Sar e do regato do Vilar (RSV), nos que só se autorizan actuacións de recuperación da calidade das augas e da vexetación do contorno.

- Área de rexeneración do antigo camiño de acceso ás parcelas de Escorredía e do contorno do regato do Vilar (REV), que constitúe o itinerario peonil de acceso dende o norte. Comprende o antigo camiño situado na marxe leste do río Sar que daba acceso ás parcelas da Escorredía, e que comunica o muíño existente co tramo do Camiño Portugués situado entre a Ponte Vella e o viaduto da Rocha, así como o situado na marxe norte do regato do Vilar. Nesta zona propónse a recuperación do trazado dos antigos camiños existentes, se ben resulta necesario prever a posibilidade de axustar o trazado proposto en fases posteriores, á vista do estudo máis detallado do terreo e das propiedades afectadas.

- Camiños interiores -de acceso rodado e de acceso peonil- (CP)

A aprobación definitiva do Plan especial implica, consonte ao disposto polos artigos 98 da LOUG e 29 do RD lexislativo 2/2008, a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación, para os efectos de expropiación ou imposición de servidumes, dos bens e dereitos que resulte preciso obter para executar as determinacións do plan.

No plano de ordenación O.3 reflíctense as parcelas de necesaria incorporación ao dominio público, que poderán obterse por expropiación ou por calquera dos outros procedementos previstos na lexislación aplicable. A execución da ordenación proposta require a obtención, a través de calquera dos procedementos habilitados para o efecto, dos terreos cualificados como APA, PVPA, ZEQ e REV, así como aqueles outros que integran a rede de accesos interiores do ámbito, na medida en que non sexan xa de titularidade pública. Tanto na zona REV como na que corresponde aos itinerarios de acceso interiores, prevese a posibilidade de axustar o ámbito da expropiación ao que

resulte do trazado definitivo dos respectivos camiños, o que haberá de concretarse nos posteriores proxectos de execución (6.1.8).

II. Resultado do trámite de información pública

O procedemento aplicable para a aprobación do Plan especial é o regulado polo artigo 86 da LOUG, sen sometemento a avaliación ambiental estratéxica, ao terse declarado a súa non necesidade mediante Decisión do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 6 de outubro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 21 de novembro de 2013, aprobou inicialmente o Plan especial, se ben condicionou a apertura do trámite de exposición pública á emenda das deficiencias sinaladas no mesmo acordo.

Con data 9 de decembro presentouse un documento reformado, ao que se incorporaron as correccións requiridas no acto de aprobación inicial. Nembargante, e segundo consta nun informe asinado o 17 de decembro, ao detectarse un erro no plano O3 do documento reformado, procedeuse a substituír este polo mesmo plano do documento que fora presentado o 29 de outubro.

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 86.1.a) da LOUG, o expediente someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia nº 26 do día 7 de febreiro de 2014, así como nos xornais *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego* da mesma data. Simultaneamente, practicouse notificación persoal aos propietarios de todas as parcelas afectadas, segundo figuran no Catastro, e publicouse o correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia nº 13, de data 21 de xaneiro de 2014.

Durante o trámite de información pública presentáronse un total de 7 escritos de alegacións, que son obxecto de análise pormenorizada nun informe presentado o 20 de xuño polo equipo redactor do Plan.

Deseguido resúmese o contido das alegacións presentadas, e inclúese unha resposta individualizada ás diferentes cuestións alegadas, agás as que se refiren á titularidade das parcelas afectadas, que serán obxecto dunha resposta conxunta ao final deste apartado.

1. Alegacións presentadas por D. JOSE MARÍA e D. GABRIEL VIEITES FERNÁNDEZ

Os interesados achegan documentación xustificativa dos seus dereitos hereditarios sobre as parcelas catastradas a nome de D. José M^a Vieites Casas e D^a. M^a Josefa Fernández Nogueira, así como da que figura a nome de D^a. Elena Vázquez Paderne.

Os alegantes entenden que a afección das súas propiedades polo Plan especial, ademais de limitar o seu uso, determina a súa expropiación por un valor notablemente inferior ao que tiñan no anterior Plan xeral de ordenación municipal.

Resposta

O Plan especial límitase a desenvolver neste punto as determinacións do Plan xeral de ordenación municipal, aprobado e en vigor, que clasifica os terreos como solo rústico e os inclúe no ámbito do Plan especial 7R, ao quedar integrados na área de respecto do xacemento. A súa afección resulta necesaria para organizar a zona de estacionamento e recepción do parque, en contacto co viario existente (rúa do Churruchao).

A valoración do solo afectado haberá de efectuarse de conformidade coa normativa que resulte aplicable cando se inicie o procedemento para a súa obtención. No momento actual, o Real decreto lexislativo 2/2008 impón a valoración do solo *segundo a súa situación* real (artículo 22.2), na marxe da súa clasificación ou categorización urbanística, habendo de definirse o seu estado –rural ou urbanizado- consonte aos criterios sinalados polo artigo 12 do antedito Real Decreto.

Polo que atinxe á titularidade das parcelas afectadas, remitímonos ao sinalado ao final deste epígrafe.

2. Alegación formulada por D. AQUILINO MATO ROUCO

O alegante manifesta ser propietario da parcela catastral 58 do polígono 174, e solicita a súa expropiación íntegra por considerar antieconómico o mantemento da porción restante, non cualificada para uso público.

A solicitude presentada haberá de avaliarse no futuro procedemento de expropiación, debendo o interesado solicitar nese momento a expropiación íntegra da parcela, segundo prevé o artigo 23 da Lei de expropiación forzosa.

3. Alegación presentada por D. JESÚS NOYA LÓPEZ

O interesado alega ser propietario de varias parcelas catastrais, que conforman un predio coñecido como *Agro da Carmela*, cualificado polo Plan especial como “*Terreos da ribeira do Sar e do regato do Vilar*” (RSV).

O alegante manifesta que existen erros na identificación da traza do camiño existente, e solicita que se elimine a súa protección con base nos motivos polos que o mesmo Plan especial descartou a súa rehabilitación.

Resposta

O vixente Plan xeral de ordenación municipal clasifica a propiedade do alegante como **solo rústico de especial protección**, incluíndo parte daquela no ámbito do PE-7R co obxecto de garantir o acceso ao Parque arqueolóxico a través dunha senda que cruza os terreos do interesado.

Durante o proceso de formulación do Plan especial, e a resultados dos criterios sinalados polo órgano ambiental, decidiuse recuperar o trazado dun antigo camiño que discorre ao leste do río Sar, e que permite a conexión co Camiño Portugués.

Coa previsión deste itinerario de acceso, resulta innecesaria a execución do proposto polo Plan xeral, mais isto non altera o feito de que os terreos afectados foron incluídos polo PXOM no ámbito do PE-7R, de xeito que non poden ser excluídos do seu ámbito de ordenación detallada.

O Plan especial suxeita os terreos á ordenanza RSV, cuxas condicións son asimilables ás do solo rústico de protección de augas.

4. Alegacións presentada por D. CARLOS DELGADO FERNÁNDEZ, en nome e representación da Asociación Cultural Rocha Forte

Na memoria do Plan especial non se contemplan as intervencións arqueolóxicas xa realizadas no castelo, cuxo custo haberá de eliminarse do presuposto de execución, derivando o importe executado a financiar outras actuacións, como as que se propoñen na alegación.

Tampouco se contemplan as obras de instalación do novo colector de saneamento que se están a executar no contorno do castelo, as cales ocupan unha franxa de 6 metros de servidume permanente a carón do regato do Vilar, que sería conveniente incorporar ao dominio público, ampliando así a delimitación dos terreos de necesaria obtención.

Consecuentemente propoñen as seguintes actuacións:

- Executar sondeos e intervencións arqueolóxicas a fin de acadar unha delimitación definitiva do xacemento arqueolóxico.

Resposta. O Plan especial xa prevé nas súas ordenanzas (6.2.1) a posibilidade de ampliar a área de protección se así viñese imposto polo resultado das intervencións arqueolóxicas.

- Incorporar ao ámbito do Plan especial o muíño de Escorredía, coa súa canle e presa, así como o muíño do Ribeiriño, a fin de realizar traballos de conservación e restauración.

Resposta. Os elementos citados atópanse no ámbito doutro Plan especial de protección (o 4R), cuxo obxectivo é precisamente o acondicionamento, posta en valor e reuso dos elementos característicos do río e o seu contorno. Este obxectivo é distinto do asignado polo Plan xeral ao PE-7R, que se concentra na recuperación e posta en valor dos restos arqueolóxicos do castelo, de xeito que a afección dos terreos lindantes co río Sar e co regato do Vilar limitase á ordenación dos itinerarios de acceso ao xacemento.

- Localizar os restos da antiga pontella da Ribeiriña, así como dos camiños que se achegaban a ela dende a Rocha e Poza Real, co obxecto de garantir a súa incorporación ao dominio público no desenvolvemento do Plan especial.

Resposta. Esta actuación corresponde tamén ao ámbito de ordenación do PE-4R.

- Prever novos accesos ao castelo a través da franxa de servidume permanente do colector, trazando un itinerario peonil á beira do regato do Vilar dende a rotonda da rúa do Churruchao ata o xacemento, con dúas pontellas.

Resposta. A execución do colector pola Confederación Hidrográfica supuxo o establecemento dunha servidume permanente sobre os terreos afectados, que manteñen a súa condición de privados. A execución do enlace proposto, ademais de resultar dificultado polo desnivel existente -de 4 ou 5 metros- entre a rúa do Churruchao e o regato, esixiría a obtención de terreos exteriores ao ámbito do Plan especial incrementando de forma considerable o custo económico das actuacións, polo que non se estima oportuno considerar neste intre a proposta formulada. Todo

ilo sen prexuízo dos acordos que puideran acadarse coa Confederación Hidrográfica para a rexeneración dos terreos afectados polas obras do colector.

- Rehabilitar e ampliar o carreiro existente a carón da presa do muíño da Escorredía, en lugar do proxectado a carón do río Sar, recuperando a canle labrada na rocha.

Resposta. Segundo indica o informe do equipo redactor do Plan, entre a beira do río Sar e o camiño indicado existe un desnivel de entre tres e catro metros, que non é posible salvar sen afectar de forma significativa a terreos exteriores, incluídos no ámbito do PE-4R.

- Prever a execución dun camiño de 100 metros de lonxitude que comunique o Parque e o Camiño portugués co castriño de Conxo a través do túnel existente baixo a estrada AC-543.

Resposta. A viabilidade desta proposta -xa contemplada na memoria do Plan- depende do futuro desenvolvemento do SUD-9/10.

- Recuperar o camiño, de 80 metros de lonxitude, que discorre a carón da vía férrea e que comunica o túnel de acceso ao xacemento co Camiño Portugués.

Resposta. Os terreos afectados son propiedade de ADIF, polo que calquera intervención neles requirirá a conformidade da citada entidade, se ben propónse incorporar á memoria do Plan a posibilidade da súa execución.

5. Alegación presentada por D. ANSELMO, D^a MARIA DEL MAR e D^a BEATRIZ RODRÍGUEZ COUSELO

Os interesados alegan ser propietarios das parcelas catastrais 44 e 216 do polígono 191, por herdanza de D. José Couselo Brea.

A resposta a esta alegación remítese ao que se indica no apartado seguinte.

6. Alegación formulada por D. FRANCISCO BALTAR TOJO

O interesado alega ser o único propietario da parcela 119 do polígono 175, así como das 19, 34, 36 e 41 do polígono 191, que figuran a nome de D. Ramón M^a Baltar Domínguez.

Resposta

O artigo 86.1.a) da LOUG esixe que a relación dos propietarios afectados se confeccione de acordo cos datos que figuran no Catastro, para os efectos da súa notificación.

Isto non impide que calquera persoa compareza no expediente para alegar a súa condición de titular sobre as parcelas afectadas, suposto no que se lle terá como interesada nas posteriores actuacións, se ben haberá de acreditar documentalmente o seu dereito no futuro procedemento de expropiación.

En consecuencia, procede manter a relación de propietarios afectados segundo figuran no Catastro, sen prexuízo das comprobacións que proceda efectuar no futuro procedemento de expropiación, de acordo coa documentación achegada polos interesados, os cales serán notificados nas actuacións posteriores do expediente.

III. Informes sectoriais

Augas de Galicia

O informe asinado con data 31 de marzo de 2014 resulta favorable ao Plan especial, se ben sinala varias observacións a considerar no proceso de execución e advirte da necesidade de solicitar a preceptiva autorización con carácter previo ao inicio das obras.

Demarcación de Estradas do Estado en Galicia

O informe, de data 23 de xaneiro de 2014, resulta favorable ao Plan especial.

Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento

O informe de data 17 de febreiro de 2014 esixe un plano monográfico de afección á rede ferroviaria de interese xeral no que se diferencien e acoten debidamente todas as zonas ferroviarias establecidas no capítulo III da Lei 39/2003 do sector ferroviario, con sinalamento das zonas de actuación do Plan especial.

Así mesmo, requírese que se recolla na ordenación a obrigatoriedade de que os proxectos de execución respecten as condicións e limitacións de uso derivadas da Lei 39/2003, e advírtese que calquera actuación dentro das zonas de servidume requirirá a autorización previa do administrador da infraestrutura (ADIF).

Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF)

O informe asinado pola delegada de Patrimonio e Urbanismo Noroeste, logo de sinalar o necesario respecto ás limitacións e condicións de uso que resultan da normativa sectorial aplicable (Lei 39/2003 e RD 2387/2004), achega un plano no que se reflicte a propiedade de ADIF, a fin de que os terreos sinalados sexan cualificados como sistema ferroviario.

Director xeral do Patrimonio Cultural

Este informe foi solicitado con data 21 de xaneiro de 2014, se ben, posteriormente, en novembro de 2014 remitiuse documentación reformada que resultou informada favorablemente mediante resolución emitida o pasado día 22 de decembro de 2014, á que máis adiante non referiremos.

IV. Modificacións que se propoñen incorporar no acto de aprobación definitiva

Do exame das alegacións presentadas non se deriva a necesidade de reformar a proposta de ordenación inicialmente aprobada, tal e como se explicou anteriormente

Polo que atinxe aos informes sectoriais emitidos, incorpórase ao documento o plano de afeccións á rede ferroviaria esixido polo Ministerio de Fomento, así como os condicionantes sinalados polo organismo autónomo Augas de Galicia, que haberá de autorizar a execución das actuacións previstas no Plan especial.

Así mesmo, no plano de afeccións, ademais de reflectir a propiedade de ADIF, indícase a canle do río Sar e do regato de Vilar -coa súa zona de servidume de 5 metros- e o trazado do Camiño Portugués.

Cómpre sinalar, sen embargo, que o contido e alcance do plano 03 é o de delimitar aquelas parcelas que, consonte á ordenación proposta polo Plan, deben ter carácter público. No suposto de que os terreos afectados xa figurasen afectos ao dominio público, aínda que este corresponda a unha administración distinta da municipal, resulta claro que non procederá a súa expropiación, sen prexuízo dos acordos que as administracións afectadas consideren preciso formalizar para executar as actuacións propostas, na medida en que resulten compatibles tanto co planeamento urbanístico como coa lexislación sectorial aplicable.

O destino urbanístico outorgado polo Plan especial aos terreos propiedade de ADIF resulta compatible co regulado na Lei 39/2003, polo que non é preciso modificar a

ordenación inicialmente aprobada. Todo ilo con independencia de que calquera actuación nas zonas de dominio público e de protección da infraestrutura ferroviaria requira a previa autorización do administrador, segundo esixe o artigo 15 da lei, o que haberá de terse en conta no proceso de desenvolvemento do Plan especial.

Esta cuestión haberá de clarifícase na redacción dos apartados 6.1.8 e 7.2.1

Como xa se advertiu nos informes emitidos con carácter previo á aprobación inicial do Plan, o plano catastral non reflicte o trazado actual da canle do regato do Vilar, polo que, na marxe da información catastral, estimouse conveniente estender o ámbito da area PVPA neste punto ata acadar a zona de servidume da canle existente.

a) Modificacións incorporadas ao documento reformado de outubro de 2014

Con data 20 de outubro de 2014, a Oficina Técnica do Consorcio presentou un documento reformado do Plan especial de acordo coas instrucións que foron manifestadas polos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural nunha reunión previa celebrada ao efecto.

As modificacións incorporadas son as seguintes:

- Substitúese o título e contido do apartado 4.5.5.6, que se actualiza para describir os traballos realizados no ano 2013.
- Suprímese a obrigatoriedade do Plan director (6.1.6), que poderá redactarse se se estimase necesario ou conveniente (6.2.1)
- Refórmase a redacción do punto 6.2.3 (ZAC, zona de agras e cultivos), a fin de regular os peches de parcela segundo as indicacións dos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- Faise referencia á situación xurídica das vivendas existentes no ámbito, que quedan incursas no réxime de fóra de ordenación, cos efectos regulados na LOUG e no Capítulo IX do PXOM.
- No apartado 6.3.8 reflíctese a necesidade de obter autorización de ADIF para calquera actuación na zona de protección ferroviaria, e refórmase a ordenación dos peches dos terreos adxacentes ao parque.
- Refórmase o apartado 6.3.10 (Condiciones para la intervención arqueológica y puesta en valor del yacimiento).
- Engádese o Catálogo de elementos arqueolóxicos, arquitectónicos e etnográficos, que pasa a conformar o apartado 8.
- Reflíctese en planos de ordenación a área na que se situará o centro de interpretación (CR) dentro da zona de edificación dotacional (ZEQ).

- Engádese o plano 050 de Información, nomeado *Afecciones de la red ferroviaria, carreteras, protección de cauces y Camino Portugués*.
- Refórmase o plano de información 034, co obxecto de reflectir o trazado oficial do Camiño Portugués.
- Elimínanse os planos 053 e 054.

b) Modificacións resultantes do informe de Patrimonio Cultural

O documento reformado presentado en outubro de 2014 recibiu o informe favorable do director xeral do Patrimonio Cultural mediante resolución de data 22 de decembro de 2014, coas seguintes condicións:

1. En todas as áreas nas que se estrutura o PE-7R deben contemplarse as seguintes consideracións de natureza arqueolóxicas:

- As intervencións que supoñan movemento de terras deberán xuntar, para a autorización previa da Consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural un proxecto de actuación arqueolóxica que permita avaliar a súa incidencia sobre o patrimonio arqueolóxico. O alcance e carácter do devandito proxecto de actuación arqueolóxica deberá ser definido polo Servizo Municipal de Arqueoloxía.

- Á vista dos resultados da actuación arqueolóxica, previa ou simultánea ás obras, poderán modificarse as condicións de implantación, edificación e execución das obras proxectadas.

2. Nas obras de musealización referidas no punto 6.3.11 do PE-7R debe corrixirse o texto indicando que estas requiren da autorización da consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural.

3. É preciso completar as fichas do Catálogo do PE-7R segundo as seguintes indicacións:

- Incorporaranse, aos datos de localización, as coordenadas UTM e un plano de situación, coa escala axeitada, na que se identifique o ben e o seu ámbito de protección.*
- Incorporaranse as determinacións xerais para a conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación do ben incluído no Catálogo, indicando o seu nivel de protección así como, no seu caso, as actuacións singulares que resulten necesarias.*
- A ficha correspondente ao Camiño Portugués axustarase a delimitación marcada polo Decreto 154/2013.*

En consecuencia, procede incorporar ao Plan especial os condicionantes sinalados no informe transcrito.

c) Outras emendas

Así mesmo, estímase conveniente efectuar as seguintes emendas:

* Corrixirase o indicado na páxina 159 da memoria, a fin de reflectir a actual situación de soterramento das instalacións eléctricas.

* No apartado 6.2.4 (ZEQ) farase referencia ao emprazamento do centro de interpretación grafitado en planos de ordenación.

* En relación coas vivendas existentes no ámbito, que se declaran expresamente incursas na situación de fóra de ordenación (páxinas 183 e 184), haberá de engadirse o seguinte inciso: *cos efectos regulados na LOUG e no capítulo IX do Plan xeral.*

* Engadirase o seguinte parágrafo nos apartados 6.1.8 e 7.2.1:

Se os terreos necesarios estivesen afectos ao dominio público doutra administración consonte á lexislación sectorial aplicable, non procederá a súa expropiación pola administración municipal, habendo de recabarse a autorización do organismo competente para a realización de calquera intervención no solo afectado.

As modificacións sinaladas non teñen carácter substancial, sendo o seu único alcance o de completar ou definir máis polo miúdo a ordenación proposta.

V. Proposta de aprobación definitiva

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar definitivamente o Plan especial de protección e acondicionamento do Parque arqueolóxico da Rocha (PE-7R), coas modificacións, respecto do inicialmente aprobado, que se describiron anteriormente.

O documento que se somete a aprobación definitiva é o presentado con data 20 de outubro de 2014, habendo de elaborarse un **documento refundido** que incorpore as condicións sinaladas por Patrimonio Cultural, así como as seguintes emendas:

- Corrixirase o indicado na páxina 159 da memoria, a fin de reflectir a actual situación de soterramento das instalacións eléctricas.

- No apartado 6.2.4 (ZEQ) farase referencia ao emprazamento do centro de interpretación grafitado en planos de ordenación (CR).

- En relación coas vivendas existentes no ámbito, que se declaran expresamente incursas na situación de fóra de ordenación (páxinas 183 e 184), haberá de engadirse o seguinte inciso: *cos efectos regulados na LOUG e no capítulo IX do Plan xeral*.

- Engadirase o seguinte parágrafo nos apartados 6.1.8 e 7.2.1:

Se os terreos necesarios estivesen afectos ao dominio público doutra administración consonte á lexislación sectorial aplicable, non procederá a súa expropiación pola administración municipal, habendo de recabarse a autorización do organismo competente para a realización de calquera intervención no solo afectado.

O acordo notificarase persoalmente a todos os interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo publicarase, xunto co texto íntegro da normativa urbanística aprobada, no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comunicación do acordo de aprobación definitiva, xunto con dous exemplares dilixenciados do documento definitivamente aprobado.”

* Con data 21 de xaneiro de 2015 figura no expediente un informe-proposta, complementario do anterior ao que tamén prestou a súa conformidade a concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, do seguinte teor literal:

“Visto o documento reformado presentado polo Consorcio da Cidade con data 20 de xaneiro de 2015, compróbase que o mesmo incorpora as reformas esixidas polo director xeral do Patrimonio Cultural na súa resolución de data 22 de decembro de 2014, así como as emendas que foron requiridas polo Concello, ás que se fixo referencia no informe-proposta asinado o pasado día 19 de xaneiro (epígrafe IV, punto c).

O documento presentado consta de:

- Documentación escrita completa do Plan especial (Memoria, normativa, avaliación económica e catálogo)
- Planos de información números 34 e 50
- Planos de ordenación completos (01, 02 e 03)

Polo tanto, propónse someter o citado documento reformado á aprobación definitiva do Pleno Municipal, se ben haberá de elaborarse un **documento refundido completo** que incorpore:

- Os restantes planos de información
- Un anexo que recolla os condicionantes sinalados por Augas de Galicia para a execución das actuacións de desenvolvemento do plan

Por outra banda, estímase conveniente clarificar o contido do Catálogo nos seguintes termos:

- O PE-7R non é o instrumento urbanístico competente para catalogar nin definir as actuacións a realizar nos elementos exteriores ao seu ámbito, polo que as fichas relativas aos elementos exteriores teñen un alcance meramente informativo.
- En calquera caso, as actuacións a realizar nos elementos catalogados haberán de someterse á preceptiva autorización do organismo competente en materia de protección do patrimonio cultural.

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Aprobar definitivamente o Plan especial de protección e acondicionamento do parque arqueolóxico da Rocha (PE-7R), segundo o documento reformado presentado polo Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela o pasado día 20 de xaneiro de 2015, e coa condición de que se elabore un documento refundido completo que incorpore:

- Todos os planos de información
- Un anexo que recolla os condicionantes sinalados por Augas de Galicia para a execución das actuacións de desenvolvemento do plan
- A clarificación dos efectos meramente informativos do Catálogo respecto dos elementos exteriores ao ámbito do PE-7R.
- A obrigatoriedade de obter a autorización de Patrimonio Cultural para calquera intervención nos elementos catalogados.

O acordo notificarase persoalmente a todos os interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo publicarase, xunto co texto íntegro da normativa urbanística aprobada, no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comunicación do acordo de aprobación definitiva, xunto con dous exemplares dilixenciados do documento definitivamente aprobado.”

Para defender o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, outórgaselle a palabra á **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

Expón que o Plan especial PE-7R da Rocha, formúlase polo Consorcio de Santiago de Compostela, en desenvolvemento das determinacións sinaladas polos artigos 81 e 90 do Plan Xeral. Concretamente, sinala, o artigo 90 define que o ámbito correspondente ao castelo da Rocha desenvolverase a través dun Plan especial de protección e acondicionamento, co obxectivo de recuperar e por en valor os restos arqueolóxicos do castelo e dos elementos territoriais a asociados ao mesmo, creándose así un parque arqueolóxico.

Afirma que o programa a desenvolver incluírá a organización dos accesos, as áreas de recepción, e a organización e integración de áreas estanciais, incluíndo nestas unha ocupación do 10% en edificio de planta baixa.

Clarexa que ata a aprobación do plan, os terreos terán a clasificación de solo rústico de protección cultural.

Por outra banda, manifesta que o documento presentado contén unha memoria de información e de ordenación, as normas urbanísticas para o seu desenvolvemento, e a avaliación económica das actuacións propostas, incluíndo a adquisición dos bens e os dereitos afectados.

Indica que no epígrafe 5.2. da memoria inclúense tanto os obxectivos como os criterios xerais da ordenación proxectada, promovendo así a ampliación do ámbito delimitado polo plan xeral, no que se recollen os terreos situados na marxe norte do regato do Vilar, no tramo comprendido entre a vía férrea e a desembocadura do río Sar, os cales permitirán crear unha senda paralela ao regato e, ademais, os terreos situados na marxe leste do río Sar para recuperar o trazado do antigo camiño de Escorredía, e garantir o acceso peonil ao parque, tamén a súa conexión co Camiño Portugués e co castriño de Conxo.

Sostén que estes axustes xustifícanse na memoria e teñen o seu amparo legal na propia capacidade de ordenación atribuída aos Plans especiais de protección e dotacionais, polos artigos 69 e 71 da LOUG.

En canto ás áreas de ordenación definidas no plan, enumera as seguintes:

Primeiramente, en base á APA, área de protección arqueolóxica, explica que se refire tanto ás ruínas do castelo como ao seu entorno inmediato, nas cales están autorizadas actuacións de recuperación, restauración, consolidación, mantemento do xacemento arqueolóxico e musealización.

En segundo lugar, di que a área PVPA pon en valor o contorno da zona arqueolóxica, onde se permite o peche e o punto de observación.

Sobre a área ZAC, expón que se trata de zonas de cultivos situadas no contorno do xacemento, onde está prohibida calquera alteración das condicións naturais do terreo ou da topografía.

A área ZEQ, indica que é a zona de equipamentos ou dotacional, situada na esquina suroeste do ámbito, fronte á rúa do Churruchao, e que está destinada a usos de aparcadoiro e edificacións vinculadas ao parque arqueolóxico.

No referente aos terreos da ribeira do Sar e do regato do Vilar, área RSV, informa que só se autorizan actuacións de recuperación da calidade da auga e da vexetación de ribeira.

No tocante á área REV, di que se corresponde coa rexeneración do antigo camiño de acceso ás parcelas de Escorredía, e que constitúe o itinerario peonil de acceso dende o norte.

Por último, manifesta que a área CP, está composta por camiños interiores de acceso rodado e peonil.

Tendo en conta a aprobación definitiva do plan especial, de acordo co artigo 98 da LOUG e co artigo 29 do RD lexislativo 2/2008, mantén que implica a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación para os efectos de expropiación, e que inclúe un plano de ordenación coas parcelas de necesaria incorporación ao dominio público.

Tendo en conta a información pública, clarexa que o procedemento aplicable para a aprobación do Plan especial é o regulado polo artigo 86 da LOUG.

Lembra que a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 21 de novembro de 2013, aprobou inicialmente o Plan especial, condicionado á apertura do trámite de exposición pública e a unha serie de emendas.

O 9 de decembro de 2013, prosegue, presentouse un documento reformado e o expediente someteuse a información pública ao longo dun mes, período durante o cal, presentáronse sete alegacións que foron analizadas polo equipo redactor.

Especifica que das sete alegacións, seis corresponden a particulares, en relación aos bens de expropiación, e son contestadas unha a unha.

Sinala que a outra alegación, correspondente á Asociación Cultural Rocha Forte, plantexa a incorporación de novos elementos, algúns deles contidos no ámbito de ordenación PE-4R e, polo tanto, fora deste ámbito.

Engade que a viabilidade da incorporación de novos camiños, tamén é analizada no informe.

En canto aos informes sectoriais, expón que se solicitaron a varias entidades: a Augas de Galicia, á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, á Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento, ao ADIF e á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Ao respecto, precisa que todos resultan favorables e algúns incorporaban observacións a ter en conta na documentación ou na execución material das obras.

Afirma que do análise das alegacións non se deriva a necesidade de modificar a proposta de ordenación inicialmente aprobada.

Dende os informes sectoriais, relata, incorpórase ao documento o plano de afeccións á rede ferroviaria e os condicionantes para a execución da obra indicados por Augas de Galicia. Do mesmo xeito, asegura que no plano de afeccións tamén se indica a canle do río Sar, o regato de Vilar, e o trazado do Camiño Portugués.

O documento que se somete a aprobación pública, segundo informa, foi modificado pola oficina técnica do Consorcio e recolle as modificacións solicitadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, sendo presentado o 20 de xaneiro de 2015.

Engade que as modificacións incorporadas non teñen carácter substancial, e que a proposta foi ditaminada pola Comisión de Urbanismo, coa reserva de voto dos grupos da oposición.

En consecuencia propón ao pleno:

Aprobar definitivamente o Plan especial de protección e acondicionamento do Parque arqueolóxico da Rocha (PE-7R), segundo o documento reformado presentado polo Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela o pasado día 20 de xaneiro de 2015, e coa condición de elaborarse un documento refundido que incorpore todos os planos de información, un anexo que recolla os condicionantes sinalados por Augas de Galicia para a execución das actuacións de desenvolvemento do plan.

A clarificación aos efectos meramente informativos do catálogo, respecto aos elementos exteriores ao ámbito PE-7R.

A obrigatoriedade de obter a autorización de Patrimonio Cultural para calquera intervención nos elementos catalogados.

Informa que o acordo será notificado persoalmente a todos os interesados, e publicarse no Diario Oficial de Galicia, e no Boletín Oficial da Provincia, xunto co texto íntegro da normativa urbanística aprobada.

Conclúe que se remitirá á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a comunicación do acordo de aprobación definitiva, xunto con dous exemplares dilixenciados do documento definitivamente aprobado.

Seguidamente, intervén o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**.

Antes de comezar a súa exposición, saúda ao novo compañeiro de corporación, o Sr. González Álvarez, e deséxalle o mellor no que resta de mandato.

Pon de manifesto a importancia que teñen para o BNG, a recuperación, a posta en valor do castelo da Rocha, e os elementos territoriais asociados. En consecuencia, lembra que no anterior mandato a súa compañeira, a Sra. Pedreira, dende a concellería de casco histórico comezou todos os traballos co fin de abordar unha actuación integral de recuperación e posta en valor de todo o conxunto patrimonial. Isto, engade, motivou que durante o presente mandato o BNG presentara un total de tres iniciativas ao respecto.

Concluída a primeira fase dos traballos, resúltalle crucial o feito de complementar as labores de escavación, coa creación dun verdadeiro parque arqueolóxico que permita

a observación e o análise dos restos. Nese sentido, resalta a importancia de actuar sobre a sinalética, e sobre os accesos ao propio castelo da Rocha.

Ademais, considera que é imprescindible afondar na difusión da existencia deste conxunto arqueolóxico. Recoñece que nos últimos tempos leváronse a cabo actuacións de interese e de calidade, tales como a publicación dun libro divulgativo, a creación do portal web interactivo, e a organización de visitas guiadas para grupos. Nembargantes, apunta que aínda dica moito por facer.

Lamenta que o castelo da Rocha, a pesar de ser unha das grandes xoias de Santiago, non conte co coñecemento e recoñecemento de propios e de visitantes. Nese sentido, avoga por desandar os máis de cinco séculos de esquecemento que pesan sobre a que foi a fortaleza máis grande do Reino de Galicia, e unha das máis espectaculares da península ibérica, ata que a partir de 1466 coa Revolta Irmandiña, e posteriormente co expolio continuado dos seus restos, a deixaran no seu estado actual.

Do mesmo xeito, reivindica o potencial que existe e as sinerxías que se poden crear debido á pouca distancia que o separa dos petroglifos de Conxo e Villestro.

Con respecto á proposta concreta formulada dende o Consorcio e sometida hoxe a consideración do pleno polo goberno, parécelle acertada, cando menos, na modificación máis substantiva de recuperar o antigo camiño de escorredía para garantir a accesibilidade ao parque, especialmente pola súa conexión co camiño Portugués e co castriño de Conxo.

Por último, á vez que anuncia que o voto do BNG será favorable á proposta, precisa que está condicionado a que aceptación das alegacións e apreciacións da propia Asociación Cultural da Rocha Forte, se verifiquen co tempo.

A continuación, toma a palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Primeiramente dá a benvida ao Sr. González Álvarez, coa convición absoluta do seu compromiso coa cidade, e da súa responsabilidade cos veciños e veciñas.

Con respecto á proposta do PP, a aprobación definitiva do plan especial de protección e acondicionamento do Parque Arqueolóxico da Rocha, precisa dúas cuestións. Entende que o plan especial é un elemento que vai poñer en valor dito parque arqueolóxico, e recoñece tanto o traballo do equipo redactor como a incorporación de determinadas emendas por parte do mesmo.

Así, expresa que o PSdeG-PSOE votará de forma favorable á aprobación definitiva do plan especial de protección e acondicionamento do parque arqueolóxico da Rocha.

Rematadas as quendas de intervención, non tendo lugar a segunda e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria** ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 25 (13 PP, 9 PSdeG-PSOE e 3 BNG) Votos en contra: 0 Abstencións: 0
--

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa reunión que tivo lugar o día 22 de xaneiro de 2015, relativo á **Aprobación definitiva do Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Parque arqueolóxico da Rocha (PE-7R)**, e en consecuencia acorda aprobar definitivamente o Plan especial de protección e acondicionamento do parque arqueolóxico da Rocha (PE-7R), segundo o documento reformado presentado polo Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela o pasado día 20 de xaneiro de 2015, e coa condición de que se elabore un documento refundido completo que incorpore:

- Todos os planos de información.
- Un anexo que recolla os condicionantes sinalados por Augas de Galicia para a execución das actuacións de desenvolvemento do plan.
- A clarificación dos efectos meramente informativos do Catálogo respecto dos elementos exteriores ao ámbito do PE-7R.
- A obrigatoriedade de obter a autorización de Patrimonio Cultural para calquera intervención nos elementos catalogados.

O acordo notificarase persoalmente a todos os interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo publicarase, xunto co texto íntegro da normativa urbanística aprobada, no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comunicación do acordo de aprobación definitiva, xunto con dous exemplares dilixenciados do documento definitivamente aprobado.

6. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) RELATIVA AO INCREMENTO DE DENSIDADE DOS SOLOS URBANIZABLES NON DELIMITADOS (SUND).

O informe-proposta que emitiu a xefa de sección de xestión urbanística que leva o visto e praxe do director técnico da área de urbanismo, e ao que prestou a súa conformidade a concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible é do teor literal seguinte:

“A Modificación formulase polo Servizo de Planeamento e Xestión urbanística co obxecto de flexibilizar o límite de densidade que establece o vixente Plan xeral para a ordenación das distintas áreas de solo urbanizable non delimitado (SUND) de uso residencial.

Planeamento vixente

O PXOM clasifica as áreas de solo urbanizable non delimitado de uso residencial en catro tipos:

- Tipo A, no que se prevé como uso global ou predominante o residencial exclusivo con tipoloxía *cidade xardín*. Neste tipo de áreas límtase o número máximo de vivendas a 20 por hectárea.
- Tipo B, nomeado *cidade xardín mixta*, con predominio do uso residencial, pero non exclusivo, xa que se admite expresamente o comercial en planta baixa ata un máximo do 20% da edificabilidade total. Para este tipo de áreas tamén se establece un límite de densidade de 20 vivendas por hectárea.
- Tipo C, nas que se mestura o uso residencial e o terciario, non podendo superar este último o 50% da edificabilidade total. Neste tipo de áreas límtase o número máximo de vivendas a 12 por hectárea.
- Tipo F, correspondente aos solos cuxo uso global ou característico é o deportivo extensivo, autorizándose, como usos complementarios, os de vivenda unifamiliar, hoteleiro e comercial. Neste tipo de áreas, a edificabilidade máxima é de 0,08 m²c/m²s, e a densidade de 3,5 vivendas por hectárea. O PXOM vixente prevé unha única área deste tipo, que se corresponde co SUND-39 (Campo de Bando).

Xustificación da modificación proposta

A Modificación pretende dar unha resposta axeitadas ás novas circunstancias que se derivan da concorrancia dos seguintes factores:

1º.- A tendencia da maioría das lexislacións e planeamentos xerais a ampliar ou mesmo eliminar as limitacións de densidade, co obxecto de favorecer a compacidade do territorio e a sostibilidade do crecemento urbanístico, xa que a concentración dun maior número de vivendas nun espazo mais reducido supón menor consumo de solo e un mellor aproveitamento dos servizos urbanísticos.

Así, entre as accións propostas pola Comisión das Comunidades europeas en materia de urbanismo atópase a de *“fixar densidades mínimas para as zonas residenciais, que permitan fomentar unha maior densificación e frear a expansión urbana”* (o modelo de *cidade compacta e densa*, fronte ao modelo de *cidade difusa*).

2º.- A realidade social e económica do actual mercado inmobiliario, que obriga, por unha parte a favorecer a viabilidade e a sostibilidade económica dos novos crecementos urbanísticos, e, por outra, a adaptar o tamaño medio de vivenda a aquela que resulta accesible á maior parte da poboación. Isto débese a que a diminución da renda das familias, combinada coa efectiva redución da ratio de número de persoas/fogar, da como resultado un incremento na demanda de vivendas de tamaño mais reducido.

3º.- A esixencia de reservar, dentro de cada sector de solo urbanizable non delimitado, unha porcentaxe mínima do 30% da total edificabilidade residencial con destino a vivenda de protección pública. Esta esixencia, unida á limitación legal da superficie construída máxima deste tipo de vivendas (90 m² útiles con carácter xeral), produce a consecuencia de incrementar, de facto, o tamaño medio das vivendas libres ou non protexidas, que devén así superior ao que se considera habitual nunha promoción tipo.

Contido da Modificación

De acordo cos factores expostos, o documento elaborado polos servizos técnicos municipais parte dunha análise de cal sería o tamaño medio de vivenda mais habitual en atención ás distintas tipoloxías admisibles nos distintos sectores (A, B, C y F).

No citado estudio considéranse uns tamaños medios de 180 m² construídos para a vivenda unifamiliar aillada, 140 para a adosada - pareada, e 90 para a vivenda colectiva. A consecución destes tamaños medios, aplicado ás distintas tipoloxías de vivenda admisibles en cada un dos tipos de ordenación dos solos urbanizables non delimitados do PXOM, da como resultado:

- para as áreas tipo A y B (cidade xardín e cidade xardín mixta), unha densidade de 25 vivendas por hectárea.

- para as áreas tipo C (residencial e terciario), unha densidade de 16 vivendas por hectárea.

Polo que respecta ao tipo F, efectuase unha análise específica que considera o uso característico asignado -deportivo extensivo-, e a configuración dos usos complementarios -residencial, hoteleiro e comercial-. De acordo con estes obxectivos, propónse limitar a superficie edificable residencial a un 60% -o plan vixente permite un 85%- e autorizar tipoloxías distintas á unifamiliar aillada para a construción de vivenda protexida. Coa introdución das modificacións propostas, conclúese de forma xustificada a non necesidade de incrementar a densidade de 3.5 vivendas por hectárea que establece o PXOM.

As modificacións propostas no alteran o modelo de ordenación establecido polo vixente plan xeral, posto que se respectan os usos globais, intensidades e tipoloxías edificatorias definidos no mesmo. Isto é, non se incrementa a superficie edificable total, ni se reducen as dotacións legalmente esixibles, xa que a LOUG as establece en función da superficie construída e non do número de vivendas. En puridade, o que se pretende no é outra cousa que axustar ou adaptar o límite de densidade á aparición de novas circunstancias sobrevidas con posterioridade á aprobación do PXOM vixente, todo ilo despois dun estudio moi exhaustivo das condicións de ordenación dos distintos tipos.

A Modificación proposta afecta así á redacción dos seguintes artigos do PXOM:

- 79.4, no que atinxe aos límites de densidade aplicables aos solos urbanizables non delimitados tipos A, B e C.
- 79.2, no relativo á proporción de usos permitidos no tipo F.
- 80.33, no que se regulan as condicións particulares do SUND-39, co obxecto de contemplar distintas tipoloxías edificatorias para a vivenda de protección pública.

Tramitación

A teor do establecido no artigo 93 da Lei 9/2002, a alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderase levar a cabo mediante a revisión dos mesmos ou a modificación dalgún ou dalgúns dos elementos que os constitúan.

No presente suposto consideramos que a alteración proposta non ten o alcance dunha revisión senón dunha modificación, en tanto que non supón a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, nos termos previstos no artigo 93.3 da Lei 9/2002.

A modificación dos Plans haberase de suxeitar ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, se ben, tal e como prevé o artigo 93.4 da Lei 9/2002, *as modificacións do planeamento xeral que non impliquen nin a reclasificación de solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin alteren os sistemas xerais previstos no planeamento vixente non precisarán obter o informe previo á aprobación inicial a que fai referencia o artigo 85.1 da citada Lei.*

A modificación obxecto do presente informe non reclasifica solo nin incrementa a intensidade de uso dos solos afectados, nos termos definidos polo artigo 46, posto que mantén a clasificación urbanística e a superficie edificable total autorizada nos respectivos sectores. Tampouco altera os sistemas xerais previstos no planeamento vixente, polo que non resulta preceptivo o informe da Consellería con carácter previo á aprobación inicial.

En consecuencia, a aprobación da presente Modificación haberá de suxeitarse ao procedemento regulado nos apartados 2 e seguintes do artigo 85 da LOUG, sen sometemento a avaliación ambiental estratéxica ao terse declarado a súa non necesidade mediante Decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de data 18 de febreiro de 2014.

Obra no expediente informe favorable do Secretario xeral do Pleno municipal, emitido o día 17 de marzo de 2014.

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno municipal o 27 de marzo de 2014 e someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia nº 94, de 19 de maio de 2014, e nos xornais El Correo Galego e La Voz de Galicia de data 15 de maio. Simultaneamente outorgouse audiencia aos Municipios limítrofes.

Durante os referidos trámites de información pública e audiencia a Municipios non se formularon alegacións.

Fóra de prazo formulouse unha alegación por D. LUIS LUGO OTERO, que solicita se reduza o tamaño da unidade mínima de actuación esixida polo vixente Plan xeral para o desenvolvemento dos solos urbanizables non delimitados.

O obxecto da alegación presentada excede dos obxectivos e fins da presente Modificación, e require unha análise pormenorizada da súa incidencia na ordenación final, polo que non se estima procedente neste trámite a súa consideración.

En setembro de 2014 recibíuse escrito do organismo autónomo Augas de Galicia, no que manifesta que o seu informe non resulta preceptivo porque a Modificación non afecta ás súas competencias, sen prexuízo da obrigatoriedade de solicitar o seu informe para a aprobación dos respectivos plans de desenvolvemento dos solos urbanizables non delimitados.

Así mesmo foi solicitado informe ao Ministerio de Defensa, quen, en outubro de 2014, requiriu que se lle remitira documentación xeorreferenciada do ámbito da Modificación. Esta documentación tivo entrada no Ministerio o día 10 de outubro de 2014, sen que conste a emisión do informe solicitado, polo que, consonte ao previsto polo artigo 83 da Lei 30/1992, a administración pode continuar o procedemento iniciado para a aprobación do plan.

Proposta de aprobación provisional

En consecuencia, e de conformidade co disposto polo artigo 85.7 da LOUG, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, adoptar o seguinte **ACORDO**:

a) Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) relativa ao incremento de densidade dos solos urbanizables non delimitados (SUND), sen modificacións respecto da foi aprobada inicialmente o 27 de marzo de 2014.

O acordo haberá de adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo o asesoramento do Secretario xeral do Pleno municipal.

b) Remitir a Modificación á Consellería de Medio Ambiente a fin de que outorgue a resolución que proceda sobre a aprobación definitiva, de conformidade co esixido polo artigo 85.7 da LOUG.”

Toma a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

Indica que a presente modificación fórmulase polo servizo municipal de Planeamento co obxectivo de flexibilizar o límite de densidade establecido para a ordenación das distintas áreas de solo urbanizable non delimitado (SUND) de uso residencial.

En base ao planeamento vixente e ao noso PXOM, categoriza as áreas de solo urbanizable non delimitado en catro tipos:

- Tipo A: sinala como uso global ou predominante o residencial exclusivo con tipoloxía *cidade xardín*. Neste tipo de áreas límtase o número máximo de vivendas a 20 por hectárea.
- Tipo B, nomeado *cidade xardín mixta*, con predominio do uso residencial, pero non exclusivo, xa que se admite expresamente o comercial en planta baixa ata un máximo do 20% da edificabilidade total. Para este tipo de áreas tamén se establece un límite de densidade de 20 vivendas por hectárea.
- Tipo C, nas que se mestura o uso residencial e o terciario, non podendo superar este último o 50% da edificabilidade total. Neste tipo de áreas límtase o número máximo de vivendas a 12 por hectárea.
- E por último, tipo F, correspondente aos solos cuxo uso global ou característico é o deportivo extensivo, autorizándose, como usos complementarios, os de vivenda unifamiliar, hoteleiro e comercial. Neste tipo a edificabilidade máxima é moi baixa, é de 0,08 m²c/m²s, e a densidade de 3,5 vivendas por hectárea. O noso plan xeral vixente prevé unha única área deste tipo, que se corresponde co SUND-39 (Campo de Bando).

Afirma que a modificación pretende actuar como resposta ante as novas circunstancias resultantes de varios aspectos:

Por unha banda, a tendencia da maioría das lexislacións e planeamentos a ampliar ou incluso eliminar as limitacións de densidade, co obxecto de favorecer a compacidade do territorio e a sostibilidade dos novos crecementos urbanísticos, pois a concentración dun maior número de vivendas nun espazo máis reducido supón menor consumo de solo e un mellor aproveitamento dos servizos urbanísticos. Deste xeito, precisa que entre as accións propostas pola Comisión das Comunidades europeas en materia de urbanismo inclúese a de *fixar densidades mínimas para as zonas residenciais, que permitan fomentar unha maior densificación e frear a expansión urbana*, o modelo de *cidade compacta e densa*, fronte ao modelo de *cidade difusa*.

Como segundo aspecto, apunta á realidade social e económica do actual mercado inmobiliario, a cal obriga tanto a favorecer a viabilidade e a sostibilidade económica dos novos crecementos urbanísticos, como a adaptar o tamaño medio das vivendas a aquela que resulta accesible á maior parte da poboación. Sinala que isto garda relación directa coa redución do tamaño da unidade familiar, e dá como resultado un incremento na demanda de vivendas de tamaño máis reducido.

En terceiro e último lugar, céntrase na esixencia legal de reservar, dentro de cada sector de solo urbanizable non delimitado, unha porcentaxe mínima do 30% sobre o total da edificabilidade residencial con destino á vivenda de protección pública. Esta esixencia unida á limitación legal da superficie construída máxima deste tipo de vivendas, que é de 90 m² útiles con carácter xeral produce, segundo manifesta, o efecto de incrementar o tamaño medio das vivendas libres ou non protexidas, que é superior ao que se considera habitual nunha promoción tipo.

En canto ao documento elaborado polos servizos técnicos municipais, di que parte de analizar cal sería o tamaño medio de vivenda mais habitual para cada tipoloxía. En dito estudo, engade, considéranse uns tamaños medios de 180 m² construídos para a vivenda unifamiliar aillada, 140 m² para a adosada-pareada, e 90 m² para a vivenda colectiva.

Do mesmo xeito, sostén que a consecución destes tamaños medios, aplicado ás distintas tipoloxías de vivenda admisibles en cada un dos tipos de ordenación do plan xeral, dá como resultado unha densidade de 25 vivendas por hectárea para as áreas tipo A e B, e unha densidade de 16 vivendas por hectárea para as áreas tipo C, residencial e terciario. No que respecta ao tipo F, afirma que se efectúa unha análise específica, considerando que ao ser o uso característico o deportivo extensivo, e existir outros usos complementarios distintos do residencial, hoteleiro e comercial, resulta excesivo o 85% de uso residencial. Consecuentemente, di que propón limitar a superficie edificable residencial ao 60%, e admitir para a construción de vivenda protexida, tipoloxías distintas á unifamiliar aillada con base á introdución das modificacións propostas, e que conclúe de forma xustificada a innecesariedade de incrementar a densidade de 3,5 vivendas por hectárea que establece o PXOM.

Asegura que as modificacións propostas non alteran o modelo de ordenación establecido polo vixente plan xeral, xa que se respectan os usos globais, as intensidades, e as tipoloxías edificatorias nel definidos. Do mesmo xeito, indica que non se incrementa a superficie edificable total, ni se reducen as dotacións legalmente

esixibles, pois a LOUG establéceas en función da superficie construída e non do número de vivendas.

Fai fincapé en que a LOUG non establece ningunha limitación á densidade da vivenda, nin obriga ao plan xeral, a taxar o número de vivendas. Polo tanto, evidencia que existe un amplo marxe de discrecionalidade neste punto sendo habitual que o planeamento non limite o número de vivendas autorizable en cada ámbito.

Polo iso mesmo, advirte, non pode considerarse revisión do planeamento, unha modificación que non afecta a determinacións obrigatorias, obrigas do mesmo, e que mantén inalteradas tanto a superficie edificable como a asignación de usos globais e tipoloxías edificatorias características.

En canto á tramitación, expón que a modificación aprobouse inicialmente no Pleno municipal o 27 de marzo de 2014, e someteuse a información pública e audiencia dos municipios limítrofes durante o prazo de dous meses, sen que se formularan alegacións dentro do mesmo.

Fóra de prazo, especifica, formulouse unha alegación que reclama a redución da unidade mínima de actuación esixida polo plan vixente para a transformación de solos urbanizables non delimitados.

Clarexa que o plan xeral fixa tres hectáreas fronte a un total de dúas, é dicir, o mínimo da LOUG, e que non se entra en consideración desta alegación presentada porque excede os obxectivos da presente modificación.

Anuncia que se solicitou un informe ao Ministerio de Defensa, e o 10 de outubro de 2014, remítíuselle a documentación complementaria, sen que ata a data, conste a emisión do informe solicitado. Sinala que dito informe non é preceptivo polo que, de acordo co artigo 83 da Lei 30/1992, pódese continuar o procedemento iniciado para a aprobación da modificación do plan.

A proposta, lembra, foi estudada pola Comisión de urbanismo o día 22 de xaneiro, e aprobada coa reserva de voto dos grupos da oposición.

En consecuencia e de conformidade co disposto polo artigo 85.7 da LOUG, propón ao Pleno Municipal a aprobación provisional da modificación, sen cambios con respecto á aprobada inicialmente en marzo de 2014.

Así mesmo, remítese á Consellería de Medio Ambiente para que resolva o procedente sobre a súa aprobación definitiva.

A continuación, comeza a quenda de intervención do **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**.

Pon de manifesto a abstención do BNG con respecto a este punto, en base aos argumentos fundamentais xa expostos en marzo. Así, reiterará os aspectos máis salientables que xustifican o seu voto.

Considera que a posibilidade de revisar as densidades recollidas no actual PXOM, podería estar xustificada en base a dous aspectos: a que os cambios normativos operados dende a aprobación do PXOM ata os nosos días en materia de reserva mínima obrigatoria de vivendas de protección oficial ten mudado, pois comezouse cun 20%, despois cun 40%, e actualmente cun 30%. E en segundo lugar, pola experiencia práctica dende a perspectiva dos promotores e especialmente dos demandantes de vivenda, tal e como acontece coa prestación de determinados tipos de servizos cando se aplican densidades excesivamente baixas, e a sustentabilidade dese modelo, posto que o feito de que aumente a porcentaxe de vivenda de protección sen modificar as densidades, provocaría vivendas libres de superficies máis elevadas que as que demanda actualmente o mercado, xa que dificulta a súa venda e polo tanto, o desenvolvemento do conxunto do solo para quen pretendese promovelos. Asegura que na práctica, dita situación deriva na paralización de case toda a totalidade dos SUNPS, de xeito que o 30% das vivendas de protección oficial está dirixidas ás rendas máis baixas, as cales non poden acceder a unha vivenda no mercado libre.

Ademais, alega que a experiencia práctica tamén amosa que densidades excesivamente baixas son pouco sostibles en termos de racionalización de recursos e servizos, e tamén dende unha perspectiva de sustentabilidade medioambiental.

Recoñece que a modificación das densidades comentada con anterioridade pola Sra. Gutiérrez López, non cambia necesariamente outros aspectos como a edificabilidade máxima establecida, a tipoloxía prevista, ou os demais parámetros fixados polo planeamento vixente, incluídas as reservas mínimas para o sistema de espazos libres e zonas verdes, e as de equipamento de dominio e uso público.

Na mesma liña, considera que a posibilidade de dispoñer de vivendas nun ámbito a costa de reducir a superficie media, non ten porque supor necesariamente unha modificación substancial, pois o mantemento dos parámetros de edificabilidade máxima e as tipoloxías poderían garantir, segundo en que solos, o mantemento do modelo de ocupación e ordenación territorial implícitos.

Pon de manifesto que o BNG, dende unha posición de goberno no seu día, apoiou unha revisión das densidades. Sinala que de revisar as actas sería posible comprobar as barbaridades que ao respecto anunciaba daquela o Sr. Conde Roa dende a bancada da oposición. Precisa que entre outras cousas aseguraba que non se trataba dunha modificación puntual, senón que ía aos peares do propio PXOM, e que polo tanto este tipo de tramitación non era válida.

Nese sentido, retruca que cando o BNG se apoiou na revisión de densidades, era en base a unha proposta bastante diferente á plantexada polo PP no pleno de hoxe. Ao respecto alega dúas razóns básicas:

Primeiramente porque estaba referida exclusivamente ao SUND tipo A, é dicir, ás cidades xardín, e non se trataba dunha medida adoptada con carácter indiscriminado.

E, en segundo lugar, porque a proposta consistía en pasar dunha densidade de 20 vivendas/hectárea, a 25 vivendas/hectárea. A pesar de que aparentemente semella ser o mesmo cambio que o plantexado agora dende o grupo de goberno para SUND tipo, precisa que dito parecido é soamente substancial, xa que daquela facíase cunha normativa que obrigaba a ter unha reserva mínima de VPO do 40%, e hoxe é do 30%. A pesar de que o cambio pareza o mesmo, reitera que atendendo ao resultado final dista considerablemente un do outro.

En suma, relata que ese carácter indiscriminado é unha das razóns fundamentais que impiden ao grupo do Bloque Nacionalista Galego votar favorablemente esta proposta. Pese a resultarlle razoable no caso dun ámbito específico, como pode ser o tipo de cidade-xardín, plantéxalle moitas dúbidas acerca da súa idoneidade para outro tipo de SUNDs.

Posteriormente, ten a palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Expón que a proposta do goberno municipal do Partido Popular é incrementar a densidade de todos os solos urbanizables non delimitados de uso residencial: tipo A, cidade xardín; tipo B, cidade xardín mixta; tipo C, que combina o residencial e terciario; e tipo F, de uso global e deportivo con usos complementarios de vivendas unifamiliares, hostalería e dotacional.

Dende o seu punto de vista, revisar as densidades recollidas no actual PXOM, pode estar xustificado por diversos motivos, fundamentalmente porque as modificacións

normativas que tiveron lugar dende a aprobación do PXOM ata o actual momento, dado que a aprobación inicial do PXOM reservaba para vivenda protexida un 20%, coa entrada en vigor da Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pasou a ser dun 40%, e coa actual lei de vivenda de Galicia de 2012 fíxase nun 30%.

Indica que ditos cambios, tendo en conta a limitación legal do tamaño máximo das vivendas de protección oficial, as cales representarán o 30% de edificabilidade nun sector, supoñen unha modificación do tamaño da media das vivendas, respecto do previsto no PXOM. Así, precisa que, ao non incrementar a edificabilidade máxima admisible nun determinado ámbito e ao non variar os tipos xa previstos, o número máximo de vivendas que resulte posible construír nun ámbito determinado dependerá do tamaño das mesmas.

Afirma que unha modificación da densidade máxima admisible polos solos urbanizables non delimitados, pode permitir a construción de vivendas de protección oficial sen provocar distorsións no tamaño medio das vivendas libres.

No tocante ao cambio da densidade, profía que non modifica nin a edificabilidade máxima establecida, nin a tipoloxía prevista, nin as reservas mínimas para os sistemas de espazos libres e zonas verdes e de equipamento de dominio e uso público.

Nembargantes, engade que aumentar a porcentaxe de vivenda protexida sen modificar as densidades, pode provocar que as vivendas libres teñan unhas superficies máis elevadas que o esixido e demandado polo mercado. Isto provoca, asegura, que o desenvolvemento do SUND estea paralizado coa consecuencia de non construír ese 30% de vivendas de protección oficial dirixidas ás rendas máis baixas que non poden acceder a unha vivenda no mercado libre.

Di non entender o plantexamento dunha medida indiscriminada que afecta a todos os solos urbanizables non delimitados (A, B, C, F), mais recoñece que unha proposta pode ser válida para un ámbito específico, como pode ser o tipo de cidade-xardín, pero resúltalle como mínimo dubidoso que se estenda a outro tipo de SUND, cando se está a buscar unha solución excepcional ao SUND-39, do Campo de Bando.

Manifesta que, ao propoñer a modificación das densidades en todos os solos urbanizables non programados, o PP está a plantexar un cambio de modelo, un cambio de concepto do PXOM do 2008. Deste xeito, mantén, estase a facer unha revisión do mesmo, e non unha modificación puntual.

A continuación, alude ao artigo 93.2 da Lei do Solo, o cal recolle que a revisión do planeamento prodúcese pola adopción de novos criterios con respecto á estrutura

xeral e orgánica do territorio, ou á clasificación do solo motivada pola elección dun modelo territorial distinto, para describir o que está a acontecer coa proposta do grupo do goberno.

Tendo en conta os motivos anteriormente expostos e por tratarse dunha revisión do PXOM e non dunha modificación puntual do mesmo, evidencia que o voto do PSdeG-PSOE será contrario a esta proposta, xa que se esixen outros procedementos e outras garantías xurídicas para a veciñanza desta cidade.

Antes de concluir, fai referencia á intervención realizada no pleno de febreiro de 2011 por parte do Sr. Conde Roa, concelleiro voceiro do grupo municipal do PP, daquela na oposición. Lembra que ao plantexarse un incremento da densidade, somentes do grupo A (cidade xardín), alegou o seguinte: “trátase dunha auténtica revisión do plan xeral, que debería estar sometida a outras cautelas que pretenden evitar, sempre descargan a responsabilidade sobre os funcionarios”, ademais cuestionou: “como se pode dicir que un funcionario propón de oficio unha modificación do plan xeral”, e calificou a proposta de “auténtica barbaridade”.

Novamente insiste en que o PP, nesta ocasión, muda os de catro tipos, e ,acudindo á lexislación do ano 2008, alega que non hai promotor en España que realice vivendas na situación actual.

Para réplica, ten a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

Primeiramente, retruca ao Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, que pese a estudar as catro tipoloxías, a modificación do tipo F non se propón en ningunha modificación de densidade, somentes é a que afecta a Bando.

En segundo lugar, informa que os dous intentos de modificacións de densidades anteriores, foron denegados pola Consellería por non estudar todas as tipoloxías. Así, afirma que urbanismo plantexou estudar todas as tipoloxías para chegar á conclusión de se era ou non necesario modificalas. Neste caso, parécelle adecuado modificar as tres primeiras, pero non a F.

Rematadas as quendas de intervención, non tendo lugar a segunda e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 PP

Votos en contra: 9 PSdeG-PSOE

Abstencións: 3 BNG

Polo que o pleno da Corporación acorda por maioría absoluta do seu número legal o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa reunión que tivo lugar o día 22 de xaneiro de 2015, relativo á **Aprobación provisional da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) relativa ao Incremento de densidade dos solos urbanizables non delimitados (SUND)**, e en consecuencia acorda:

a) Aprobar provisionalmente a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) relativa ao incremento de densidade dos solos urbanizables non delimitados (SUND), sen modificacións respecto da foi aprobada inicialmente o 27 de marzo de 2014.

b) Remitir a modificación á Consellería de Medio Ambiente a fin de que outorgue a resolución que proceda sobre a aprobación definitiva, de conformidade co esixido polo artigo 85.7 da LOUG.

7. APROBACIÓN DEFINITIVA DA DECLARACIÓN DE NECESARIA OCUPACIÓN DE BENS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE.

O informe proposta que emitiu a xefa de sección de expropiacións que leva o visto e prace do secretario xeral do pleno, e que ao que prestou a súa conformidade a concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible é do teor literal seguinte:

“O Pleno do concello de Santiago de Compostela en sesión celebrada o 25 de setembro de 2014 acordou aprobar a declaración de necesaria ocupación a efectos de imposición de servidume, das fachadas dos edificios sitos en Rúa Boiro núm. 2,4,6,8,10,12; Rúa de Rianxo núm. 2,4,6,8,10,12; Rúa Santa Uxía de Ribeira núm. 2,4,6,8,10,12; Praza Álvaro Cunqueiro núm 1,3; Rúa de Noia núm. 1,3,5,7; Rúa de Bispo Diego Peláez núm. 1,3,5,7; Rúa San Xoán núm. 2,4,6,8; Rúa Santa Comba 2,4,6; e Avda. Castelao nºs 46,44 e 42.

Ademais acordou aprobar os anexos de titulares de división horizontal segundo catastro nos indicados edificios, así como os planos nos que quedan reflectidos os bens de necesaria ocupación achegados polo servizo de Obras e Proxectos relativos ao

ámbito do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local o 26/09/2013, que se refire á instalación do alumeado público no ámbito que se reurbaniza.

O acordo notificouse aos interesados e foi sometido a información mediante a publicación dos correspondentes anuncios no BOP (12/11/2014) El correo Gallego (12/11/2014) e Taboleiro de Edictos deste Concello.

No período de información pública presentouse tan só unha alegación da presidenta da CC de PP do edificio sito en rúa Vila de Noia nº 1 Dona María Luz Chao Jarel.

No escrito, manifesta a súa oposición á declaración de necesidade ocupación con fundamentos de carácter técnico e xurídico. Remata solicitando a suspensión do procedemento e a modificación da solución acordada no proxecto en canto á iluminación da Rúa Vila de Noia.

Ao respecto das alegacións de contido xurídico:

EN PRIMERIO LUGAR, entende que non existe xusta causa para o procedemento de imposición de servidume, que non está xustificado o interese público da actuación e que se lle causarán danos na fachada.

EN SEGUNDO LUGAR, entende que resulta requisito imprescindible para a execución da obra a autorización dos propietarios dos respectivos elementos comúns, e manifesta que a comunidade que preside non concede tal autorización para executar a obra na fachada do seu edificio.

Contestación á primeria alegación:

Xustificación e obxecto da expropiación

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, en sesión celebrada o 26 de setembro de 2013 acordou aprobar o Proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre; incluído no programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao fondo FEDER, dentro do eixo nº 5 (Desenvolvemento Sostible Local e Urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007/2013.

O proxecto de reurbanización aprobado contén a proposta de execución de tendido de distribución de enerxía para o alumeado público, cunha solución que implica a instalación de soportes e elementos nas fachadas dos edificios, de acordo coas

previsións do estudio de detalle para a rehabilitación do Barrio de Vista Alegre aprobado polo Pleno en sesión de 25 de setembro de 2008, así como cableado conexión en fachada.

Segundo o proxecto, a solución aprobada require a ancoraxe á fachada (elemento común) dunha pluralidade de edificacións.

De conformidade co disposto no artigo 10 da Lei de Expropiación forzosa a utilidade pública enténdese implícita nos plans de obras do municipio. Isto quere dicir que, a lexitimidade do procedemento de imposición de servidume, deriva “ex lege” da aprobación dun proxecto de obras cuxa execución esixe, dispoñer de espazo de fachada nos que ancorar elementos que, á súa vez, permitirán a prestación do servizo de alumado público. Porque unhas fachadas e non outras, e porqué unha solución construtiva e non outra deriva do proxecto aprobado definitivamente sen que este sexa o momento procedimental oportuno para presentar tal cuestión de carácter técnico.

O procedemento expropiatorio non só se pode utilizar para a adquisición forzosa do dereito de propiedade a favor do exprópiante ou o beneficiario, senón tamén cando o que se pretende é a modificación, constitución ou extinción de dereitos reais como pode ser a imposición de servidumes.

Corresponde ao Concello de Santiago a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, entre os que se atopa o de alumado público. Tan de interese público é a actuación que a xurisprudencia considera esa servidume como servidumes legais, que deben ser obrigatoriamente aceptadas polos propietarios.

Desde esta perspectiva; tan só haberá dereito a indemnización, no caso de que se considere que existe algunha minoración ou derogación concreta do contido do dominio sobre o elemento no que se institúe a servidume, con relevancia patrimonial. E iso porque, en principio, as limitacións de dominio legais no uso de bens propios, non dan dereito a indemnización salvo que se entenda que concorre privación singular.

No escrito, a alegante límitase a manifestar que existirán danos, pero non os cuantifica nin xustifica adecuadamente; circunstancia esta imprescindible para valorar a consideración inicial de inexistencia de dereito a indemnización.

Contestación á segunda alegación:

No informe xurídico que acompaña á aprobación do proxecto de obra, manifestábase a necesidade de contar coa autorización dos propietarios das fachadas; pero tal circunstancia é unha das dúas alternativas posibles.

En efecto, para a execución de obra pública que afecte a bens privados, pódese chegar a acordos cos propietarios, que voluntariamente permitan a execución das obras, cedendo os terreos ou permitindo a limitación de dereito que se derive da actuación. Pero, precisamente para asegurar a execución da obra pública, a lexislación (tanto o texto constitucional, Lei de expropiación forzosa e lexislacións sectoriais) arbitra un procedemento como o que nos ocupa, que asegura a posibilidade da imposición coactiva da privación da propiedade ou a imposición de dereitos limitativos do dominio, no seu caso, coa indemnización que puidera corresponder. O fundamento de tal previsión normativa resulta de que se considera prioritario o interese público inherente á execución da obra o que tamén é a causa da pacífica doutrina xurisprudencial en orde á non suspensión da execución destes procedementos.

Ao respecto da alegación de carácter xurídico:

EN TERCERIO LUGAR, desde unha perspectiva técnica, a alegante manifesta que a solución adoptada podería afectar negativamente ás fachadas recentemente remodeladas. Por conseguinte, facer inútil o gasto realizado polos veciños e alterar a edificabilidade das vivendas.

Contestación á terceira alegación, o arquitecto municipal Xefe do Servizo de Planeamento -Alberto Balea- informa o seguinte e con data 16/01/20158

“Co escrito de data de rexistro 14 de novembro de 2014, Dona. María Luz Chao Jarel representante da comunidade de propietarios do inmovible da rúa Vila de Noia 1, sito no barrio de Vista Alegre, presenta unha alegación ao expediente expropiatorio para a imposición dunha servidume forzosa para a instalación de luminarias en varias calles de Vista Alegre, dentro das actuacións previstas no proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre promovido polo Concello de Santiago.

Dende o punto de vista técnico respecto das alegacións presentadas pode indicarse o seguinte:

A lexislación sobre alumeado público é determinante, limitando as opción de altura e emprazamento das luminarias para acadar o nivel de iluminación legalmente exixible en cada caso. Xa que a intervención obriga á execución dun novo alumeado público, este estará sometido completamente á lexislación sectorial correspondente.

O proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre contempla a colocación de luminarias colgadas de catenarias naquelas rúas do barrio máis estreitas. Na rúa de Noia é necesario realizar un paso peonil de acceso aos portais dos inmobles cumprindo a normativa sobre accesibilidade, permitir o paso de vehículos e na outra beira dispoñer doutra beirarrúa que de acceso aos locais salvando a diferenza de nivel coa calzada. E ademais diso debe instalarse o alumeado público que cumpra cos niveis de intensidade e uniformidade indicados na súa normativa. A situación de báculos nas dúas beiras reducirían a posibilidade do paso de vehículos xa que tamén deben respectarse os largos mínimos das beirarrúas de acordo á normativa de accesibilidade e supresión de barreiras. Debe terse en conta que a construción dos novos ascensores nestas rúas impedirían unha distribución uniforme de iluminación coas luminarias situadas só nun lado da rúa ao crear zonas de sombra, o que trata de evitarse na intervención actualmente en execución.

Non se entende a aseveración indicada no punto primeiro da alegación presentada. Nesta indícase que os intereses públicos non están suficientemente ponderados toda vez que a necesidade por velar das condicións de habitabilidade e salubridade corresponde tamén a administración local. O argumento exposto na alegación é que a fachada do inmovible foi remodelada fai un ano co obxecto de buscar o illamento e revestimento nas vivendas e a súa virtualidade e intencionalidade agora perigan polos ancoraxes das suxeicións das luminarias que agora se pretenden instalar.

O obxecto da intervención que fai necesaria a creación da servidume é só a ancoraxe das luminarias para alumeado público en todas as fachadas da rúa, independentemente do seu estado actual, e poden ser executadas sen comprometer a salubridade ou habitabilidade no interior das vivendas. Neste sentido, unha gran parte da intervención do barrio de Vista Alegre é a demolición das terrazas existentes e a reparación da parte correspondente de fachada dos inmobles, cun alcance que tanto por superficie como polo método construtivo a empregar é moito maior que o das ancoraxes previstas para as luminarias.

Respecto da alegación segunda:

Por una parte se sinala que a colocación das placas da catenaria colocadas con parafusos metálicos de expansión o con taco químico levaría a execución de apertura de buratos polos cales podería filtrarse auga e producir humidade.

Efectivamente, para este tipo de colocación, é necesario a perforación na fachada para a colocación dos tacos, sen que deba supoñerse que iso signifique a entrada de auga

posto que é un procedemento habitual, ata o punto que no propio inmovible de referencia pode apreciarse a existencia da baixante de augas pluviais tamén suxeita con tornillería á fachada. A execución da obra deberá garantir a correcta instalación das suxeicións para garantir a estanquidade de forma semellante ás xa existentes nesa fachada.

As obras de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre están sometidas á lexislación sobre contratación pública, tamén no que atinxe ás garantías derivadas da execución dos traballos, ademais da responsabilidade patrimonial da administración no caso de producirse danos, e durante a execución das obras realízase un control de calidade independente da empresa executora dos traballos.

Non se sustenta a afirmación contida nesta alegación que o dano producido pola colocación de ancoraxes na facha é moi superior ao beneficio que a iluminación da rúa poda supoñer aos veciños. Non se debe presupoñer o dano as fachadas por a colocación de parafusos, cando xa existen outros nesa fachada. Pero de feito si que se ten ponderado no proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre. O proxecto xustifica a elección do tipo de luminaria e lámpada:

O alumeado deseñado emprega equipos de alta eficiencia enerxética, en xeneral mediante o uso de lámpadas tipo LED de potencia. Ademais da seu elevado rendemento, os equipos previstos presentan as seguintes vantaxes:

- ☐ *Elevado número de horas de funcionamento: o fabricante garante 100.000 horas en certas condicións de uso*
- ☐ *Regulación e control incorporados en cada luminaria, de xeito que o propio equipo pode realizar distintas regulacións, elixibles mediante microinterruptores.*

Os equipos previstos permiten minimizar o custo económico de explotación e mantemento. Para os usos previstos, a temperatura de cor non será inferior a 3.100 K, e asegúrase un elevado índice de reprodución cromática (IRC>85).

O proxecto de alumeado cumpre o Real Decreto 1890/2008 de 14 de novembro, polo que se aproba Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeado exterior.

Ademais desto, recolle o cálculo do nivel de iluminación correspondente.

O proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre contempla a colocación de luminarias colgadas de catenarias naquelas rúas do barrio máis estreitas. É necesario realizar un paso.

Respecto da terceira alegación:

O artigo 192 do PXOM indica que as redes de distribución en baixa tensión serán soterradas e, salvo que xustificacións previas debidamente aprobadas, aconsellen a instalación aérea.

A alegación argumenta que non se ha producido a xustificación da necesidade da instalación aérea.

O argumentado na alegación non ten sentido, pos ao que se refire o PXOM é ás redes de distribucións. Segundo a terminoloxía indicada nas instrucións técnicas complementarias do regulamento electrotécnico de baixa tensión ITC-BT-01 a rede de distribución é: *“El conjunto de conductores con todos sus accesorios, sus elementos de sujeción, protección, etc., que une una fuente de energía con las instalaciones interiores o receptoras.”* o que non debe confundirse coa instalación de luminarias aéreas, pois segundo a propia terminoloxía das ITC-BT-01: *“LUMINARIA: Aparato de alumbrado que reparte, filtra o transforma la luz de una o varias lámparas y que comprende todos los dispositivos necesarios para fijar y proteger las lámparas (excluyendo las propias lámparas) y cuando sea necesario, los circuitos auxiliares junto con los medios de conexión al circuito de alimentación.”*

O proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre contempla a instalación das redes de distribución de baixa tensión soterradas e polo tanto a obra non contradí o indicado no PXOM”.

3.- Declaración de urxencia

Noutro orde cousas, o acordo de iniciación da peza separada de declaración da necesaria ocupación, incluía consideracións en orde á conveniencia de solicitar da Xunta a declaración da ocupación como urxente. No expediente que se eleve á Xunta de Galicia deberá aparecer xustificada a urxencia, a oportuna retención de crédito con cargo ao exercicio no que se prevea a conclusión do expediente expropiatorio e a realización efectiva do pago polo importe ao que ascendera o prezo xusto, coas consecuencias 1 a 8 do artigo 52 da LEF; ou ben a xustificación da súa innecesariedade.

Ao respecto deste último punto, e, tendo en conta que tan so se presentou unha alegación que non cuantifica nin xustifica suficientemente o alegado dano; manterase a consideración de que, ao tratarse de servidumes legais e obrigatorias, non existe un dereito indemnizable a priori, a salvo de que, cada afectado xustifique a existencia no seu caso concreto, dunha limitación ou dano que esixa a indemnización que neste intre non se valora desde este órgano expropiante. E iso porque, tal e como se sinala no informe técnico transcrito, está valorado e xustificado no proxecto a inexistencia de dano; a salvo, insisitimos de peticións xustificadas das comunidades ou dos propietarios individuais que valorará esta administración.

Con independencia da perentoriedade de prazos da que adolece todo proxecto suxeito a programas financiados con fondos europeos; estamos a falar da tramitación dun procedemento para a imposición de servidumes que permitan a instalación de alumado público na modalidade de catenaria no Barrio de Vista Alegre. A actuación realízase en execución dun proxecto de urbanización máis ambicioso desenvolto como consecuencia da integración do ámbito nun ARI (área de rehabilitación integral) ao constatare o feito de que o barrio presentaba un acusasdo estado de deterioro, provocado polo paso do tempo, problemas graves de acesibilidade e seguridade que levaron ao Concello a plantexar a reurbanización da zona e a modernización das súas infraestruturas.

Na consecución dese ambicioso obxectivo de remodelación integral encádrase a necesidade de ocupación urxente das fachadas indicadas, para a imposición de servidumes que permitan a instalación do alumado, de xeito coincidente no tempo co resto das actuacións e asegure a prestación adecuada do servizo de alumado público no menor prazo posible.

Entendese que non procede fiscalización previa por parte da Intervención municipal ao non implicar, neste trámite, asunción de gasto.

Visto o disposto nos artigos 20, 21 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo doutro parecer mellor en dereito ao que someto o presente informe; entendo que o PLENO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA; de consideralo oportuno poderá adoptar acordo nos seguintes termos:

Primeiro: REXEITAR a alegación presentada por dona Dona María Luz Chao Jarel, en calidade de presidenta da CC de PP do edificio sito en rúa Vila de Noia nº 1 mediante escrito de data de entrada 19/11/2014 e nº 54027, contra o acordo de iniciación de peza separada de declaración de necesaria ocupación a efectos de imposición de servidume en fachadas de edificios para a execución do proxecto de obras “Mellora

da mobilidade e accesibilidade no Barrio de Vista Alegre”. polas razóns expostas na parte declarativa da resolución.

Así como rexeitar a solicitude de suspensión da execución do acordo, xa que iso suporía retrasar a execución do proxecto aprobado, que representa neste intre o interese público ao se tratar de obras que supoñen a reurbanización da zona e a instalación do servizo de alumeadado público na solución do proxecto aprobado que resulta acorde co Estudio de Detalle para a rehabilitación do barrio de Vista Alegre. .

Segundo: APROBAR DEFINITIVAMENTE A DECLARACIÓN DE NECESARIA OCUPACIÓN DAS FACHADAS DOS SEGUINTE EDIFICIOS para executar o Proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre; incluído no programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao fondo FEDER, dentro do eixo núm. 5 (Desenvolvemento Sostible Local e Urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007/2013. As fachadas son elementos comúns nos edificios que se relacionan.

RELACIÓN:

ZONA I

ANCLAXE CATENERIA	REF. CATASTRAL	ANCLAXE CATENARIA	PASOS AÉREOS SUBTERRÁNEOS	CABLEADO CONEXIÓN FACHADA	ANCLAXE LUMINARIAS FACHADAS
Rúa de Boiro					
Nº 2	7192301NH3479C	0.03 m ²	1,2 m ²	2,876 m ²	0.024 m ²
Nº 4	7192302NH3479C	0.03 m ²	---	---	---
Nº 6	7192501NH3479C	0.03 m ²	1,2 m ²	2,436 m ²	0.024 m ²
Nº 8	7192502NH3479C	0.03 m ²	---	---	---
Nº10	7293101NH3479C	0.02 m ²	1,2 m ²	2,436 m ²	0.024 m ²
Nº 12	7293102NH3479C	0.02 m ²	1,3174	4,468 m ²	0.024 m ²
Rúa de Rianxo					
Nº 2	7192601NH3479C	0.05 m ²	2.74 m ²	---	---
Nº 4	7192602NH3479C	0.05 m ²	5,19	---	---
Nº 6	7192603NH3479C	0.05 m ²	3,62	2,436 m ²	0.024 m ²
Nº 8	7192604NH3479C	0.05 m ²	2,55	---	---
Nº10	7192605NH3479C	0.05 m ²	3,58	2,436 m ²	0.024 m ²
Nº 12	7192606NH3479C	0.04 m ²	3,72	2,436 m ²	0.024 m ²
Rúa de Santa Uxía de Ribeira					
Nº 2	7192101NH3479A	0.03 m ²	1,2 m ²	2,506 m ²	0.024 m ²
Nº4	7192102NH3479A	0.03 m ²	2,46 m ²	---	---
Nº6	7192701NH3479A	0.03 m ²	5,13 m ²	2,506 m ²	0.024 m ²
Nº8	7192702NH3479A	0.03 m ²	2,41 m ²	---	---
Nº10	7292201NH3479A	0.03 m ²	4,57 m ²	2,506 m ²	0.024 m ²
Nº12	7292202NH3479A	0.02 m ²	2,44 m ²	---	---
Praza de Alvaro Cunqueiro					
Nº 1	7092704NH34795	0.03 m ²	---	---	---
Nº 3	7092701NH3479C	0.03 m ²	---	---	---

ZONA II

ANCLAXE CATENERIA	REF. CATASTRAL	ANCLAXE CATENARIA	PASOS AÉREOS SUBTERRÁNEOS	CABLEADO CONEXIÓN FACHADA	ANCLAXE LUMINARIAS FACHADAS
Rúa de Noia					
Nº 1	7291604NH3479A	0.02 m ²	2,44 m ²	---	---
Nº 3	7291603NH3479A	0.02 m ²	2,56 m ²	---	---
Nº 5	7291602NH3479A	0.02 m ²	2,45 m ²	---	---
Nº 7	7291601NH3479A	0.02 m ²	2,34 m ²	---	---
Rúa de Bispo Diego Pelaez					
Nº 1	7392004NH3479A	0.02 m ²	---	---	---
Nº 3	7392003NH3479A	0.03 m ²	---	---	---
Nº 5	7392002NH3479A	0.03 m ²	---	---	---
Nº 7	7392001NH3479A	0.02 m ²	---	---	---

ZONA III

ANCLAXE CATENERIA	REF. CATASTRAL	ANCLAXE CATENARIA	PASOS AÉREOS SUBTERRÁNEOS	CABLEADO CONEXIÓN FACHADA	ANCLAXE LUMINARIAS FACHADAS
Rúa de San Xoan					
Nº 2	7191904NH3479A	0.01 m ²	1,2 m ²	2.43 m ²	0.024 m ²
Nº 4	7191903NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Nº 6	7191902NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Nº 8	7191901NH3479A	0.02 m ²	---	---	---
Rúa de Santa Comba					
Nº 2	7191301NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Nº 4	7191302NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Nº 6	7191303NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Avenida Castela					
Nº 46	7190401NH3479A	---	1.2 m ²	3.9 m ²	0.024 m ²
Nº 44	7190401NH3479A	---	---	4.4 m ²	0.024 m ²
Nº 42	7190401NH3479A	---	---	2.2 m ²	0.016 m ²

Terceiro: APROBAR definitivamente OS ANEXOS DE TITULARES EN DIVISIÓN HORIZONTAL que se achegan co expediente. Nos citados anexos aparecen os titulares das vivendas dos edificios afectados, segundo catastro.

Cuarto: APROBAR definitivamente OS PLANOS nos que se reflicten os bens de necesaria ocupación achegados polo Servizo de Obras e Proxectos o 11 de xuño de 2014 con referencia 120614/-P1; e que son os seguintes:

- 1/5 MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE.
Alumeado Público. Ámbito
- 2/5 MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE.
Alumeado Público. Luminarias en fachadas.

- 3/5 MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE.
Alumeado Público. Cableado conexión en fachadas.

- 4/5 MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE.
Alumeado Público. Pasos aéreos subterráneos

- 5/5 MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE.
Alumeado Público. Anclaxe catenarias en fachada.

Quinto: Iniciar o procedemento de imposición forzosa de servidumes para a execución do proxecto arriba sinalado, que gravarán as fachadas dos edificios relacionados.

Sexto: Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxencia da ocupación de acordo coa xustificación sinalada arriba.

Sétimo: Os Presidentes actuais das CC de PP dos edificios afectados; no prazo de quince días poden presentar escritos de manifestación de acordo das súas comunidades coa constitución das servidumes relativas ás súas fachadas sen indemnización. Os acordos deben terse adoptado de conformidade cos requisitos esixidos na lei de propiedade horizontal e estatutos comunitarios de existir. Aquelas comunidades que xa tiveran o acordo autorizatorio adoptado, deberán presentalo xunto coa actual ratificación.”

Defende o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

Relata que na sesión plenaria celebrada o 25 de setembro do ano 2014, acordouse a aprobación da declaración de necesaria ocupación, a efectos de imposición de servidume, das fachadas dos edificios sitos en Rúa Boiro núm. 2,4,6,8,10,12; Rúa de Rianxo núm. 2,4,6,8,10,12; Rúa Santa Uxía de Ribeira núm. 2,4,6,8,10,12; Praza Álvaro Cunqueiro núm 1,3; Rúa de Noia núm. 1,3,5,7; Rúa de Bispo Diego Peláez núm. 1,3,5,7; Rúa San Xoán núm. 2,4,6,8; Rúa Santa Comba 2,4,6; e Avda. Castelao nºs 46,44 e 42.

Así mesmo, engade que dito acordo notificouse aos interesados e someteuse a información pública, presentándose tan só unha única alegación, a cal plantexa dentro do ámbito xurídico que non está xustificado o interese público, e que resulta imprescindible a autorización dos propietarios.

En base ao informe de contestación da xefa de sección de expropiacións, di que contesta amplamente estes aspectos, indicando que a Lei de Expropiación Forzosa dispón que a utilidade pública está implícita nos plans de obra do municipio.

Asegura que o proxecto, neste caso, xustifica a necesidade de anclar ás fachadas unha serie de elementos que permitan a prestación dun servizo público como é o alumeado. Ademais, engade que o procedemento expropiatorio pódese utilizar, como é caso, cando o que se pretende é a imposición de servidumes.

Xa que o Concello de Santiago é a administración á cal lle corresponde a prestación do servizo de alumeado de interese público, clarexa que a xurisprudencia considera que dita servidume é de carácter legal, e debe acatarse de forma obrigatoria polos propietarios.

No referente á necesidade de acordo dos propietarios, recoñece que é unha posibilidade, pero precisa que para asegurar a execución da obra e polo tanto a prestación do servizo, a lexislación arbitra un procedemento que asegura a imposición de dereitos limitativos do dominio.

Relata que dende a perspectiva técnica, a alegante manifesta que a solución adoptada podería afectar negativamente ás fachadas.

Atendendo ao informe do arquitecto municipal, xefe do servizo de planeamento, di que se evidencia a necesidade de adoptar este tipo de solución, e recolle que a instalación de suxeicións na fachada realizárase de modo que se garanta a estanqueidade da mesma, ao igual que os elementos xa anclados na fachada, baixantes e demais.

Mantén que ditas obras están suxeitas á lexislación sobre a contratación pública, tamén no que atinxe ás garantías derivadas da execución dos traballos, ademais da responsabilidade patrimonial da administración, no caso de producirse danos. Así mesmo, indica que o acordo de inicio da declaración da necesidade de ocupación incluía consideracións en orde á conveniencia de solicitar á Xunta a declaración da urxencia da ocupación. Deste xeito, informa, deberá xustificarse tanto a urxencia, como a innecesariedade de realizar unha retención de crédito, pois non existe un dereito indemnizable a priori. En canto ao primeiro caso, clarexa que está a falar dun procedemento para a imposición de servidumes que permiten a instalación dun servizo de alumeado público.

Ao respecto, engade que a actuación realízase en execución dun proxecto de urbanización dunha área de rehabilitación integral, a constatare que o barrio presentaba un acusado estado de deterioro, provocando problemas de accesibilidade e seguridade, e obrigando ao concello a plantexar unha reurbanización coa modernización das súas infraestruturas.

Informa que en dita modernización nunha parte das rúas nas que non é posible buscar outro tipo de solución, encádrase a imposición de servidumes que permitan a instalación de alumeado en catenaria apoiada en fachadas. Precisa que debe realizarse en sintonía co resto de instalacións co obxectivo de asegurar a prestación adecuada do servizo de alumeado público no menor prazo posible.

Anuncia que a proposta foi aprobada pola Comisión de urbanismo coa reserva de voto dos grupos da oposición e, á vista do exposto, propón ao pleno municipal, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: rexeitar a alegación presentada por dona Dona María Luz Chao Jarel, en calidade de presidenta da CC de PP do edificio sito en rúa Vila de Noia nº 1 mediante escrito de data de entrada 19/11/2014, contra o acordo de inicio da peza separada de declaración de necesaria ocupación a efectos de imposición de servidume en fachadas de edificios para a execución do proxecto de obras “Mellora da mobilidade e accesibilidade no Barrio de Vista Alegre”, polas razóns expostas na parte declarativa da resolución.

Así como rexeitar a solicitude de suspensión da execución do acordo, xa que iso suporía atrasar a execución do proxecto aprobado, que representa o interese público ao se tratar de obras que supoñen a reurbanización da zona e a instalación do servizo de alumeado público.

Segundo: aprobar definitivamente a declaración de necesaria ocupación das fachadas dos edificios sinalados, para executar o proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre; incluído no programa Urbana Santiago Norte.

Terceiro: aprobar definitivamente os anexos de titulares en división horizontal que se achegan ao expediente.

Cuarto: aprobar definitivamente os planos nos que se reflicten os bens de necesaria ocupación achegados polo Servizo de Obras e Proxectos en xuño de 2014, no que están todos os planos de alumeado.

Quinto: Iniciar o procedemento de imposición forzosa de servidumes para a execución do proxecto arriba sinalado, que gravarán as fachadas dos edificios relacionados.

Sexto: Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxencia da ocupación de acordo coa xustificación sinalada arriba.

Sétimo: Os Presidentes actuais das CC de PP dos edificios afectados, se lles abre un prazo de quince días poden presentar escritos de manifestación de acordo das súas comunidades coa constitución das servidumes relativas ás súas fachadas sen indemnización.

De seguido, toma a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**.

Con respecto á declaración da necesaria ocupación de bens para a execución do proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre, traslada que o BNG está totalmente a favor.

Califica como novedosa para Santiago, a solución de alumado público que se buscou e que se recolle no estudo de detalle aprobado no ano 2008. Consecuentemente, di comprender os recelos iniciais pero puntualiza que xa se experimentou noutras cidades galegas, así como en moitas outras capitais europeas, recoñecidas expresamente pola súa calidade urbanística.

Nembargantes, agarda que a execución da obra sexa da máxima calidade para evitar calquera tipo de molestia que puidera provocar.

Xa que para levar a cabo dita actuación resulta necesario ancorar as paredes dunha catenaría entre os dous bloques de edificios onde irán colgadas as lámpadas, considera que as razóns que xustifican o seu interese público son evidentes, e as razóns que xustifican o expediente de expropiación tamén o son, de xeito que está de acordo coa valoración dos técnicos a respecto da única alegación plantexada.

Porén, o que lle preocupa non é como se van ancorar as farolas, senón o estado desa obra. Pon de manifesto que a segunda fase que estaba a executar a empresa Ponciano Nieto, tiña que estar rematada pasado mañá e polo tanto, as actuacións previstas nas rúas Boiro, Rianxo, e Santa Uxía de Ribeira deberían estar completadas. Pola contra, indica que a execución é do 20%, casualmente o límite necesario para poder ceder legalmente a obra a outra empresa.

En suma, denuncia a paralización da obra e as molestias ocasionadas á veciñanza, pero reconece que parcialmente se retomaron co fin de limpar e acondicionar a zona tralas críticas dos veciños e dos grupos da oposición.

Por outra banda, tendo en conta que a encargada de rematar as obras será outra empresa, entende que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas que correspondían ao cedente. Así, agarda o pleno cumprimento de todo o marcado no proxecto técnico e nos pregos de contratación, e esixe que o grupo de goberno leve a cabo un seguimento.

Para concluír, reitera que o dende o BNG agardan o remate desas actuacións en cumprimento con todo o recollido no proxecto, e solicita que se eviten os atrasos que poidan por en perigo o financiamento global do proxecto.

A continuación, intervén o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Porfía que a posición adoptada polo grupo municipal socialista na votación, por unha cuestión de forma, será de abstención.

Manifesta que non está en contra da proposta, pero si no tocante á xestión en base aos veciños e ás veciñas da área de rehabilitación integral de Vista Alegre, a todo proxecto de obras de urbanización en xeral e, concretamente, ao que foi a solución da iluminación.

Finalmente, esíxelle ao goberno a iniciación dun diálogo cos veciños e veciñas para chegar a un punto de encontro, e lembra que a pesar de que máis do 60% dos membros do goberno do PP no concello non foron elixidos polos votos dos cidadáns, non están exentos de ningunha responsabilidade.

Rematadas as quendas de intervención, non tendo lugar a segunda e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria** ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (13 PP e 3 BNG) Votos en contra: 0 Abstencións: 9 PSdeG-PSOE

Polo que o pleno da Corporación acorda por maioría absoluta do seu número legal de membros aprobar o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo,

Infraestructuras, Vivenda e Medio Ambiente correspondente á súa reunión que tivo lugar o día 22 de xaneiro de 2015 relativo á **Aprobación definitiva da declaración de necesaria ocupación de bens para a execución do proxecto de mellora de mobilidades e accesibilidade do barrio de Vista Alegre**, e en consecuencia acorda:

Primeiro: Rexeitar a alegación presentada por dona Dona María Luz Chao Jarel, en calidade de presidenta da CC de PP do edificio sito en rúa Vila de Noia nº 1 mediante escrito de data de entrada 19/11/2014 e nº 54027, contra o acordo de iniciación de peza separada de declaración de necesaria ocupación a efectos de imposición de servidume en fachadas de edificios para a execución do proxecto de obras “Mellora da mobilidade e accesibilidade no Barrio de Vista Alegre”, polas razóns expostas na parte declarativa da resolución.

Así como rexeitar a solicitude de suspensión da execución do acordo, xa que iso suporía retrasar a execución do proxecto aprobado, que representa neste intre o interese público ao se tratar de obras que supoñen a reurbanización da zona e a instalación do servizo de alumeadado público na solución do proxecto aprobado que resulta acorde co Estudio de Detalle para a rehabilitación do barrio de Vista Alegre.

Segundo: Aprobar definitivamente a declaración de necesaria ocupación das fachadas dos seguintes edificios para executar o Proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre; incluído no programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao fondo FEDER, dentro do eixo núm. 5 (Desenvolvemento Sostible Local e Urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007/2013. As fachadas son elementos comúns nos edificios que se relacionan.

RELACIÓN:

ZONA I

ANCLAXE CATENERIA	REF. CATASTRAL	ANCLAXE CATENARIA	PASOS AÉREOS SUBTERRÁNEOS	CABLEADO CONEXIÓN FACHADA	ANCLAXE LUMINARIAS FACHADAS
Rúa de Boiro					
Nº 2	7192301NH3479C	0.03 m ²	1,2 m ²	2,876 m ²	0.024 m ²
Nº 4	7192302NH3479C	0.03 m ²	---	---	---
Nº 6	7192501NH3479C	0.03 m ²	1,2 m ²	2,436 m ²	0.024 m ²
Nº 8	7192502NH3479C	0.03 m ²	---	---	---
Nº10	7293101NH3479C	0.02 m ²	1,2 m ²	2,436 m ²	0.024 m ²
Nº 12	7293102NH3479C	0.02 m ²	1,3174	4,468 m ²	0.024 m ²
Rúa de Rianxo					
Nº 2	7192601NH3479C	0.05 m ²	2.74 m ²	---	---
Nº 4	7192602NH3479C	0.05 m ²	5,19	---	---

ANCLAXE CATENERIA	REF. CATASTRAL	ANCLAXE CATENARIA	PASOS AÉREOS SUBTERRÁNEOS	CABLEADO CONEXIÓN FACHADA	ANCLAXE LUMINARIAS FACHADAS
Nº 6	7192603NH3479C	0.05 m ²	3,62	2,436 m ²	0.024 m ²
Nº 8	7192604NH3479C	0.05 m ²	2,55	---	---
Nº10	7192605NH3479C	0.05 m ²	3,58	2,436 m ²	0.024 m ²
Nº 12	7192606NH3479C	0.04 m ²	3,72	2,436 m ²	0.024 m ²
Rúa de Santa Uxía de Ribeira					
Nº 2	7192101NH3479A	0.03 m ²	1,2 m ²	2,506 m ²	0.024 m ²
Nº4	7192102NH3479A	0.03 m ²	2,46 m ²	---	---
Nº6	7192701NH3479A	0.03 m ²	5,13 m ²	2,506 m ²	0.024 m ²
Nº8	7192702NH3479A	0.03 m ²	2,41 m ²	---	---
Nº10	7292201NH3479A	0.03 m ²	4,57 m ²	2,506 m ²	0.024 m ²
Nº12	7292202NH3479A	0.02 m ²	2,44 m ²	---	---
Praza de Alvaro Cunqueiro					
Nº 1	7092704NH34795	0.03 m ²	---	---	---
Nº 3	7092701NH3479C	0.03 m ²	---	---	---

ZONA II

ANCLAXE CATENERIA	REF. CATASTRAL	ANCLAXE CATENARIA	PASOS AÉREOS SUBTERRÁNEOS	CABLEADO CONEXIÓN FACHADA	ANCLAXE LUMINARIAS FACHADAS
Rúa de Noia					
Nº 1	7291604NH3479A	0.02 m ²	2,44 m ²	---	---
Nº 3	7291603NH3479A	0.02 m ²	2,56 m ²	---	---
Nº 5	7291602NH3479A	0.02 m ²	2,45 m ²	---	---
Nº 7	7291601NH3479A	0.02 m ²	2,34 m ²	---	---
Rúa de Bispo Diego Pelaez					
Nº 1	7392004NH3479A	0.02 m ²	---	---	---
Nº 3	7392003NH3479A	0.03 m ²	---	---	---
Nº 5	7392002NH3479A	0.03 m ²	---	---	---
Nº 7	7392001NH3479A	0.02 m ²	---	---	---

ZONA III

ANCLAXE CATENERIA	REF. CATASTRAL	ANCLAXE CATENARIA	PASOS AÉREOS SUBTERRÁNEOS	CABLEADO CONEXIÓN FACHADA	ANCLAXE LUMINARIAS FACHADAS
Rúa de San Xoan					
Nº 2	7191904NH3479A	0.01 m ²	1,2 m ²	2.43 m ²	0.024 m ²
Nº 4	7191903NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Nº 6	7191902NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Nº 8	7191901NH3479A	0.02 m ²	---	---	---
Rúa de Santa Comba					
Nº 2	7191301NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Nº 4	7191302NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Nº 6	7191303NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Avenida Castela					
Nº 46	7190401NH3479A	---	1.2 m ²	3.9 m ²	0.024 m ²
Nº 44	7190401NH3479A	---	---	4.4 m ²	0.024 m ²
Nº 42	7190401NH3479A	---	---	2.2 m ²	0.016 m ²

Terceiro: Aprobar definitivamente os anexos de titulares en división horizontal que se achegan co expediente. Nos citados anexos aparecen os titulares das vivendas dos edificios afectados, segundo catastro.

Cuarto: Aprobar definitivamente os planos nos que se reflicten os bens de necesaria ocupación achegados polo Servizo de Obras e Proxectos o 11 de xuño de 2014 con referencia 120614/-P1; e que son os seguintes:

- 1/5 MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE.
Alumeado Público. Ámbito

- 2/5 MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE.
Alumeado Público. Luminarias en fachadas.

- 3/5 MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE.
Alumeado Público. Cableado conexión en fachadas.

- 4/5 MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE.
Alumeado Público. Pasos aéreos subterráneos

- 5/5 MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE.
Alumeado Público. Anclaxe catenarias en fachada.

Quinto: Iniciar o procedemento de imposición forzosa de servidumes para a execución do proxecto arriba sinalado, que gravarán as fachadas dos edificios relacionados.

Sexto: Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxencia da ocupación de acordo coa xustificación sinalada arriba.

Sétimo: Os Presidentes actuais das CC de PP dos edificios afectados; no prazo de quince días poden presentar escritos de manifestación de acordo das súas comunidades coa constitución das servidumes relativas ás súas fachadas sen indemnización. Os acordos deben terse adoptado de conformidade cos requisitos esixidos na lei de propiedade horizontal e estatutos comunitarios de existir. Aquelas comunidades que xa tiveran o acordo autorizatorio adoptado, deberán presentalo xunto coa actual ratificación.

8. APROBACIÓN DE PROTOCOLO ENTRE A USC E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA QUE FIXE AS CONDICIÓNS DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA OE-5, A REDACTAR POLO CONCELLO EN BASE ÁS PROPOSTAS ACORDADAS COA USC PARA

XESTIONAR O ALLEAMENTO DE PARCELA DE TITULARIDADE UNIVERSITARIA COÑECIDA COMO HOSPITAL PROVINCIAL.

O informe-proposta que emitiu o Director da Área de desenvolvemento urbano e sostible, que trae a conformidade da concelleira delegada da área, de data 21 de xaneiro de 2015, é do seguinte teor:

“I. ANTECEDENTES:

Que no ano 2001 o pleno do Concello de Santiago aprobou definitivamente a modificación do Plan Xeral de Ordenación Urbana e do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica para a creación da ordenanza especial OE-5 Galeras-Universidade.

Os obxectivos desta modificación, promovida pola USC, consistían, dunha parte, en desenvolver unha operación de perda de densidade, derrubando as partes menos interesantes do vello edificio hospitalario para gañar zonas públicas no mesmo borde da cidade histórica; e, doutra, facer posible a dotación de equipamentos nesa área, acordes coa súa vocación de integración no propio conxunto histórico de novos usos urbanos, así como a apertura de viais en beneficio da mobilidade.

Transcorridos trece anos, nos que se desenvolveron boa parte das previsións, non se concretou, pola contra, o uso residencial comunitario recollido na propia ordenanza como equipamento de carácter privado, concentrado no conxunto edificado do vello e primixenio hospital provincial.

Da revisión estrutural e construtiva do vello hospital provincial e das análises urbanísticas e arquitectónicas realizadas pola USC conclúese a conveniencia de respectar o factor tipolóxico da planta susceptible de acoller usos diversos, o interese do mantemento da fachada do edificio do vello hospital para a configuración da imaxe urbana da Compostela do século XX, así como da envolvente volumétrica do edificio, co fin de manter as pegadas do que foi un fito na arquitectura hospitalaria galega e compostelá e, ao mesmo tempo, flexibilizar certas determinacións relativas ás condicións en que se poden acadar eses obxectivos, suprimindo condicionantes como os derivados da limitación de sobrecargas de uso na estrutura a conservar, ou a dificultade para dotar as prazas de estacionamento requiridas, ao esixirse unha rehabilitación integral, e a apertura a usos complementarios ao esencial, que debe seguir a ser o residencial comunitario, para facilitar a culminación da operación globalmente deseñada na OE-5.

II. CONSIDERACIÓNS:

1. Para o procedemento administrativo, con carácter xeral, artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como artigos 68 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. Natureza do documento:

O documento achegado obedece a unha orientación ou declaración de intencións, contendo as liñas básicas sobre os aspectos previstos na futura modificación do plan sobre unha área determinada. O devandito documento non figura solemnizar en acto administrativo ningún que supoña a incorporación ou o inicio dun expediente.

Por conseguinte a súa firma só responde á cortesía dun compromiso de estudo que aconselle se é o caso, a tramitación dunha modificación puntual do PXOM.

O propio Protocolo, pola súa natureza, condiciona a súa validez e eficacia e aprobación ~~da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común~~, fai referencia no seu **artigo 4º** aos principios que han de rexer as relacións entre as distintas Administracións Públicas afirmando que:

Artículo 4 Principios de las relaciones entre las Administraciones públicas

1. *Las Administraciones públicas actúan y se relacionan de acuerdo con el principio de lealtad institucional y, en consecuencia, deberán:*

d) *Prestar, en el ámbito propio, la cooperación y asistencia activas que las otras Administraciones pudieran recabar para el eficaz ejercicio de sus competencias.*

3. *La asistencia y cooperación requerida sólo podrá negarse cuando el ente del que se solicita no esté facultado para prestarla, no disponga de medios suficientes para ello o cuando, de hacerlo, causara un perjuicio grave a los intereses cuya tutela tiene encomendada o al cumplimiento de sus propias funciones. La negativa a prestar la asistencia se comunicará motivadamente a la Administración solicitante.*

4. *La Administración General del Estado, las de las Comunidades Autónomas y las Entidades que integran la Administración Local deberán colaborar y auxiliarse para*

aquellas ejecuciones de sus actos que hayan de realizarse fuera de sus respectivos ámbitos territoriales de competencias.

4.- Ausencia de contido económico.

O presente Convenio non supón en ningún caso unha carga económica adicional para o Concello. Tampouco implica pagos, investimentos ou aplicación de subvencións.

Por todo iso, a xuízo deste funcionario, en aras aos principios de celeridad, impulso, e economía procesal, non sería necesario o informe de fiscalización previa do departamento de Intervención.

5. Visto o texto do Protocolo

II. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Aprobación do PROTOCOLO ENTRE A USC E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA QUE FIXE AS CONDICIÓNS DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA OE-5, A REDACTAR POLO CONCELLO EN BASE ÁS PROPOSTAS ACORDADAS COA USC PARA XESTIONAR O ALLEAMENTO DA PARCELA DE TITULARIDADE UNIVERSITARIA COÑECIDA COMO HOSPITAL PROVINCIAL.”

O informe que emitiu o Secretario Xeral do Pleno – Director da Asesoría Xurídica en relación ao citado modelo de protocolo ten o seguinte contido:

“Solicitado informe xurídico a esta Secretaría, sobre o asunto de referencia, analizadas a lexislación e xurisprudencia aplicables ao caso concreto, en cumprimento do disposto no art. 54 do Texto Refundido polo cal se aproban as disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local de 18 de Abril de 1986, art. 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1986, art. 3 do RD 1174/87, de 18 de Setembro, polo cal se Regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal , art. 122.5º e) da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 39.1. 4 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, o funcionario que subscribe ten a honra de

EXPONENTE:

I

ANTECEDENTES DE FEITO

-Solicitud de informe por parte do Sr. Director de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible sobre modelo de “Protocolo de intencións, Protocolo proposto entre a USC e o Concello de Santiago de Compostela que fixe as condicións de modificación da ordenanza OE-5, a redactar polo Concello en base ás propostas acordadas coa USC para xestionar o alleamento da parcela de titularidade universitaria coñecida como Hospital Provincial”.

-Informe emitido polo Sr. Director Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible com data 21 de xaneiro de 2015 coa conformidade da Sra. Concelleira delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

II

LEXISLACION APLICABLE

-Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

-Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

-Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

- Lei 5/97, de 22 de Xullo, de Réxime Local de Galicia.

-Lei 33/2003, de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas.

-Lei 5/2011, de 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 50/1989, de 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Patrimonio de Galicia.

-Real Decreto 1732/1986, de 13 de Xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

-Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades.

-Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

-Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística do territorio e protección do medio rural de Galicia.

-Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Santiago de Compostela.

-Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica.

III

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira: En canto á natureza xurídica do documento sometido ao presente informe

Exponse na solicitude de informe a posibilidade de asinar un “Protocolo de intencións, Protocolo proposto “entre a USC e o Concello de Santiago de Compostela que fixe as condicións de modificación da ordenanza OE-5, a redactar polo Concello en base ás propostas acordadas coa USC para xestionar o alleamento da parcela de titularidade universitaria coñecida como Hospital Provincial”.

O obxecto do citado Protocolo é establecer unha orientación ou declaración de intencións, contendo as liñas básicas sobre os aspectos previstos na futura modificación do plan sobre unha área determinada. O devandito documento non figura solemnizar en acto administrativo ningún que supoña a incorporación ou o inicio dun expediente

Os Protocolos de intencións, ó igual que a súa posterior desenvolvemento en Convenios de Colaboración, poden ser definidos como aqueles negocios xurídicos bilaterais celebrados por un ente xurídico público con outros entes xurídicos públicos o con persoas físicas o xurídicas sometidas a dereito privado, regulados por Dereito Administrativo, en virtude da presenza predominante da idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público.

Neste sentido o Concello de Santiago de Compostela ten competencias sobre a materia obxecto do convenio, tendo en conta que ao amparo do **art. 25.2.da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local,**

“O Municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamiento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostenibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación

En semallantes termos pronunciase a **Lei 5/97, de 22 de xullo, do réxime local de Galicia.**

Os convenios de colaboración, e por ende os Protocolos de Intencións, aparecen contemplados no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e na Lei 30/1992, de

26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O **artigo 4.1 do Texto Refundido da Lei de Contratación do Sector Público** exclúe expresamente do seu ámbito de aplicación:

*c) Os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as **Universidades Públicas**, as Comunidades Autónomas, as Entidades locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.*

Esta norma legal, remítese en canto á posibilidade de celebración de convenios, ás «normas específicas que os regulan», aínda que perfila un marco xurídico, dispoñendo no apartado segundo dese **artigo 4** que, a falta de tales normas, aplicaranse «os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse». En canto ao seu obxecto, a única precisión da lexislación de contratos é que este non debe estar comprendido nos contratos regulados na propia Lei ou en normas administrativas especiais.

A remisión da citada Lei ás súas «normas específicas» obriga a indagar cales sexan estas.

Pois ben o **artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común**, baixo a rúbrica **«Terminación convencional»**, ocúpase tamén da cuestión establecendo respecto diso:

«As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao Ordenamento Xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevexa a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou inserirse nos mesmos con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin».

Por tanto, os convenios de colaboración pódense celebrar tanto con persoas físicas como con persoas xurídicas, públicas ou privadas, aínda que neste último caso, o obxecto do convenio non pode ser o dalgún dos contratos regulados na Lei.

No convenio que se somete a consideración do presente informe non contemplanse contraprestacións económicas para o Concello de Santiago de Compostela polo que o mesmo no debería ser intervido pola Intervención Municipal antes de proceder á súa aprobación, salvo mellor criterio.

Segunda: En canto ao órgano competente

Compete ao a **Xunta de Goberno Local** a súa aprobación e formalización administrativa, tendo en conta o réxime de delegación de competencias vixente no Concello de Santiago de Compostela, e, especialmente nas bases de execución do orzamento municipal, sen prexuízo de que o mesmo poida ser sometido a consideración de outros órganos municipais para mellor proveer.

Terceira: En canto ao seu contido.

Respecto do contido do Protocolo cada unha das cláusulas, ao meu xuízo, cumpre coa normativa vixente.

IV

CONCLUSIÓNS

INFÓRMASE FAVORABLEMENTE o Protocolo proposto “entre a USC e o Concello de Santiago de Compostela que fixe as condicións de modificación da ordenanza OE-5, a redactar polo Concello en base ás propostas acordadas coa USC para xestionar o alleamento da parcela de titularidade universitaria coñecida como Hospital Provincial”.

E este é o meu informe que emito segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito sen prexuízo de que tanto o Sr. Alcalde, como o Pleno da Corporación, e, no seu caso, a Xunta de Goberno Local, co seu máis alto criterio acorden o que estimen oportuno.”

Toma a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible**, para a defensa do Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo.

Primeiramente, dá conta dun borrador de protocolo de colaboración a asinar coa USC no que se expresa a vontade de estudar a proposta de modificar as actuais condicións de ordenación urbanística do inmovible do hospital vello de Galeras, dentro da ordenanza OE-5, co obxecto de mellorar as condicións para a súa renovación,

mantendo a esencialidade do edificio construído, tanto no que se refire ás fachadas petreas como a súa tipoloxía hospitalaria, e a envolvente volumen volumétrica que marca a altura das cornisas, e ampliar os usos autorizados, incluíndo os terciarios.

Pola súa parte, declara que a Universidade liberará o edificio da escola de estomatoloxía ao remate do curso 16-17.

Sinala que o protocolo conta cos informes emitidos polo Director de área xurídica de desenvolvemento urbano e sostible, e polo Secretario Xeral do Pleno municipal, favorables á aprobación do protocolo.

Finalmente, relata que a Comisión de urbanismo, coa reserva de voto dos concelleiros dos grupos da oposición, propón ao pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o Protocolo, entre a USC e o Concello de Santiago de Compostela, que fixe as condicións da modificación da ordenanza OE-5, a redactar polo concello en base ás propostas acordadas coa USC para xestionar a venda da parcela de titularidade universitaria, coñecida como hospital provincial, segundo a proposta que se adxunta ao expediente e autorizar a súa sinatura.

Posteriormente, ten a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**.

Traslada o malestar do BNG con respecto á forma na que se está a abordar esta cuestión. Parécelle inadecuado que un tema deste calado se introducese pola vía de urxencia na pasada Comisión Informativa de Urbanismo, a pesar de que non figuraba na orde do día.

Dende o seu punto de vista, é preciso abordar o tempo, a forma, e incluso a convocatoria dunha xunta de voceiros para dotar aos grupos da oposición de toda a información derivada das conversas mantidas coa Universidade de Santiago de Compostela.

En segundo lugar, di non atoparlle sentido ao plantexamento dun protocolo de intencións xa que non implica obriga, e porque o que se produce é un cambio dunha modificación no PXOM, a cal introduciría como usos permitidos os terciarios, no edificio do vello hospital. Ademais, relata que a Universidade comprométese a devolverlle ao concello un edificio que xa é do propio concello.

Resalta a necesidade de actuar de xeito urxente no edificio do vello hospital, pois a súa situación empeora ano tras ano dende o seu peche en xuño de 2003. Namentres afirma que o BNG non apoiará ningunha actuación que non contemplase o mantemento da titularidade pública, e a remodelación para albergar algún ou varios dos equipamentos socio-sanitarios necesarios para a cidade.

Así, propón converter o edificio nun centro integral de carácter socio-sanitario, asegurando que, dada a súa óptima ubicación, resulta posible complementar unha peza na que xa están operativas as dependencias do departamento dos servizos sociais do Concello, o edificio da Seguridade Social, e na que xa está en construción, o novo centro de saúde de Galeras.

Asegura que de reconvertir o vello hospital neste novo equipamento, poderíanse ofertar prazas residencias públicas para persoas maiores ou para enfermos crónicos de media e longa estancia, de xeito que estivesen ben atendidos en instalacións xestionadas pola consellería de sanidade. Así mesmo, propón complementar este uso con outros, como a habilitación de residencias para enfermos que acoden a Santiago para tratarse, e incluso para os familiares que os acompañan.

Lembra que o CHUS segue a ser un hospital punteiro en moitos ámbitos, motivo polo cal recibe pacientes de todas as partes do país, algúns deles procedentes de puntos cuxas comunicacións non son boas, ou que se ben na obriga de asistir todos os días realizando distancias longas.

Independientemente das necesidades, reitera que poderían atenderse esas dependencias.

Considera que se o Partido Popular dende a Xunta de Galicia, a pesar de ter a capacidade de acometer unha actuación deste tipo, non ten intención algunha de levalo a cabo, é lóxico que a Universidade de Santiago busque vías alternativas. Ao seu parecer, entre todas as posibles, o uso residencial comunitario para persoas maiores e outro tipo de servizos asistenciais, serían as accións menos malas.

Coincide coa necesidade de respectar o factor tipolóxico da planta do edificio. Di que non está catalogado pero evidencia que tanto a súa fachada como a súa planta gardan un simbolismo importante para a veciñanza de Santiago, pois foi un fito para a arquitectura hospitalaria compostelá e galega. Polo tanto, pide especial atención no referente á súa conservación e manifesta a súa preocupación sobre o feito de que esta nova instalación incorpore un aparcadoiro subterráneo dende a perspectiva de cómo

podería afectar ao tráfico rodado na zona. Namentres, amósase contrario á necesidade e á oportunidade de introducir usos terciarios.

Indica que o BNG entende que é posible permitir certa flexibilización na conservación integral do edificio, sempre que se manteña o esencial no referido á fachada, á planta, e á envolvente volumétrica que ven marcada polas propias cornisas. En base aos usos, insiste en que non se deberían flexibilizar, e aposta por manter a calificación de residencial comunitario.

No tocante á Universidade de Santiago, expón que non agardou a que se puidera producir esta modificación que o PP plantexa hoxe a consideración deste pleno, para aprobar o alleamento da parcela, e o edificio da súa titularidade nas sesións do seu consello de goberno e do seu consello social celebradas o 17 e 22 de decembro do pasado ano respectivamente. Declara que a USC debía entender que tería un posible comprador para este inmovible, como mínimo o prezo de saída coa súa actual calificación urbanística, e agora propoñen aumentar os usos a terciarios para, supostamente, facilitar a instalación dunha superficie comercial nos baixos deste edificio. Asegura que iso non é imprescindible para poder materializar un proxecto viable destinado a este edificio, e considera que non é necesaria unha nova superficie comercial nunha rúa na que xa existen dous supermercados.

Polo tanto, comprende que a Universidade de Santiago lance esta proposta, dende a perspectiva de acadar a maior liquidez posible na operación, pero nega que sexa o mellor para a cidade o feito de facilitar a instalación dunha nova superficie comercial desas características nesta zona.

En consonancia co anteriormente exposto, anuncia que o BNG non apoiará a proposta.

De seguido, intervén o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Clarexa que o PSdeG-PSOE, dentro do marco legal, vai estar sempre a favor da defensa da Universidade de Santiago de Compostela, ao contrario que o grupo de goberno do Partido Popular, que sistematicamente votou en contra das proposicións e mocións do grupo municipal socialista no referente a calquera asunto relacionado coa USC.

Resúltalle curioso que se presente hoxe no pleno un borrador de protocolo, que posteriormente ten que desenvolverse nun convenio de colaboración, e cuxa presentación, atendendo ao informe do secretario xeral da corporación, non se corresponde exactamente ao concepto ao que fai referencia, pois recóllese que os

protocolos de intencións poden ser definidos como aqueles negocios xurídicos bilaterais celebrados por un ente xurídico público con outros entes xurídicos públicos ou con persoas físicas ou xurídicas.

Ao respecto, pon de manifesto a necesidade de explicar cal é a parte que ten que cumprir a Universidade nese negocio xurídico bilateral. Sinala que o único que se incorpora é unha data concreta, e dubida do seu cumprimento xa que dista da anunciada nos medios de comunicación polo Sr.alcalde-presidente.

A pesar de que o PP trae ao pleno a posibilidade de avaliar se dentro do marco legal pódese estudar unha posible ampliación de uso para a finca onde se atopa o antigo hospital, é dicir, un borrador de protocolo que posteriormente debe desenvolverse, retruca que o lóxico sería plantexar unha proposta de modificación de uso con todos os informes técnicos e xurídicos preceptivos, de xeito que fose posible a súa avaliación e votación. Ademais, lamenta que non se poida determinar o alcance da conservación da fachada do hospital.

Novamente, denuncia, o PP está a pedir un cheque en branco en referencia a un edificio que conta cunha gran representación dentro da arquitectura hospitalaria de Santiago e de Galicia, que adquiriu moita importancia por asumir a atención hospitalaria na nosa cidade, tralo peche do hospital real para se converter no hostel da rede de paradores nacionais, e que ao longo de varios anos foi un dos principais fogares da recoñecida escola médica Compostela.

En consecuencia, considera que o borrador de protocolo non é suficiente, e sorpréndelle que nel non se inclúa o compromiso de que se adique integramente o produto da venda, a construción do campus da saúde, incluíndo a nova facultade de medicina.

Pese ao exposto, conclúe que o grupo municipal do PSdeG-PSOE apostará polo que entende que é un eixo estratéxico esencial para a cidade, é dicir, a Universidade de Santiago de Compostela. Polo tanto, traslada que o voto será a favor deste borrador de protocolo para un futuro convenio que poida facilitar o desenvolvemento do campus de saúde, tanto para a USC como para a Facultade de Medicina, a única desta rama en todo o sistema universitario galego.

Rematadas as quendas de intervención, non tendo lugar a segunda e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria** ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 22 (13 PP e 9 PSdeG-PSOE)

Votos en contra: 3 BNG

Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta do seu número legal, aprobar o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Vivenda e Medio Ambiente correspondente á súa reunión que tivo lugar o día 22 de xaneiro de 2015 relativo á **Aprobación do Protocolo entre a USC e o Concello de Santiago de Compostela que fixe as condicións da modificación da Ordenanza OE-5, a redactar polo Concello en base ás propostas acordadas coa USC para xestionar o alleamento de parcela de titularidade universitaria coñecida como Hospital Provincial**, e en consecuencia acorda aprobar o Protocolo entre a USC e o Concello de Santiago de Compostela que fixe as condicións de modificación da ordenanza OE-5, a redactar polo Concello en base ás propostas acordadas coa USC para xestionar o alleamento da parcela de titularidade universitaria coñecida como Hospital Provincial, segundo a proposta que se achega ao expediente, e autorizar a súa sinatura.

9. RATIFICACIÓN DO CATÁLOGO DE CONDICIÓNNS QUE REXERÁN NA XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO.

Ao non incluír ditame da Comisión informativa ao abeiro do artigo 83.1 do Regulamento Orgánico do Pleno procede ratificar a súa inclusión na orde do día

Sometido a votación, **o pleno por unanidade acorda a inclusión** do presente punto na orde do día.

A proposta da concelleira delegada de turismo e comercio é do teor literal seguinte:

“De acordo ao recollido na cláusula 5 do Convenio para a promoción conxunta do turismo da Área de Santiago de Compostela, o Catálogo de Condicións nas que se recollen as directrices establecidas para a realización da promoción turística conxunta deberá ser ratificado pola sesión plenaria dos concellos.

A vista do anterior, propoño que o Pleno do Concello de Santiago de Compostela adopte o seguinte acordo:

Aprobar o Catálogo de Condicións no cal veñen recollidas as directrices para a realización da promoción turística conxunta dos Concellos da Área de Santiago de Compostela.”

Achegado ao expediente figura o catálogo de condicións asinado polos alcaldes da Área de Santiago de Compostela.

Xa que o presente asunto da orde do día non pasou pola Comisión informativa porque o expediente foi presentado trala súa convocatoria, o **Sr.alcalde-presidente** toma a palabra para clarexar que, de acordo co artigo 83.1 do Regulamento Orgánico do Pleno, é preciso ratificar a súa inclusión mediante votación.

A continuación toma a palabra a **Sra. Leis Rodríguez, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Turismo**.

Informa da conversa mantida esta mañá co voceiro do BNG, o Sr. Cela Díaz, e declara que non sucedeu o mesmo co voceiro do PSdeG-PSOE, o Sr. Reyes Santiás, porque non foi posible localizalo.

Por outra banda, lembra que no convenio asinado en setembro por parte dos dezaseis alcaldes da área de Santiago, estaba previsto a aprobación deste anexo de colaboración e de xestión interna.

O **Sr.alcalde-presidente** pregunta se alguén desexa quenda. Ao non haber debate, procédese á votación.

Rematado o espazo de intervención, non tendo lugar o segundo e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 25 (13 PP, 9 PSdeG-PSOE e 3 BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade a proposta transcrita da Sra. Concelleira de Turismo, relativa á **Ratificación do Catálogo de condicións que rexerán na xestión compartida da promoción turística conxunta dos Concellos da Área de Santiago**, e en consecuencia acorda aprobar a proposta da concelleira delegada de turismo e comercio inicialmente transcrita relativa á ratificación do catálogo de

condicións que rexerán na xestión compartida na promoción turística conxunta dos Concellos da Área de Santiago de Compostela.

10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE O CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS MARCADOS POLA LEI DE TRANSPARENCIA.

O grupo municipal do Partido Popular formulou con data 22 de xaneiro de 2015, a seguinte proposición que ven asinada polo voceiro do grupo:

“A transparencia, o acceso á información pública e as normas do bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando os cidadáns coñecen como se toman as decisións que lles afectan e cómo se manexan os fondos públicos poderemos falar de poderes públicos que responden ante unha sociedade crítica e esixente.

Canto maior é o nivel de transparencia e por tanto maior é o coñecemento dos cidadáns sobre a actuación dos seus representantes, maior crítica se pode facer ao seu traballo, xulgalos e decidir en consecuencia nas urnas, favorecendo por tanto o sistema democrático e contribuíndo a unha maior eficacia e eficiencia na xestión pública.

A entrada en vigor da Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno supuxo un paso máis ampliando e reforzando a obriga da publicidade activa en diversos ámbitos das Administracións Públicas, sendo obrigatoria na actualidade só para o Estado. Tendo en conta que coa entrada en vigor da mesma para as entidades locais segundo a disposición final IX non se producirá ata o 11 de decembro de 2015, e ante o interese do Grupo Municipal do Partido Popular de por a disposición da cidadanía a máxima información sobre a xestión pública do Concello de Santiago, propoñemos que se aprobe o seguinte acordo:

Adoptar o compromiso do Pleno do Concello de Santiago de Compostela para cumprir os requisitos marcados pola citada Lei de transparencia o 1 de xullo de 2015 adiantándose así á data de entrada en vigor marcada na mesma.”

Co fin de defender a proposta, comeza o debate **o Sr. Martínez Varela, concelleiro do grupo municipal do PP.**

Expón que tanto a transparencia, como o acceso á información pública e ás normas do bo goberno, deben ser os eixes fundamentais de toda acción política, e sinala que só cando os cidadáns teñan coñecementos sobre como se toman as decisións que lles

afectan e cómo se manexan os fondos públicos, será posible falar de poderes públicos que resposten ante unha sociedade crítica e esixente.

Afirma que canto maior é o nivel de transparencia e polo tanto o coñecemento dos cidadáns sobre a actuación dos seus representantes, maior crítica se pode facer ao seu traballo, para máis tarde xulgalos e decidir nas urnas, favorecendo o sistema democrático e contribuíndo a unha maior eficacia e eficiencia na xestión pública.

Posteriormente, alude á entrada en vigor da Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e afirma que ampliou e reforzou a obriga da publicidade activa en diversos ámbitos das administracións públicas, sendo obrigatoria na actualidade só para o Estado. Focalizando nas entidades locais, indica que segundo a disposición final IX, non se producirá ata decembro de 2015.

En suma, ante o interese do grupo municipal do partido popular de por a disposición da cidadanía a máxima información sobre a xestión pública do Concello de Santiago, propón que se aprobe o seguinte acordo:

Adoptar o compromiso do Pleno do Concello de Santiago de Compostela para cumprir os requisitos marcados pola citada Lei de transparencia o 1 de xullo de 2015 adiantándose así á data de entrada en vigor marcada na mesma para as entidades locais. Adoptar o compromiso do Pleno do Concello de Santiago de Compostela para cumprir os requisitos marcados

A continuación, intervén o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG.**

Resúltalle esperpéntico que o PP fale sobre transparencia e bo goberno, tendo en conta todo o acontecido nesta corporación.

Relata que dende a entrada e vigor da Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno das entidades locais, fíxase un prazo de dous anos dende a súa publicación, que obedece á fixación dun tramo transitorio necesario para adaptarse ás obrigas contidas no propio documento, tanto dos sistemas informáticos, como da formación especializada que require o persoal municipal para atender as potencias e peticións da cidadanía.

Dado o carácter complexo das entidades locais, por ser administracións máis próximas aos cidadáns e ás cidadás, parécelle lóxico que o tempo de adaptación sexa maior, incluso, que para a administración do estado ou á da xustiza.

Asegura que durante os primeiros días da entrada en vigor, foi posible observar como se recibiron multitude de peticións de información e de visitas no portal da transparencia, creado exproceso polo goberno do Estado, feito do que se deduce a existencia dunha necesidade de fornecer de documentación que demanda a cidadanía.

Sobre o anticipo da data, considera que no obxecto desta insólita proposición que trae ao Pleno o grupo municipal do PP, vese unha intencionalidade claramente electoralista, pois nos orzamentos do 2014 e do 2015 non se contempla o custe de adaptación, o verquido de datos á rede de expedientes, que actualmente están só en papel, nin a formación especializada que precisa o persoal municipal.

Sinala que o plan de formación, o cal debería contemplar aprendizaxes sobre a información que se pode facilitar coa discriminación de datos persoais correspondentes ao abeiro desta lei de transparencia e acceso á información pública e bo goberno, non existe dende a entrada do grupo popular no goberno de Santiago. Así, pregúntase como pensan fornecer estes coñecementos ao persoal municipal derivados desta lei, sen un plan de formación.

Do mesmo xeito, lembra que a formación profesional do funcionariado considerase non só unha oportunidade e un dereito do empregado público, senón tamén unha obriga profesional, a pesar de que o PP están impedindo, nese sentido, o dereito á aprendizaxe.

Insiste en que se trata dunha proposta oportunista, porque de ter un fondo real, teríanse aprobado con anterioridade iniciativas como as plantexadas polo BNG por exemplo sobre o código de bo goberno, ou sobre a convocatoria do debate do estado do municipio.

Di que se o PP verdadeiramente, pretendía falar de transparencia nestes tres últimos anos, disimularon moi ben, xa que dificultaron a labor de fiscalización da oposición en moitos períodos ao non contestar en prazo as preguntas e requirimentos de información, durante máis dun ano non subiron na web municipal as actas dos plenos, e na aprobación do plan de axuste do concello entregóuselles a documentación cinco minutos antes de aprobar un dos acordos máis importantes do mandato.

Pese a que nesta iniciativa faise referencia á necesidade de que a cidadanía coñeza a que destinan os recursos públicos, asegura que de ser así o PP comezaría por levar uns orzamentos máis participativos, tomando en consideración algunha das alegacións presentadas polos grupos da oposición, polas centrais sindicais, e por outros colectivos da cidade.

Reafirma que a transparencia forma parte da calidade democrática, e para iso é fundamental permitir o debate das mocións nos plenos, recibir á veciñanza, escoitar activamente, dar a coñecer os proxectos antes de iniciar as obras, favorecer datos de sobre en que se están a investir os fondos públicos, e saber en que se gastan os impostos. Nese sentido, apunta que seguen agardando unha explicación razoable sobre o acontecido co canon da concesionaria da Ora e da grúa.

Antes de facer que entre en vigor esta lei, di que como paso previo, deberíase establecer un plan prioritario encamiñado á modernización e dixitalización da documentación, pois traballando cara a administración electrónica, será posible gañar rapidez na consulta de documentación, e a tramitación abriría as portas á transparencia ao tempo que se abandonarían determinadas malas prácticas.

Indica que nestes últimos tres anos perderon o tempo, e incluso cartos con duplicidades pouco xustificables, como por exemplo a que se produce coa información do portal Dusantiago, e ao mesmo tempo da web municipal.

Porfía que o BNG seguirá a impulsar a transparencia na actuación do concello, con medidas que caracterizan a súa concepción da política, e a súa acción de goberno. Polo tanto, lembra que esta semana propuxeron no Parlamento de Galicia, esixir a realización de censos públicos ás empresas nos concellos, para que sexan convidados a todos os procesos de contratación pública das institucións locais nos ámbitos da súa actividade, e a creación dun rexistro de empresas que incumpriran cláusulas contractuais, teñan débedas, ou foran sancionadas por abusos en materia de persoal e condenadas por casos de corrupción.

Dende o seu punto de vista, a contratación pública non ten que ser un fin en si mesmo, nin constitúe exclusivamente un medio para a obtención de prestacións, obras ou servizos nas condicións economicamente máis ventaxosas para a administración, senón que é unha ferramenta xurídica ao servizo dos poderes públicos para o cumprimento dos seus fins e valores fundamentais, a cohesión social, a redistribución da riqueza, a igualdade, e a xustiza.

Para finalizar, considera que esta proposición que hoxe trae o grupo municipal do Partido Popular é froito do oportunismo, xa que prevé a súa entrada en vigor xusto despois das eleccións municipais, para lavar a imaxe do é o peor goberno que padeceu Santiago de Compostela na súa etapa democrática. Denuncia, tamén que non vai acompañada do pertinente proceso formativo do persoal municipal, da implementación tecnolóxica necesaria, nin da vontade política de exercer un bo goberno con transparencia e responsabilidade no manexo dos fondos públicos. Polo tanto, xa que non pensa que sexa posible o cumprimento da mesma, anuncia que o voto do BNG non será favorable.

De seguido, ten a palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Clarexa que o PSdeG-PSOE, está totalmente a favor de que se adopte un compromiso para cumprir os requisitos marcados pola lei de transparencia, e polo tanto de que se adiante a data de entrada en vigor da mesma para solventalos o 1 de xullo de 2015.

Sorpréndelle a proposta do Partido Popular, e suxeita que se trata dun exercicio de cinismo xa que rexeitaron tanto a aprobación e aplicación dun código ético, como unha ordenanza de transparencia, ambos presentados e solicitados polo grupo municipal socialista.

Polo tanto, xa que o grupo de goberno do PP non foi capaz de presentar ou realizar ningún debate do estado do municipio, non lle parece adecuado que estean a dar leccións de transparencia, a tres meses e medio das eleccións.

Sinala que a Universidade Rey Juan Carlos en colaboración con SIE local, publicou un estudo dos municipios españois de máis de 50.000 habitantes, no que avalían a aplicación e a preparación desas cidades en base á da Lei de transparencia. Nel, prosegue, púxose de manifesto que Santiago de Compostela, baixo a maioría absoluta do PP, ocupa o posto 140 das 144 cidades analizadas, é dicir, a quinta posición pola cola, só por diante de Portollano, Torrelavega, Utrera, e a Liña da Concepción. Ademais, cita o recién publicado Índice de Transparencia dos concellos para o 2014, no que Santiago alcanza o número 97, a pesar de que no último índice publicado, cun goberno de progreso, a cidade atopábase no posto 29.

No tocante á relación cos cidadáns e ca sociedade, profía que co PP estamos no posto sesenta, mentres que no goberno de progresista estivemos no posto 24. Atendendo á transparencia, pasouse do posto 32 ao 105, no referente á transparencia da

contratación de servizos, do posto 1 ao 97, e sobre a transparencia en materias de urbanismo e obras públicas do 47 ao 85.

Polo tanto, afirma que o PP denigrou tanto a posición como o bo nome da cidade, e declara que o PSdeG-PSOE votará a favor de que se cumpra o compromiso esixido pola Lei de transparencia antes do seu termo legal.

Para réplica, outórgaselle a palabra ao **Sr. Martínez Varela, concelleiro do grupo municipal do PP.**

Con respecto aos datos anteriormente referidos polo BNG, puntualiza que este equipo de goberno, dende o último bimestre do ano anterior, contratou un novo sistema para o portal de transparencia, que a día de hoxe estase a desenrolar, e contratouse tamén a formación para o mesmo, de xeito que se levará a cabo a súa implantación.

Manifesta que dende a súa entrada como equipo de goberno, foron conscientes dunha serie de necesidades, de xeito que están a implantalas, intentando levar a cabo unha transformación do portal de transparencia que teñen na actualidade no concello, combinándoo cun sistema de opendata de datos abertos. Informa que ata o momento, ningún dos concellos galegos conta con este tipo de sistema, que ademais ten un carácter interactivo.

Por outra parte, tendo en conta as declaracións nas que se que o PP non ten un impulso no que é a administración electrónica, declara que agora implantouse, como consecuencia da obrigatoriedade, o tema da factura electrónica. Do mesmo xeito, relata que se está a estudar dende fai meses, un novo xestor documental integral para todo o concello, pero clarexa que é unha decisión que non se adopta nun par de días, e que afecta á globalidade do concello. Polo tanto, insiste en que este equipo de goberno está a traballar en materia non só de eficacia na xestión administrativa, senón tamén en materia de economía e de eficiencia.

Por outra parte, di que a data do 1 de xullo, é unha data de máximos, polo que a súa intención é ir implantando gradualmente o novo portal subindo cada vez o maior número de información posible, para que, incluso antes das eleccións, este portal recolla o marcado pola Lei de transparencia, e vaia máis aló do marcado pola mesma.

Con respecto á ordenanza de transparencia, retruca ao voceiro do grupo municipal socialista que a ordenanza atópase case rematada, para traela dentro de pouco a pleno.

No tema do estudo da Universidade Juan Carlos I, califica como salientable apuntar que se levou a cabo en termos cuantitativos, conforme a indicadores de elaboración propia construídos a partir dun cuestionario sobre catro bloques de información do texto da normativa, e un dos criterios a valorar foi contar o número de clips necesarios para acceder a cada epígrafe.

Sobre a enquisa realizada, recoñece que o Concello de Santiago atópase na posición anunciada polos voceiros do PSdeG-PSOE, pero precisa que foi no momento no que se enviou, a este equipo de goberno, o indicador que outorga un período de tempo para adaptarse. Apunta que nun primeiro momento cumpríanse 15 dos 80 indicadores, e cando se remitiu a enquisa ascendeu a 70. Por este motivo, afirma, leváronse a cabo todas as actuacións relativas a un cambio total do portal de transparencia, combinado cun sistema de opendata.

Finalmente, clarexa que están a traballar nese sentido tal e como reflicte a proposición, a cal transmite unha idea de transparencia, de boa xestión, e de eficacia.

A continuación, está no uso da palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**.

Contesta que non se trata de transmitir unha idea de transparencia, senón de ser transparentes, pois a transparencia non é unha cuestión que atinxe exclusivamente a unha páxina web, aínda que recoñece que é un avance.

En segundo lugar, rógalle ao PP un pouco de decencia á hora de plantexar este tipo de cuestións, pois levan tres anos e medio de mandato e tendo en conta todo o acontecido, como por exemplo a xestión das subvencións, o asociacionismo veciñal actualmente en sede xudicial, a realización de determinado tipo de obras no concello, o caso da Virxe Branca, o caso de contratación de determinado tipo de desbroces, ou o intento de despido dunha muller polo feito de estar casada cun sindicalista, non lle parece que sexa un paradigma de transparencia e bo goberno.

Ademais de apostar por páxinas web ou dixitalización, solicita que se comece por facilitar información aos propios grupos da oposición, feito que contaría co beneplácito do BNG.

Toma a palabra, a continuación, o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Aposta por calquera proceso que mellore a transparencia, pero traslada que a súa confianza no PP, con respecto a este tema é nula. Volvendo ao estudo anteriormente citado, reitera que o dato empeora non sómentes en comparación co goberno progresista, senón tamén ao respecto do ano 2012, pasando do número 50 ao 97.

Por último, finaliza o debate o **Sr. Martínez Varela, concelleiro do grupo municipal do PP**.

Reafírmase na súa postura, insistindo en que o obxectivo non é ser transparentes, pois indica que xa o son, senón ser máis transparentes. Así mesmo, clarexa que son un equipo de goberno que non vive no pasado, pois céntranse no futuro.

Rematadas as quendas de intervención non tendo lugar a segunda e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 22 (13 PP e 9 PSdeG-PSOE)
Votos en contra: 0
Abstencións: 3 BNG

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta do seu número legal, aprobar a proposta transcrita do Grupo Municipal do Partido Popular, e en consecuencia acorda adoptar o compromiso do Pleno do Concello de Santiago de Compostela para cumprir os requisitos marcados pola Lei de Transparencia ao 1 de xullo de 2015, adiantándose así á data de entrada en vigor marcada na mesma.

11. DAR CONTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVO Á DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

Dáse conta ao pleno do seguinte acordo da Xunta de Goberno de data 15 de xaneiro do corrente ano, en materia de delegación de competencias:

“NÚMERO 1.- PROPOSTAS RELATIVAS A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

1.1) Dáse conta á Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía, de data 5 de xaneiro de 2015, do seguinte teor literal:

“De conformidade co previsto no artigo 127.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e decreto desta alcaldía de 19 de decembro de 2014;

PROPOÑO:

Que pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela se deleguen as competencias que figuran no Punto 3, apartado 1, do acordo da Xunta de Goberno de 11 de xullo de 2014 (BOP 14-08-14, número 154), nas concelleiras:

Dona María Ángeles Antón Vilasánchez, concelleira delegada de Normalización Lingüística e Dona María Teresa Cancelo Márquez, concelleira delegada de Educación e Xuventude.

A delegación de competencias comprenderá as facultades de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

Todas estas delegacións enténdense efectuadas, salvo que por lexislación específica as competencias delegadas estean atribuídas a outro órgano municipal.

Nas notificacións das resolucións que ditén os respectivos concelleiros delegados, farase constar esta circunstancia, de conformidade co que dispón o artigo 13.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP e PAC).

Esta delegación terá efectos dende a data de adopción do acordo correspondente.”

Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Delegar as competencias que figuran no Punto 3, apartado 1, do acordo da Xunta de Goberno de 11 de xullo de 2014 (BOP 14-08-14, número 154), nas concelleiras:

Dona María Ángeles Antón Vilasánchez, concelleira delegada de Normalización Lingüística e Dona María Teresa Cancelo Márquez, concelleira delegada de Educación e Xuventude.

A delegación de competencias comprenderá as facultades de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

Todas estas delegacións enténdense efectuadas, salvo que por lexislación específica as competencias delegadas estean atribuídas a outro órgano municipal.

Nas notificacións das resolucións que diten os respectivos concelleiros delegados, farase constar esta circunstancia, de conformidade co que dispón o artigo 13.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP e PAC).

Esta delegación terá efectos dende o día de hoxe.

1.2) Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta de data 11 de xaneiro de 2015, do director de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, conformado coa mesma data pola concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, do seguinte teor literal:

“Antecedentes:

O artigo 127 da Ley Reguladora de las Bases del Régimen Local, modificada pola Ley de Medidas para la Modernización del Gobierno Local (Ley 57/2003, de 16 de decembro), recolle no seu artigo 127 as competencias atribuídas á Xunta de Goberno Local que resultan de aplicación a Santiago de Compostela en virtude do establecido no artigo 121.c) da citada LRBRL.

Entre esas competencias, o parágrafo I) contempla a correspondente ao exercizo da potestade sancionadora salvo que por ley esté atribuída a outro órgano.

Consideracións:

As facultades delegadas na concelleira de desenvolvemento sostible derivan dunha pluralidade de normas que recollen un réxime de infraccións e sancións. Aos efectos de axilizar a tramitación administrativa dos expedientes que poideran tramitarse nesta área resulta oportuna a delegación da competencia sancionadora na concelleira D^a Teresa Gutiérrez López.

Proposta de resolución:

Delegar a competencia sancionadora das infraccións cometidas nas materias de cemiterios, servizos básicos, sanidade e medio ambiente, derivadas da aplicación das ordenanzas e legislación sectorial nestas materias, nas que a competencia sancionadora non se atribúa especificamente a outro órgano, na concelleira delegada da área D^a Teresa Gutiérrez López. A delegación inclúe a facultade de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.”

Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Delegar a competencia sancionadora das infraccións cometidas nas materias de cemiterios, servizos básicos, sanidade e medio ambiente, derivadas da aplicación das ordenanzas e lexislación sectorial nestas materias, nas que a competencia sancionadora non se atribúa especificamente a outro órgano, na concelleira delegada da área D^a Teresa Gutiérrez López. A delegación inclúe a facultade de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

Esta delegación terá efectos dende o día de hoxe.”

O **Sr. alcalde-presidente** comenta que dáse por cumprimento a este punto coa entrega da documentación distribuída na convocatoria, salvo que algún grupo queira algunha aclaración.

12. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN.

Dáse conta ao pleno dos seguintes Decretos da Alcaldía en materia de delegacións:

- Decreto do 19 de decembro de 2014:

“No Pleno extraordinario-urxente, celebrado o día de hoxe, tomou posesión como concelleira DONA MARÍA TERESA CANELO MÁRQUEZ.

En virtude das facultades que me confire o artigo 124 da Lei 7/85, reguladora das bases do Réxime Local, de 2 de abril, e artigos 31 e seguintes do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela (BOP 6.3.2012).

RESOLVO:

Nomear a DONA MARÍA TERESA CANELO MÁRQUEZ, concelleira delegada de Educación e Xuventude, atribuíndolle as competencias que sobre estas materias viñan sendo desempeñadas por DONA MARÍA JOSÉ CORRAL LÓPEZ, e que se recollen no decreto desta alcaldía de 9.7.2014 (BOP 1.8.2014).

Do presente decreto, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase á interesada. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).”

- Decreto do 19 de decembro de 2014:

“En virtude das facultades que me confire o artigo 124 da Lei 7/85, reguladora das bases do Réxime Local, de 2 de abril, e artigos 31 e seguintes do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela (BOP 6.3.2012).

RESOLVO:

Delegar en DONA MARÍA ÁNGELES ANTÓN VILASÁNCHEZ, as competencias en Normalización Lingüística, que estaban atribuídas a DONA MARÍA JOSÉ CORRAL LÓPEZ.

Do presente decreto, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase á interesada. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).”

O **Sr. alcalde-presidente** comenta que dáse por cumprimento a este punto coa entrega da documentación distribuída na convocatoria, salvo que algún grupo queira algunha aclaración.

13. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta ao pleno das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas concellarías delegadas no período que abrangue dende o 12 de novembro ata o 22 de decembro de 2014 (núms. 7575 ao 8620).

Dáse tamén conta ao pleno das actas correspondentes ás seguintes sesións da Xunta de Goberno:

Acta sesión extraordinaria do día 4 de decembro de 2014 (Núm. 68).

Acta sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2014 (Núm. 69).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 16 de decembro de 2014 (Núm. 70).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 16 de decembro de 2014 (Núm. 71).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 17 de decembro de 2014 (Núm. 72).
Acta sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2014 (Núm. 73).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 23 de decembro de 2014 (Núm. 74).
Acta sesión extraordinaria do día 26 de decembro de 2014 (Núm. 75).

O **Sr.alcalde-presidente** comenta que dáse por cumprimento a este punto coa entrega da documentación distribuída na convocatoria, salvo que algún grupo queira algunha aclaración.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG:

ROGO:

1. Rexistro de entrada do día 13 de xaneiro de 2015, núm. 2, para substituír o letreiro do antigo curtidoiro de Pontepedriña de Arriba co fin de cumprir a legalidade en materia de toponimia.

PREGUNTAS:

1. Rexistro de entrada do día 21 de xaneiro de 2015, núm. 7, para a súa resposta por escrito, relativa ao alumeado público do parque da Almaciga.

2. Rexistro de entrada do día 23 de xaneiro de 2015, núm. 9, para a súa resposta por escrito, relativa á instalación dun elevador na praza de Abastos.

3. Rexistro de entrada do día 23 de xaneiro de 2015, núm. 10, para a súa resposta por escrito, relativa ás escaleiras da Capela da Pastoriza.

4. Rexistro de entrada do día 27 de xaneiro de 2015, núm. 18, para a súa resposta por escrito, relativa ao estacionamento na rúa das Cancelas.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE:

ROGOS

1. Rexistro de entrada do día 23 de xaneiro de 2015, núm. 12, para que se arranxe o aparcamento en superficie da rúa Luís Iglesias Iglesias, e se proceda á limpeza, desbroce e mantemento das beirarrúas da rúa Pedro Cabezas González.

2. Rexistro de entrada do día 23 de xaneiro de 2015, núm. 13, para que se solucione o problema dos vertidos de augas fecais e se reurbanicen a Travesía das Penas e rúa das Penas en Aríns.

3. Rexistro de entrada do día 23 de xaneiro de 2015, núm. 14, para que se arranxe o Camiño Portugués ao seu paso pola Rocha Vella, e que se instale un espello no cruce da Rocha Nova coa Ponte Vella de Arriba, e no Cruce do Casal de Laraño.

PREGUNTAS:

1. Rexistro de entrada do día 9 de xaneiro de 2015, núm. 1, para a súa resposta por escrito, relativa ao contrato pola prestación dos traballos de mantemento, conservación e reparación do sistema de control de tráfico.

2. Rexistro de entrada do día 28 de xaneiro de 2015, núm. 22, para a súa resposta por escrito, relativa á instalación de semáforos no paso de peóns situado diante do instituto Rosalía de Castro.

O **Sr. alcalde-presidente**, de acordo coa orde de chegada ao rexistro de entrada, dá paso ao primeiro rogo, presentado polo Bloque Nacionalista Galego, para substituír o letreiro do antigo Curtidoiro de Pontepedriña de Arriba coa fin de cumprir a legalidade en materia de toponimia.

Ten a palabra o **Sr. Vilar González, concelleiro do grupo municipal do BNG**.

Clarexa que este é un rogo que ten que ver coa toponimia, cos nomes dos lugares da nosa cidade. Denuncia que a placa colocada fai poucas semanas con motivo dos traballos de rehabilitación da antiga curtidoría, con motivo dos traballos de rehabilitación da antiga curtidoría alí no Avio-Romaño, en concreto na Pontepedriña de Arriba, parroquia polo tanto de San Xoán, e ben, non cumpre coa normativa publicada dende o ano 2003 no DOG, en base ao nomenclator oficial dos nomes das entidades de poboación dos diferentes concellos da provincia da Coruña, das entidades, dos nomes das parroquias, e dos lugares de Santiago de Compostela.

Independentemente de se a placa estaba colocada no momento da visita do Sr. alcalde-presidente e da Sra. Concelleira, con este rogo insta a que se corrixa coa maior

brevidade posible, entendendo que a responsabilidade recae directamente no Consorcio, que é quen realiza as obras que están promovidas pola Fundación Laboral da Construción, con fondos FEDER.

Para responder, toma a palabra a **Sra. Antón Vilasánchez, concelleira do grupo municipal do PP**.

Remite o calado do proxecto de recuperación da antiga curtiduría de Pontepedriña de Arriba para a cidade, tanto no ámbito social como no económico.

Segundo afirma, trátase dun proxecto público-privado, no que participan o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Consorcio da cidade de Santiago, e fundamentalmente a Fundación Laboral da construción, propietaria do complexo que pretende ser un centro de formación de referencia nacional en materia de rehabilitación.

En canto á cuestión da substitución da placa para cumprir coa legalidade en materia de toponimia, explica que non é unha placa identificativa do lugar, senón a reposición da xa existente orixinariamente no marco dunha obra de rehabilitación. Relata que este foi o criterio mantido polo Director da obra cando abordou a rehabilitación do conxunto, xa que considerou que debía manterse o máis preto posible do existente, de xeito que tiña a lenda que hoxe pode verse.

Recoñece que efectivamente está escrita en castelán, e indica que é posible debater se ao facer a recuperación da placa debería mudar ou non o idioma do texto para axustarse á normativa en materia de toponimia.

Insiste que a licenza que tomou o director da obra, realizouse igual que a existente, engadindo o logotipo do Consorcio e a data da recuperación. Comprométese a instar ao Consorcio a colocar unha placa no sitio coa denominación legal, seguindo as normas que lle corresponda en materia de toponimia.

Finalmente, di que se o BNG atopa unicamente ese fallo a un traballo de rehabilitación tan importante, agradece os parabéns intrínsecos que comporta o rogo.

A continuación, o **Sr. alcalde presidente** dá paso ao seguinte rogo, pertencente ao grupo municipal do PSdeG-PSOE, para que se arranxe o aparcadoiro en superficie da rúa Luís Iglesias, procendendo á súa limpeza, desbroce, e mantemento das beirarrúas da rúa Pedro Cabezas González.

Defende o rogo o **Sr. Rama Seoane, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Indica que día tras día o mantemento da cidade deixa moito que desexar.

Lembra a denuncia que no mes de outubro fixo o grupo municipal socialista sobre o estado do aparcadoiro de superficie, situado a carón do parque Eugenio Granell, e reitera a falta de mantemento manifesta nas fotografías que adxuntan. Lamenta que tras máis dun ano, non se fixera ningún mantemento nesa zona. Consecuentemente, solicita que se solvente dita situación.

Asegura que é posible comprobar que na rúa Cabezas González, á que asistiron, co motivo dunha inauguración fai pouco, algúns compoñentes da corporación, existen beirarrúas en mal estado, algúns cables soltos, alcorques, etc. Polo tanto, considera que debería estar arranxado para que os veciños que viven alí a carón e os que van ao centro de Sarela, conten con boas condicións.

Así mesmo, informa da existencia de dous contenedores soterrados que non se están a utilizar. En consecuencia solicítalle á concelleira encargada do servizo de limpeza que inicie a súa posta en marcha.

Co fin de concluír, reitera que o exposto no presente rogo é só un exemplo do que está a pasar no mantemento da cidade, de xeito que, polo ben dos composteláns, agarda e desexa que se solucionen todos estes pequenos problemas da cidade.

Para responder, outórgaselle a palabra á **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

Afirma que dende o ano pasado dispoñen dun contrato de mantemento, no que van marcando diferentes prioridades, sendo os viais, a primeira delas.

Recoñece que o parque está en mal estado, e que o grupo municipal popular era coñecedor desta situación. Namentres, clarexa que consideraron prioritario os viais, os cales están pendente de actuación.

En calquera caso, sinala que para a instalación dese tipo de celosías, que é moi boa para o drenaxe, debe realizarse sobre unha base consistente, algo non presente no parque. Así, asegura que dita actuación require levantalo enteiro, realizar unha lousa, e máis tarde instalar novamente a celosía que permite un drenaxe axeitado.

Con respecto ás outras indicacións, ademais de agradecelas, comprométese a telas en conta.

A continuación, o **Sr.alcalde-presidente** presenta o seguinte rogo, tamén do grupo municipal socialista, ao pleno da corporación para que se solucione o problema dos verquidos das augas fecais, e se reurbanicen as rúas Travesía das Penas.

O **Sr. Rama Seoane, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, pon de manifesto o lamentable estado da rúa das Penas, e invita a toda a Corporación a achegarse ata ese lugar para corroboralo.

Ademais, denuncia tanto o gran número de fochancas que existen na cidade, concretamente en Carretas. Na rúa das Penas, engade, é posible atopar un vertido dende fai tres meses. Afirma que os pequenos problemas han de resolverse, e lembra que foi tras unha denuncia do PSdeG-PSOE cando se personou en dita rúa, Seprona, co fin de determinar a orixe das augas fecais.

Por outra banda, tendo en conta a situación na que se atopa San Pedro de Mezonzo, insta ao Sr. Concelleiro a que autorice o desbrozamento do lugar, a que mande á Concelleira de Urbanismo, ou a que lle envíe un requirimento ao propietario para que sexa este quen leve a cabo estas labores.

Considera que as actuacións pódense levar a cabo con máis axilidade. En referencia ás palabras da Sra. Gutiérrez López nas que aseguraba que a prioridade eran os viais, retruca que as fochancas son abundantes, que na Virxe da Cerca é posible atopar un gran bache. Ademais, recoméndalle pasar por Porta do Camiño e por Vidán, onde outorgou unha licenza para cruzar unha tubería de gas.

En suma, sostén que falta un mantemento forte nesta cidade, e roga que se tomen en serio os rogos do grupo municipal socialista, pois é a realidade que están a vivir os veciños e veciñas.

De seguido, intervén o **Sr. Meijide Rodríguez, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Con respecto á rúa das Penas e ás augas fecais que alí hai, resposta que tralas comprobacións dos técnicos de medio ambiente, é posible afirmar que proveñen dunha fosa séptica xa controlada.

En base ás fochancas na mesma rúa, indica que as obras están paradas, tal e como recolle o POS 2014, no que tamén se inclúen as solucións que se están a executar neste momento para todos eses problemas.

Posteriormente, o **Sr. alcalde-presidente** dá paso ao seguinte rogo do grupo municipal socialista para que se arranxe o camiño portugués ao seu paso pola Rocha Vella, e que se instale un espello no cruce da Rocha Nova coa Ponte Vella de Arriba, e no cruce do Casal de Laraño.

Toma a palabra a **Sra. Gómez Bugallo, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Traslada que o entender do grupo municipal socialista é que este goberno debe coidar e manter con maior esmero os tramos do Camiño de Santiago, xa que é o noso patrimonio histórico máis prezado. Relata que ao percorrer un tramo do Camiño Portugués no seu paso pola Rocha, é posible comprobar o lamentable estado de abandono no que se atopa, cheo de fochancas e maleza, tal e como se aprecia nas fotografías que acompañan a este escrito. Porén, manifesta que o PSdeG-PSOE presenta ao Pleno da Corporación este rogo:

Que algún membro do goberno municipal recolla o camiño portugués ao seu paso pola Rocha e constate o seu lamentable estado de abandono e cómo os peregrinos teñen que sortear enormes fochancas, para unha vez inspeccionado se adopten ás medidas necesarias para adecentar este tramo do camiño, que é un dos valores máis importantes dos que dispón a nosa cidade.

Así mesmo, roga que se instale un espello no cruce da Rocha Nova coa Ponte Vella de Arriba, xa que é un punto sen visibilidade tal e como levan reclamando os veciños e veciñas, así como a reposición do espello do cruce de Casal de Laraño.

A continuación, intervén a **Sra. Antón Vilasánchez, concelleira do grupo municipal do PP**.

Recoñece o lamentable estado dos tramos do camiño de Santiago no termo municipal da cidade, pero lamenta que o grupo socialista se percatase de dito estado xusto nestes intreiros.

Asegura que o grupo de goberno, independentemente de se foron ou non electos, está comprometido cos veciños e veciñas de Compostela. Deste xeito, anuncia que non só xa percorreron este tramo, senón que aproveitando a recente delimitación e as

sinerxías que ten o camiño co castelo da Rocha, encargouse no pasado mes de novembro un estudo para facer un proxecto que permitise a adecuación, a mellora e a recuperación do tramo do Camiño Portugués, que pasa pola Rocha e chega ao corazón da cidade.

Engade que o proxecto foi entregado a finais do mes de decembro, e recolle trece actuacións ao longo do percorrido do Camiño de diferente alcance: a recuperación de pasos nas pontes, os arranxos no propio camiño e nos seus elementos patrimoniais, ou a sensibilización da poboación para que adecenten os peches das fincas das fachadas das súas casas e galpóns.

Segundo informa a proposta remitiuse a semana pasada á Dirección Xeral de Patrimonio, para requirir a realización dun informe que inclúa os criterios de intervención a seguir para levar a cabo os diferentes proxectos.

Polo tanto, posto que xa se está a traballar no camiño Portugués, insiste en que o rogo chega tarde.

A respecto do espello, comprométese a que sexa colocado coa maior brevidade.

15. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNs PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNs DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:

1.- REXISTRO DE ENTRADA 23 DE XANEIRO DE 2015, NÚM. 11, PARA GARANTIR UN SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE CALIDADE

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para garantir un servizo de transporte urbano de calidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG considera que o transporte público colectivo ten que servir para favorecer a vertebración territorial dos núcleos, que en Santiago superan os 250, ademais de supor a alternativa máis ecolóxica, económica e solidaria. Consideramos que dende o Concello e demais institucións se debe impulsar o uso do transporte público colectivo e favorecer a súa utilización.

No programa co que o PP se presentou ás eleccións municipais de 2011 reflectíase a promesa de aumentar as liñas e as frecuencias, mais, en troques, algunhas delas foron reducidas.

E así, a veciñanza da Gracia segue esperando a que se restaure o servizo que daba solución ao Son de Abaixo e arredores e desde Volta do Castro e a Choupana tamén trasladan queixas porque as liñas non fan as paradas previstas. Por outra parte, a liña de transporte urbano que pasa por Aradas beneficiaría a máis veciños e veciñas de prolongarse até Lamascal para retornar por Vrins, cun horario e frecuencia acaídos ás necesidades.

Son reivindicacións que vén facendo o BNG dende hai tempo, tanto nos Plenos como nas reunións de Tussa, ás que o grupo de goberno veu respondendo coa promesa de estudar e procurar solución, o que até o momento non se produciu.

Por todo o exposto propoñemos o seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago comprométese a prestar un servizo de transporte público de calidade e que dea solución ás necesidades e demandas máis reiteradas da veciñanza, incluíndo:

- 1.-O aumento das frecuencias da liña 1 coa prolongación até o Son
- 2.-A prolongación do transporte urbano de Aradas até Lamascal con retorno por Vrins,
- 3.- A mellora do servizo na Avenida da liberdade e a recuperación de paradas na marquesiña de Volta do Castro.

2.- REXISTRO DE ENTRADA DO DÍA 26 DE XANEIRO, NÚM. 15, PARA REALIZAR ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA OBRA E DO COMPROMISO DE ROSALÍA DE CASTRO, A COMEZAR POLA SÚA DEFENSA DO GALEGO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para realizar actividades que promovan o coñecemento da obra e do compromiso de Rosalía de Castro, a comezar pola defensa do galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de febreiro de 2015 cúmprense 178 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado,

para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade e que pode coadjuvar a recuperar o orgullo de quen somos e o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego. Lembremos que estamos a falar dunha escritora radical, culta, feminista e comprometida co noso país, coas súas clases populares e cos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o galego, hoxe especialmente ameazado.

Rosalía de Castro é non só a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas senón a que marcou o camiño a seguir ao iniciar o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade de que fora desposuído. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marxinalidade do galego e desafía a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da terra, da súa xente e dunha lingua que merce continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos para contribuír, desde a súa especificidade, ao saber universal que tamén posúe a obra rosaliana.

Nuns tempos en que os datos obxectivos indican un alarmante descenso no uso do galego, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas, pois nos seus textos achamos procedementos e argumentos para fomentar a utilización da nosa lingua, achegarse á nosa idiosincrasia e comprender a nosa identidade cultural. Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posíbeis para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresarmos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, en que achegamos o noso contributo á cultura universal.

Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), propoñemos ao Pleno Municipal, tras declarar, o 24 de febreiro Día de Rosalía, os seguintes acordos:

1. Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, cando menos, as seguintes accións:

a) Pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais...

b) Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

c) Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.

2. Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.

3. Solicitar da Xunta de Galiza unha mudanza na política lingüística desenvolvida até o momento, retomar o consenso e promover, nun prazo máximo de seis meses, mudanzas lexislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.

3.- REXISTRO DE ENTRADA DO 26 DE XANEIRO DE 2015, NÚM. 16, PARA DEMANDAR A CREACIÓN DOS CONSELLOS DE SAÚDE DAS ÁREAS SANITARIAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para demandar a creación dos Consellos de Saúde das áreas sanitarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desmantelamento do sistema sanitario público da Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego.

A día de hoxe a sanidade pública recibe menos orzamento, un recorte de máis do 12% desde o ano 2009, menos medios, presenta listaxes de espera disparadas... Todo isto implica menos saúde pública, confirma o traslado do gasto sanitario ás persoas doentes. O goberno galego recorta en infraestruturas e mantén a estratexia de privatización da sanidade pública. A Xunta entregou xa a empresas privadas -na súa maioría multinacionais, algunha vinculada a fondos financeiros- e de fóra de Galiza unha parte considerábel dos servizos da rede do Sergas. Padecemos un recorte do 21% na atención primaria desde a chegada de Feijóo á Presidencia, a pesar de ser a porta de entrada na sanidade, con case 3.000 profesionais menos, desde a aplicación da taxa de reposición no ano 2010, sometidos/as a un recorte salarial do 30%. A esta redución hai que acrecentar o peche de case 400 camas, o abandono e deteriora das infraestruturas sanitarias e a non construción doutras comprometidas, como o Hospital do Salnés e 15 centros de saúde ao longo de todo o país que carecen de consignación orzamentaria da Xunta

Esta situación provoca a reacción da cidadanía a través de iniciativas nas institucións que presentan as forzas políticas, como o BNG, ou organizada na Plataforma SOS Sanidade Pública para deter a política de recortes e privatizacións que impulsa o actual Goberno Galego e co fin

de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas. Porque a sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade, por iso estamos todas e todos comprometidos na mellora deste servizo público, incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e para lograr a redución dos tempos de espera hospitalaria.

A Lei 8/2008 do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, recolle no seu preámbulo e no texto articulado, a participación social co obxectivo de incorporar a visión e a percepción da sociedade no deseño e funcionamento nos proxectos asistenciais e na garantía de dereitos.

Así, no artigo 25 da lei, recóllese a participación territorial a través dos consellos de saúde de área, reflectindo a súa composición e competencias, integrados polos concellos comprendidos na área sanitaria correspondente, agrupacións ou federacións de asociacións veciñais con actuación no ámbito da área sanitaria, organizacións sindicais e empresariais máis representativas, cargos designados pola Xunta de Galiza e asociacións de pacientes.

Lamentabelmente, a partir da entrada en vigor desta lei os consellos foron constituíndose nas áreas sanitarias, mais a negativa da Xunta de Galiza a convocalos provocou o seu esmorecemento ou a súa desaparición.

A actual situación de deterioro da sanidade pública obriga a necesaria revitalización dos consellos de saúde de área para facer posíbel a participación social que obrigue a Administración sanitaria e o goberno da Xunta de Galiza a escoitar as alternativas e suxestións da cidadanía galega para mellorar este servizo público esencial para os galegos e as galegas.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Demandar da Xunta de Galiza a constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área para cumprir coa participación social e territorial da cidadanía, tal como sinala a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, para que se escoiten as alternativas e achegas das galegas e dos galegos para mellorar este servizo público esencial.

2. Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, titular da Consellaría de Sanidade e grupos parlamentares do Parlamento galego.

4.- REXISTRO DE ENTRADA DO DÍA 27 DE XANEIRO, NÚM. 19, MOCIÓN DE URXENCIA RELATIVA Á PRESCRICIÓN DOS FÁRMACOS DE ÚLTIMA XERACIÓN A PERSOAS DOENTES DE HEPATITE C

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á prescrición dos fármacos de última xeración a persoas doentes de hepatite C.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade hepática causada polo Virus de Hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública. Calcúlase, en cifras do Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado español.

Até recentemente os medios de tratamento dispoñíbeis producían altas taxas de fracaso terapéutico, para alén de ter unha elevada toxicidade e efectos secundarios graves. Déronse, ademais, numerosos casos de doentes que non podían someterse a eles por intolerancia a algún dos fármacos empregados.

Como consecuencia, na actualidade hai na Galiza unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes estádios de evolución da Hepatite C, que non están sendo tratadas, e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determinase a idoneidade dun transplante hepático.

Esta situación viuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi o feito de a axencia europea do medicamento (EMA) aprobar, a principios do ano 2014, o Sofosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.

O día 24 de setembro de 2014 a, daquela, ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que @s facultativ@s o puidesen prescribir a aquelas persoas enfermas que o precisaren. A ministra naquela altura acrecentou que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Prezos dos

Medicamentos, e comunicou que en outubro poderían dispor médicos/as dese medicamento en todo o territorio do Estado español, para o aplicar aos/ás pacientes que o precisasen.

Desde aquela hai elaborado un Protocolo de Posicionamento Terapéutico e un Documento de Priorización que están sendo aplicados, no caso galego, pola subcomisión para o Tratamento da Enfermidade Hepática, constituída na Consellaría de Sanidade.

A día de hoxe sucédense as declaracións públicas de hepatólogos/as a través da Asociación Española para o Estudo do Fígado, reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifrando a necesidade de tratamentos urxentes para aplicar no territorio do Estado español nun mínimo de 30.000 para o ano en curso.

Por outra parte, o desacougo, a alarma e as queixas dos/as doentes de hepatite C, particularmente das persoas postransplantadas non negativizadas e das que se atopan en fase cirrótica (F4), van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non se inclúe dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos/as seus hepatólogos/as, unha vez determinado que cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos nas Instrucións do acceso aos tratamentos da Hepatite C cursadas pola Dirección xeral de Asistencia Sanitaria, é rexeitada ou non contestada.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno galego para este se dirixir ao Goberno de España e exixir que se garanta o acceso ás novas terapias para as persoas doentes de Hepatite C que o precisaren. Todo isto debe producirse de acordo co criterio de médicos/as especialistas, que deben dispor de todos os recursos que foren precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para o Estudo do Fígado na súa recente reunión co Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais.

2. Instar ao Goberno galego a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles

doentes a que lle for prescrita por persoal médico especialista do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición.

3. Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, á titular da Consellaría de Sanidade e aos grupos parlamentares do Parlamento galego.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE:

1.- REXISTRO DE ENTRADA DO DÍA 27 DE XANEIRO DE 2015, NÚM. 20, RELATIVA AO COLAPSO NO SERVIZO DE URXENCIAS DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO (CHUS).

Exposición de motivos:

Hai uns días producíase un novo colapso no servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS); non por un aumento estacional como nos queren facer crer, senón como reflexo e resultado da política de desmantelamento que está a levar a cabo a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego da Saúde. A falta de persoal, sumada á redución do número de camas en planta, fixo que as persoas que acudían ao servizo tiveran que esperar durante horas para ser atendidas, para ser dadas de alta ou para ser ingresadas en planta.

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE xa expuxo en multitude de ocasións o que está a ocorrer coa sanidade pública no hospital. Redución de persoal, peche de camas, derivacións a centros privados, etc. fan que o CHUS sexa un dos máis vilipendiados polo goberno do PP no SERGAS.

Os sindicatos e profesionais xa manifestaron o seu desacordo coa política de recortes do Partido Popular no Servizo Galego da Saúde e, en particular, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), pola falta de substitucións de profesionais e polo déficit de infraestruturas, consecuencia do peche de camas, e alertaron dos graves efectos negativos que poden ter sobre a asistencia aos cidadáns.

Por todo iso, propónse ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte

ACORDO

O Excmo. Concello de Santiago de Compostela, reunido en sesión plenaria, acorda:

1.- Esixir a convocatoria inmediata e urxente do Consello de Saúde da área Sanitaria de Santiago e a comparecencia, así mesmo urxente, do xerente da Área Integrada de Santiago para que informe sobre o colapso das urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).

2.- Esixir á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego da Saúde (SERGAS) que tome as medidas suficientes para evitar un novo colapso e reverter a situación creada no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).

2.- REXISTRO DE ENTRADA DO DÍA 27 DE XANEIRO DE 2015, NÚM. 21, RELATIVA AOS TRATAMENTOS DA HEPATITE C.

A hepatite C é unha enfermidade contaxiosa causada pola infección co virus do mesmo nome. O cadro clínico pode ir desde un padecemento leve que dura unhas cantas semanas até unha afección grave de toda a vida. A infección crónica polo xeral non causa síntomas, pero pódese presentar cansazo, trastornos cutáneos e outros problemas. As persoas que teñen unha infección prolongada (crónica) a miúdo non teñen síntomas ata que o seu fígado presenta cicatrización (cirrose).

Calcúlase que en todo o mundo hai entre 130 e 150 millóns de persoas infectadas co virus da hepatite C. Un número considerable desas persoas con infección crónica desenvolverán cirrose ou cancro de fígado. Entre 300.000 e 500.000 persoas morren anualmente por enfermidades hepáticas relacionadas coa hepatite C. Segundo datos da Organización Mundial da Saúde, entre o 55 e o 85% das persoas infectadas desenvolverán a infección crónica. Delas, entre o 15 e o 30% correrán risco de cirrose hepática nun prazo de 20 anos.

A aparición de novas terapias fronte á hepatite C supón un avance moi relevante na loita fronte a unha enfermidade que é de moi graves consecuencias. Con todo, no noso país, as persoas que as necesitan non teñen garantido o acceso a elas.

A preocupación da comunidade científica e dos pacientes é cada vez maior, sobre todo porque existen novas terapias que poñen ao alcance de man superar de maneira satisfactoria esta enfermidade, curando nalgúns casos e mitigando noutros os efectos do virus da hepatite C.

É necesario que o Sistema Nacional de Saúde asegure unha estratexia de prevención eficaz e de asistencia sanitaria con todos os recursos terapéuticos ao noso alcance que se poidan usar con criterios de evidencia científica e de equidade para todos os que o necesiten.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista eleva ao Pleno para o seu debate e aprobación o seguinte

ACORDO

1. Que o Concello inste ao goberno do Estado a elaborar un Plan de acción do Sistema Nacional de Saúde fronte a hepatite C, que fomente a prevención, a detección precoz e o tratamento eficaz en condicións de igualdade para todos os cidadáns e pacientes mediante un protocolo clínico elaborado en base a evidencias científicas. Este plan elaborárase co consenso das sociedades científicas, organizacións de pacientes e Comunidades Autónomas.

2. Que o Concello inste ao goberno do Estado a incorporar unha partida orzamentaria no Fondo de Cohesión Sanitaria estatal que asegure a aplicación do devandito Plan tanto nas medidas preventivas e de detección precoz, como o acceso ás novas terapias sen discriminación algunha para todas aquelas persoas afectadas que cumpran os criterios incorporados no protocolo clínico elaborado ao efecto.

O Sr. Alcalde-presidente outórgalle a palabra á **Sra. Cienfuegos López, concelleira do grupo municipal do BNG**, co fin de que proceda á defensa da urxencia da moción para garantir un servizo de transporte urbano de calidade.

Alega que a urxencia da moción, ou polo menos dunha das súas propostas de acordo, viuse reflectida no anuncio que o goberno municipal viuse obrigado a facer na páxina web, afirmando a adopción de diferentes medidas. Porén, di que a vulgar pola información do día 28, nas varias xuntanzas que o goberno celebrara coas persoas demandantes da restauración do servizo á Gracia, parecía que non escoitara prioridades de horario nin adoptara decisións sobre o incremento concreto de frecuencias. O que si se reflectía, asegura, era a vontade de atender unha demanda colectiva xusta, á cal o concello negara con diversas excusas insuficientemente xustificadas. Narra que a causa dunha mera ampliación de frecuencia, tívose á veciñanza durante máis dun ano, sufrindo a falta de servizo en horario de interese, polo que recoñece a súa perseverancia.

Lembra que foi en xaneiro de 2014 cando o BNG, a instancia das persoas afectadas, trouxo a este pleno, por primeira vez, un rogo para que se restaurada, cando menos en parte, o servizo que se reducira en setembro do ano anterior. O goberno, prosegue, respostara coa promesa de buscar solucións, pero xa que xullo non se deu unha resposta, reiterouse o rogo.

Indica que hoxe, un ano despois, parece que si hai respostas, polo que solicita que todos os membros da corporación teñan coñecemento sobre a definición e o funcionamento dos horarios.

Relata que, segundo a respostas do goberno municipal, máis dun ano leva en estudo a demanda de prolongar a liña de Aradas até Lamasal con retorno por Vrins. Considera que xa é hora de coñecer os datos de poboación, os de posibles usuarios e os dos horarios prioritarios. Tamén avoga por facer unha comparación destes datos cos doutras liñas, e por avaliar a incidencia na sustentabilidade do conxunto do sistema de transporte urbano colectivo, sen esquecer que a vontade deste goberno é eliminar vehículos da zona urbana a través da peonalización de rúas.

Así, di que se podería dar solución a pequenas demandas da veciñanza, facilitando o uso do bus urbano, e facéndoo máis atractivo para as persoas que non son cautivas del, por dispoñer de vehículo privado ou outras formas de transporte.

Indica no caso da Volta do Castro, suprimiuse fai anos a parada do bus onde está a marquesiña, case ao principio da rúa, e trasladouse a outro punto, pasada a ponte, onde nin hai marquesiña, nin sinalización, que tamén faltan na parada do Rial. Narra que a xente espera debaixo dunha árbore e o autobús, nos horarios de entradas e saídas ao colexio Santa Apolonia, vese moitas veces obrigado a parar no carril contrario.

Polo tanto, solicita unha solución, tamén para a zona da Avenida da Liberdade, onde se demanda aumento das frecuencias do servizo para a xente que espera na parada fronte ao número 21 da Choupana, porque o bus da liña C2 en lugar de chegar á semirotonda, cruza pola rúa Maruja Mallo. Tendo en conta que a frecuencia do C2 é moito maior que a da liña 1, que a C2 recolla pasaxeiros na parada de Choupana 21, parada moi utilizada, afirma que se melloraría notablemente o servizo de transporte público na zona.

Insiste en que todos estes problemas teñen incidencia no día a día das persoas, xa que os atrasos dificultan os seus desprazamentos.

En consonancia co anterior, entende como urxente o feito de tomar en consideración esta moción que propón a adopción de tres acordos en base ao transporte público:

O aumento da frecuencia da prolongación ao Son da liña 1, a prolongación a Lamascal e Vrins da liña que vai a Aradas e a mellora do servizo nas zonas da Avda. da Liberdade e Volta do Castro

Trala exposición da Sra. Cienfuegos López, o **Sr. alcalde-presidente** dá paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (9 PSdeG-PSOE e 3 BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 13 PP

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG do Concello de Santiago **para garantir un servizo de transporte urbano de calidade**, non procedendo así, entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Co fin de explicar o sentido do voto, ten a palabra o **Sr. Sánchez-Brunete Varela, concelleiro do grupo municipal do PP.**

Clarexa que a abstención do grupo municipal popular responde tanto ao seu compromiso co transporte público e colectivo, como á falta de inclinación para debater, con carácter de urxencia, mocións enmarcadas na demagogia e no oportunismo.

Sorpréndelle que un grupo político presente no goberno municipal durante varios anos, non estendese ou mellorase o transporte público rural, pese ás numerosas oportunidades temporais e financeiras.

No que atinxe á extensión do transporte público “A Gracia”, precisa que se chegou a un acordo coa asociación de veciños, que se iniciaron diálogos en numerosas ocasións con plataformas alternativas e, polo tanto, reitera que a moción do BNG é de carácter oportunista, pois saben que o acordo estaba xa feito antes da presentación da mesma.

Ao mesmo tempo, resalta a lixeireza coa que se propón a extensión do transporte público “A Gracia”, sen ter en conta todos os condicionantes como por exemplo os títulos concesionais de sentenzas, de pregos de condicións, ou de itinerarios.

Declara que, para non tomar decisións de xeito precipitado, é necesario desentrañar o complexo ambiente regulador, ou mesmo o marco regulador do transporte público.

No tocante á extensión do transporte a Lamascal ou a Vrins, afirma que a súa dimensión require valorar a sustentabilidade ambiental, social e económica, e propón tratar este asunto no próximo Consello de Administración de TUSSA.

En referencia a esa iniciativa, ou á posibilidade de extensión do transporte público a esas zonas do rural, di que non lle consta que o autobús fixera unha determinada parada, e pregunta a cal se refería a moción, pois non se especifica.

Sobre a mellora do servizo, clarexa que na Avda. Da Liberdade non é doado porque nese punto o autobús non xira, debido ao desenvolvemento urbanístico dos gobernos de progreso.

O Sr. alcalde-presidente continúa coa toma en consideración da **seguinte moción do BNG, se procede, para realizar actividades que promovan o coñecemento das obras e do compromiso de Rosalía de Castro, a comezar pola súa defensa do Galego.**

Polo Sr. Vilar González, concelleiro do grupo municipal do BNG, procédese a defender a urxencia da devandita moción.

Expón que o obxectivo da presente moción é reivindicar a figura de Rosalía de Castro, coincidindo co seu natalicio o 24 de febreiro. Lembra que o pleno da corporación, no ano 2012, adoptou un acordo unánime dos tres grupos aquí presentes, para declarar o 24 de febreiro, día de Rosalía de Castro.

Relata que o acordo estaba motivado por unha demanda nos ámbitos culturais do noso país, polo seu simbolismo e dimensión, e pola súa directa vinculación biográfica e literaria con Santiago de Compostela.

Pese a aprobación da proposta no 2012, lamenta que nos plenos de febreiro dos anos 2013 e 2014, o goberno municipal non emprendese ningunha acción para conmemorar o día de Rosalía, xa que non houbo programación relacionada, actos específicos ou calquera outra, para rememorar esta data.

Indica que para o BNG, supón unha obriga que o 24 de febreiro implique algo máis que un simbolismo, polo que representa Rosalía de Castro como figura clave do século XIX, e do rexurdimento da nosa cultura e lingua.

Con respecto a esto último, engade que no momento actual o galego atópase nunha situación preocupante, tal e como evidencian os datos do Instituto Galego de Estatística. Precisa que eses datos son comparativos da última década, e que sintetizan unha perda da vitalidade, e un descenso tanto no uso como na transmisión interxeracional da nosa lingua. En consecuencia, entende que urxe reclamar un compromiso para a rehabilitación do galego.

Informa que hoxe mesmo, a Real Academia Galega fixo unha declaración pública instando aos poderes públicos a asumir esta responsabilidade. Dende o seu punto de vista, o papel dos poderes públicos á hora de recuperar a nosa lingua, e de avanzar no proceso de normalización, é fundamental, e debe ir máis aló do mandato legal. Mantén que se trata dunha obriga moral, o feito de traballar en favor da normalización do galego.

Indica que o concello de Santiago de Compostela, entre outras cousas por ser a capital de Galicia, tivo no seu día vontade para avanzar nese sentido. Creuse, prosegue, un departamento, unha ordenanza, un regulamento de uso, un plan de normalización consensuado cos sectores da cidade, actuacións planificadas. Namentres, denuncia que nos últimos anos produciuse un evidente retroceso.

Finalmente, reitera que con esta moción o BNG pretende lembrar que o 24 de febreiro é o día de Rosalía, polo que solicita que o goberno potencie a súa obra e figura. Ao mesmo tempo, convida a tomar conciencia sobre o estado do galego, e sobre as accións que poden emprenderse dende o concello para potenciar o seu uso e proporcionarlle unha nova vitalidade.

Trala exposición do **Sr. Vilar González**, o **Sr. alcalde-presidente** dá paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (9 PSdeG-PSOE e 3 BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 13 PP

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG do Concello de Santiago **para realizar actividades que promovan o coñecemento da obra e do compromiso de Rosalía de Castro, a comezar pola súa defensa do Galego**, non procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Dentro do turno de explicación de voto, a **Sra. Antón Vilasánchez, concelleira do grupo municipal do PP** explica que a abstención do goberno débese a que Santiago é un dos concellos que máis coidou historicamente a figura e a obra de Rosalía de Castro. Considera que así se mantén na actualidade, independentemente das datas senlleiras que poden lembrar a súa figura, xa que forma parte do Padroado da súa fundación, a cal está sendo amplamente renovada no seu deseño expositivo grazas á Xunta e á Deputación da Coruña nestes últimos anos, sempre asiste ás celebracións que centraliza, e ademais participa activamente na ofrenda floral cada 24 de febreiro no monumento ubicado na alameda desta cidade, que brevemente será acondicionado.

Por outra banda, informa que o Concello en colaboración co Centro Dramático Galego, fixo entrega de 300 exemplares dos libros poetas con Rosalía 4, e poetas con Rosalía 5, que edita a fundación aos asistentes das funcións escolares “as laranxas máis laranxas de todas as laranxas”, que estivo a representarse no Centro Dramático Galego na sede do Salón de Teatro o pasado mes de decembro. Engade que os centros asistentes, foron agasallados cun lote de libros para as súas bibliotecas e, no caso dos maiores, recibiron cada un o seu exemplar.

O concello, lembra, asina cada ano un convenio coa Fundación Rosalía de Castro por un importe de 3.825 euros, no exercicio de 2015, para celebrar diferentes actos en homenaxe á escritora, á celebración do día da paz na súa casa natal, e aos actos de celebración do aniversario do seu nacemento. Asegura que todos os rapaces que asisten aos actos que teñen lugar na casa natal da poeta reciben un exemplar dunha das publicacións da Fundación Rosalía de Castro.

A pesar de que a fundación non está na nosa cidade, senón noutro termo municipal, asegura que o concello mantén ese compromiso.

Asegura que o concello mantén xa un compromiso coa fundación, a pesar de estar noutro termo municipal, coa figura de Rosalía de Castro, e con todo o que significa para as Letras Galegas e para Galicia. Por último, considera que é importante utilizar o futuro portal de transparencia para que se visualicen todas e cada unha das accións realizadas polo goberno municipal, dun xeito máis popular.

A continuación, o **Sr. alcalde-presidente** pasa á **seguinte moción do Bloque Nacionalista Galego, para demandar a creación dos consellos de saúde das áreas sanitarias.**

Polo Sr. Vilar González, concelleiro do grupo municipal do BNG, procédese a defender a urxencia da devandita moción.

Relata que non é a primeira vez, e semella que tampouco será a última, que por parte do grupo municipal nacionalista preséntase no pleno unha iniciativa en defensa da sanidade pública.

Considera que hai dous motivos principais: pola importancia que ten para os cidadáns, xa que a cuestión sanitaria está directamente relacionada coa calidade de vida; e pola preocupación que neles esperta o estado de deterioro da sanidade pública, derivado das políticas implantadas polo PP na Xunta.

Manifesta que todos os galegos, en maior ou menor medida, perciben o resultado dunha xestión pública encamiñada a enfraquecer a sanidade pública, e o fortalecemento da sanidade privada mediante o establecemento de novas discriminacións en función da renda. Así, afirma, favorécese aos que máis teñen e perxudícase á maioría social.

Di que esta situación obrigou aos sectores populares a organizarse e mobilizarse, lanzando o seu particular SOS co fin de denunciar a política de recortes impulsada pola Xunta de Galicia e polo Goberno Central, cuxas actuacións e medidas lexislativas dificultan o acceso a unha sanidade pública, gratuíta, e de calidade.

Segundo indica, a Lei 8/2008, de 10 de xullo de saúde de Galicia, recolle no seu preámbulo e no texto articulado, a participación social co obxectivo de incorporar a visión e a percepción da sociedade no deseño e funcionamento nos proxectos asistenciais e na garantía de dereitos.

Así mesmo, profía que no artigo 25 da lei, inclúese a participación territorial a través dos consellos de saúde de área, reflectindo a súa composición e competencias, integrados polos concellos comprendidos na área sanitaria correspondente, agrupacións ou federacións de asociacións veciñais con actuación no ámbito da área sanitaria, organizacións sindicais e empresariais máis representativas, así como cargos designados pola Xunta de Galicia, e asociacións de pacientes.

Namentres, lamenta que todo iso non se levase a cabo, e apunta que foi consecuencia da desidia do Goberno da Xunta, pois case non permitiu que se constituísen algúns destes consellos de saúde de área para, finalmente, optar por provocar o seu esmorecemento e a súa desaparición. Deste xeito, denuncia que un dos poucos instrumentos de participación cidadá en materia sanitaria, quedaba reducido a nada.

Ao respecto, pregúntase se o motivo é o de evitar as testemuñas incómodas para continuar co desmantelamento da sanidade pública do noso país.

Ademais, lembra que dende o ano 2001, pese a creación neste concello, dun consello municipal de saúde participado por profesionais sanitarios, diferentes representantes do tecido social existente en Santiago, así como da Xunta e o Concello, non se convocou nin unha reunión deste órgano.

Lembra que o órgano deliberativo e de participación, non é o único órgano de participación co que se dotou este concello, que caeu no máis absoluto esquecemento neste período.

Conclúe que a actual situación de deterioro da sanidade pública, evidencia unha necesaria revitalización tamén destes consellos de saúde de área para facer posible a participación social e co ánimo, de que dende estes entes se obrigue á administración sanitaria e ao goberno da Xunta a escoitar as alternativas e suxestións da cidadanía galega para mellorar este servizo público esencial para os galegos e as galegas.

Trala exposición do **Sr. Vilar González**, o **Sr. alcalde-presidente** dá paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (9 PSdeG-PSOE e 3 BNG)
Votos en contra: 13 PP
Abstencións: 0

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG do Concello de Santiago, **para demandar a creación dos Consellos de Saúde das Áreas Sanitarias**, non procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Dentro do turno de explicación do voto, a **Sra. González Vázquez, concelleira do grupo municipal do PP**, considera que non procede a urxencia da moción, xa que o desenvolvemento dos consellos de saúde das áreas sanitarias que foron creadas por lei no ano 2008, teñen que adecuarse á nova estrutura organizativa de xestión do Servizo Galego de Saúde, a cal xa non corresponde coa Lei do ano 2008.

Afirma que ao adoptarse a través do correspondente decreto, que poderá ser solicitado polo PSdeG-PSOE ou polo BNG no Parlamento de Galicia, se consideran que

se demora excesivamente, poderase proceder á constitución e á convocatoria dos consellos.

De seguido, o **Sr. alcalde-presidente** dá paso á **toma en consideración da seguinte moción do BNG, se procede, relativa á prescripción dos fármacos de última xeración a persoas doentes de hepatite C.**

Polo **Sr. Vilar González, concelleiro do grupo municipal do BNG**, procédese a defender a urxencia da devandita moción.

Aproveitando a presenza de membros e representantes da Plataforma Galega de Afectados pola Hepatite C, decide cederlle a palabra, xa que levan amosando durante os últimos días a súa indignación nas rúas, pola actitude que están a manter os gobernos en base á súa situación.

A continuación, intervén o **Sr.alcalde-presidente** para clarexar que o procedemento, sen petición previa, non permite dita intervención.

O **Sr. Rama Seoane, concelleiro do grupo municipal do PP**, retruca que fai un tempo fíxose por acordo político.

Pola contra, o **Sr. Sánchez-Brunete Varela, concelleiro voceiro do grupo municipal do PP**, manifesta que, independentemente da decisión que se tome, hai que respectar as formas e non reproducir esas peticións de uso da palabra sen ter en conta a cortesía máis elemental. Así mesmo, reivindica o dereito do PP a coñecer este asunto con anterioridade para poder fixar un criterio e unha posición coa suficiente antelación.

Novamente, toma a palabra o **Sr. Vilar González, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para sinalar que defenderá a urxencia da moción, e clarexar que quedan emprazados ao vindeiro mes co fin de que poidan intervir os representantes directos da cidadanía sobre unha cuestión que lles afecta de forma directa.

Do mesmo xeito que na quenda anterior, insiste que nas últimas semanas estanse producindo mobilizacións, tanto en Galicia como no Estado Español, de cidadáns que reclaman un tratamento acaído para a súa doenza en hepatite C.

Ao respecto, denuncia que o PP parece totalmente insensible a esta problemática que está a diminuír a calidade de vida das persoas afectadas, provocando incluso a morte, tal e como anunciaron esta semana dende a Plataforma Galega de Afectados pola Hepatite C.

Dende o seu punto de vista, é intolerable que dende as instancias do goberno se estea a actuar de forma tan irresponsable. Tendo en conta as estimacións actuais, expón que hai máis de 50.000 afectados que precisan un tratamento urxente, e ao redor de 3.000 atópanse en estado grave ou moi grave.

Traslada que a demanda destas asociacións baséase nunha correcta e axeitada atención á doenza da hepatitis C, por parte das autoridades sanitarias. Para poder cumprilo, aposta pola posibilidade de acceso a fármacos de última xeración, sen dilación, discriminación, e negativas.

Ademais de non atender ás demandas deste colectivo, asegura que o goberno tampouco está a cumprir os compromisos. Lembra que o pasado mes de setembro a ministra anunciou que a partir do mes de outubro, os novos medicamentos para un tratamento máis eficaz da hepatitis C, estaría a disposición de todos aqueles doentes que o precisasen. Finalmente, afirma que non se materializou, provocando que a angustia dos afectados aumentase, xa que a enfermidade está a avanzar nos seus organismos.

Di non entender que un goberno poña en risco a vida e a saúde de miles de persoas, impulsando unha política de austeridade e recorte, tal e como amosa o deterioro da sanidade pública.

Clarexa que a presente moción ten un dobre obxectivo; evidenciar a solidariedade do BNG coas persoas afectadas pola falta de tratamento contra a Hepatite C; e demandar pasos efectivos que contribúan á solución a urxente das demandas destes doentes.

Outórgase a palabra ao **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Primeiramente traslada o apoio do PSdeG-PSOE á posibilidade de que o representante da asociación de enfermos de hepatitis poida facer a súa intervención.

En segundo lugar, relata que a hepatitis C é unha enfermidade contaxiosa causada pola infección dun virus co mesmo nome. O cadro clínico, prosegue, pode ir dende un padecemento leve durante unhas semanas, até unha afección grave ao longo de toda a vida. Precisa que, por carácter xeral, a infección crónica non causa síntomas, pero pódese presentar cansazo, trastornos cutáneos, e outros problemas. Namentres, reitera que as persoas con infección prolongada (crónica), a miúdo non teñen síntomas ata que o seu fígado presenta cicatrización (cirrose).

Segundo os cálculos, di que hai ao redor de 130 e 150 millóns de persoas no mundo, infectadas polo virus da hepatite C, entre as cales un gran número desenvolverá cirrose ou cancro de fígado. Indica que entre 300.000 e 500.000 persoas morren anualmente por enfermidades hepáticas derivadas da hepatite C. Tendo en conta os datos da OMS, plantexa que entre o 55 e o 85% das persoas infectadas desenvolverán a infección crónica e, delas, entre o 15 e o 30% correrán risco de cirrose hepática nun prazo de 20 anos.

Expón que a aparición de novas terapias fronte a hepatite C, supoñen un importante avance na loita contra esta enfermidade, cuxas consecuencias son moi graves.

Polo tanto, denuncia que as persoas que precisan os tratamentos non teñen garantido o seu acceso. Traslada a preocupación da comunidade científica e dos pacientes porque existen novas terapias que colocan ao alcance da man a satisfactoria superación desta enfermidade, curando nalgúns casos e mitigando noutros os efectos do virus da hepatite C.

Considera necesario que o Sistema Nacional de Saúde asegure unha estratexia de prevención eficaz e de asistencia sanitaria con todos os recursos terapéuticos que estean ao alcance e que se poidan usar con criterios de evidencia científica e equidade para todos os que o necesiten.

Por todo iso, anuncia que o Grupo Municipal Socialista eleva ao Pleno, para o seu debate e aprobación, o seguinte:

ACORDO

1. Que o Concello inste ao goberno do Estado a elaborar un Plan de acción do Sistema Nacional de Saúde fronte a hepatite C, que fomente a prevención, a detección precoz e o tratamento eficaz en condicións de igualdade para todos os cidadáns e pacientes mediante un protocolo clínico elaborado en base a evidencias científicas. Este plan elaborárase co consenso das sociedades científicas, organizacións de pacientes e Comunidades Autónomas.

2. Que o Concello inste ao goberno do Estado a incorporar unha partida orzamentaria no Fondo de Cohesión Sanitaria estatal que asegure a aplicación do devandito Plan tanto nas medidas preventivas e de detección precoz, como o acceso ás novas terapias sen discriminación algunha para todas aquelas persoas afectadas que cumpran os criterios incorporados no protocolo clínico elaborado ao efecto.

Toma a palabra o **Sr. alcalde-presidente** para clarificar unha cuestión, antes de proceder á votación da toma en consideración da urxencia.

Lembra que todos están na obriga de cumprir a normativa, especialmente as persoas que ostentan unha responsabilidade pública. Baseándose no artigo 10 do Regulamento de Relacións Veciñais do concello de Santiago, explica que cando as asociacións ou entidades ás que se refire o artigo 8 desexen efectuar unha exposición perante o pleno, deberán manifestalo, tendo o Sr. alcalde-presidente a derradeira palabra. Namentres, clarexa que é preciso presentar no Rexistro municipal, unha determinada tramitación con, cando menos, un día hábil con antelación á celebración do pleno,

Asegura que os grupos da oposición eran coñecedores disto no pleno anterior, ante a dúbida de que fora un erro na tramitación da documentación, pois finalmente a petición estaba no Rexistro de alcaldía.

En suma, insiste en que calquera asociación ou colectivo que desexe falar no pleno, pode facelo sempre que se presente no rexistro unha petición. Así, afirma que se atenderá en tempo e forma.

Tralas quendas de intervención, o **Sr.alcalde-presidente** toma novamente palabra, e dá paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (9 PSdeG-PSOE e 3 BNG) Votos en contra: 0 Abstencións: 13 PP

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG do Concello de Santiago, **relativa á prescripción dos fármacos de última xeración a persoas doentes de Hepatite C**, non procedendo en consecuencia, entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Dentro do turno de explicación de voto, ten a palabra a **Sra. González Vázquez, concelleira do grupo municipal do PP**.

Tras saudar aos representantes dos pacientes, presentes no pleno, pon de manifesto a preocupación do seu grupo polo colectivo de persoas afectadas por esta doenza, e a comprensión pola necesidade dunha urxente resposta por parte do Ministerio, do Servizo Nacional de Saúde, e do SERGAS.

Expón que o Servizo Nacional de Saúde acordou por unanimidade con todas as comunidades autónomas, o pasado 14 de xaneiro, a creación dun plan estratéxico a nivel nacional para abordar o problema da hepatitis C, unha demanda das mocións presentadas polos diferentes grupos municipais.

Así mesmo, indica que se creou un comité de persoas expertas, para a definición desa estratexia, e a elaboración dun plan estratéxico que asegure o acceso dos/as pacientes á medicación necesaria.

Informa que dende o grupo municipal do PP, puxéronse en contacto, no día de onte, co secretario xeral do Ministerio de Sanidade, o Dr. Rubén Moreno, quen anunciou que a vindeira semana entregarase ao Ministerio un borrador do plan elaborado polo comité de expertos, para a súa inmediata presentación ao Consello Interterritorial de Saúde.

Deste xeito, agarda que no vindeiro pleno se solicite, se informe, e se aprobe a intervención do colectivo de pacientes que asistan ao pleno, co fin de obter información máis concreta e detida en base aos contidos dos plan, e á estratexia elaborada dende o Ministerio, que tanto a Consellería de Sanidade como o SERGAS, cumprirán escrupulosamente.

O Sr. alcalde-presidente dá paso á toma en consideración da seguinte moción do PSdeG-PSOE, relativa ao colapso no servizo de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Polo Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, procédese a defender a urxencia da devandita moción:

Denuncia un novo colapso producido no servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, fai uns días, como resultado da política de desmantelamento que está a levar a cabo a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde. Asegura que a falta de persoal sumada á redución do número de camas en planta, provocou que as persoas que acudían ao servizo, tiveran que esperar durante horas para poder ser atendidas, ingresadas en planta, ou acceder á alta hospitalaria.

Manifesta que o grupo municipal socialista ten exposto, en multitude de ocasións, o que está a acontecer coa sanidade pública no CHUS, un dos centros máis afectados polas políticas do PP no SERGAS: a redución de persoal, o peche de camas, e as derivacións a centros privados.

Ante esta situación, pola falta de substitucións de profesionais, e polo déficit de infraestruturas, di que tanto os sindicatos como os profesionais deron conta do seu descontento, e alertaron dos graves efectos negativos que poden ter sobre a asistencia aos cidadáns.

Por todo iso, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Esixir a convocatoria inmediata e urxente do Consello de Saúde da área Sanitaria de Santiago e a comparecencia, así mesmo urxente, do xerente da Área Integrada de Sanidade de Santiago para que informe sobre o colapso das urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

2.- Esixir á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego da Saúde que tome as medidas suficientes para evitar un novo colapso e reverter a situación creada no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Trala exposición do **Sr. Reyes Santiás**, o **Sr. alcalde-presidente** dá paso á votación da urxencia co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 0

Abstencións: 13 PP

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Santiago, **relativa ao colapso no servizo de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS)**, non procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Dentro do turno de explicación do voto, a **Sra. González Vázquez, concelleira do grupo municipal do PP**, lembra que a conselleira de sanidade compareceu no Parlamento de Galicia nun pleno extraordinario o pasado martes día 27, para explicar a situación dos servizos de urxencias dos hospitais galegos, entre os que se atopa o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Así, entende que se deu por cumprida a demanda do grupo municipal socialista, así como toda a información precisa sobre o acontecido nas urxencias dos hospitais galegos en relación ao pico da gripe, que se produciu antes do esperado este ano.

E non sendo outro o obxecto da sesión, o **Sr. alcalde-presidente** deuna por finalizada sendo as **19 horas e 15 minutos** do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario

Agustín Hernández Fernández de Rojas

Juan Manuel Salguero del Valle.